

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL DO DÍA 24 DE MARZO DE 2023.

PRESIDENTE:

D. CARLOS LÓPEZ FONT.

VOGAIS:

D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.
DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL.
DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS.
D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ (*En substitución de Dona OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS*).
DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO (*En substitución de D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ*).
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.
DON IGNACIO MARIL PARDO.
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.
D. JAVIER TOURÍS ROMERO.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA.

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as 12,00 horas do día 24 de marzo de 2023 asisten, baixo a Presidencia de D. Carlos López Font Presidente da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asisten a Deputada, Dona Olga María García Ballesteros e o Deputado D. Gregorio Agís Gómez) sendo substituídos polo Deputado, D. Manuel González Martínez e pola Deputada, Dona Iria Lamas Salgueiro, respectivamente.

Asisten o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS REUNIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2023 E A EXTRAORDINARIA DO DÍA 1 DE MARZO DE 2023.**



Sometido a votación o asunto, apróbanse por unanimidade as actas das reunións da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, correspondentes á ordinaria do día 17 de febreiro de 2023 e a extraordinaria do día 1 de marzo de 2023.

2. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE DA FINCA DE LOURIZÁN PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA. (EXPTES.- 2023020737-2023011587).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre á aprobación inicial do expediente de transmisión da titularidade da finca de Lourizán propiedade da Deputación de Pontevedra a favor da Xunta de Galicia, asinada conxuntamente polo Técnico Adxunto a Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, con data 17 de marzo de 2023 e polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, con data 20 de marzo de 2023, cuxo contido é o seguinte:

“A Deputación de Pontevedra é propietaria do pleno dominio da Finca de Lourizan, localizada en San Andrés de Lourizán (estrada PO-546), no termo municipal de Pontevedra.

Dita finca figura inscrita no Inventario de Bens e Dereitos de Deputación co epígrafe “1.2.00011: Terrenos de la granja de Lourizán”, coa cualificación xurídica de ben demanial de servizo público e nela ubícanse diferentes edificacións que tamén figuran inscritas no Inventario de Bens provincial (Pazo de Lourizan, Escola de capataces, Invernadoiro, laboratorio, etc.)

A finca de Lourizan figura rexistrada no Rexistro da Propiedade como titularidade da Deputación de Pontevedra cos seguintes datos: finca 18.469 do municipio de Pontevedra (CRU: 36014000132260). Inscripción: Tomo: 565 Libro: 217 Folio: 54 inscrición 1ª de fecha 16 outubro de 1971, en virtude de documento administrativo expedido pola Deputación de Pontevedra. Descrición: “RUSTICA- FINCA Y PALACIO DE LOURIZAN, en la parroquia de Lourizan, término municipal de Pontevedra, teniendo su entrada principal por la carretera que de Pontevedra conduce a Cangas. Con una superficie de cuarenta y siete hectáreas y cincuenta áreas. La parte edificada la ocupa el Palacio y tras edificaciones como son la Escuela de Capataces, almacén, taller, laboratorio, garaje y edificaciones supletorias; la rústica, está dedicada a jardín, vivero forestal, cultivo agrícola, eucalipto y pinar y monte, formando todo una sola finca que comprende la granja de la Sierra, de Blanco y Mantequero, Monte do Signo y Moa, todo ello cerrado por un muro y el camino que conduce a Agrovello. Linda: Norte, propiedad de Iglesias y fincas particulares; Sur, muro de cierre: Este, más muro y monte Lourizan, y Oeste, carretera de Pontevedra a Cangas de Morrazo



A finca foi adquirida pola Deputación de Pontevedra en 1943 mediante compra á Caixa de Aforros e á Marquesa de Alhucemas, correspondendo unha quinta parte á marquesa, e o resto á Caixa de Aforros, formalizándose a escritura pública de compravenda en data 8 de outubro de 1943. Está situada a 3 kms. de Pontevedra na marxe esquerda da estrada de Pontevedra a Marín. Ten unha superficie de aprox. 50 hectáreas e dentro dela atópanse o Pazo e edificacións anexas, a escola de capataces, un invernadoiro, edificios de laboratorios e dirección, almacéns, etc.

O 3 de novembro de 1943 o Pleno da Deputación acordou ceder a título gratuito e por un prazo de 20 anos ao Estado para instalar un Centro Regional de Enseñanzas e Investigaciones y Experiencias Forestales (C.R.E.I.E.F.) a finca titulada “Granxa da Serra” composta polo pazo principal e outras edificacións e cunha superficie de algo máis de 39 hectáreas, cedendo tamén ó C.R.E.I.E.F. a finca “Touza” a labradío-regadío de 30 áreas. Posteriormente por acordo do Pleno da Deputación en sesión do 25 de setembro de 1952 acordouse prorrogar esta cesión por un prazo de 50 anos.

O 7 de maio de 1975 asinouse un convenio de colaboración en materia de investigación agraria entre o Instituto Nacional de Investigacións Agrarias (I.N.I.A.) e a Deputación de Pontevedra, polo que ésta cedeu ao I.N.I.A. 35 hectáreas das que integraban a totalidade da finca inicialmente cedida ao C.R.E.I.E.F.

No ano 1984 transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos do Estado en materia de investigación agraria e con iso a cesión da finca de Lourizan (R.D. 3424/1983 - BOE 11 de febreiro de 1984), mantendo a Deputación a libre disposición de parte da finca e manténdose o C.R.E.I.E.F.

O 22 de xaneiro de 1991 a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra formalizaron un convenio polo que esta última cedeulle o resto da finca por 30 anos, completando as 54 Has. de superficie, autorizando obras de nova planta e comprometéndose a achegar unha cantidade mínima de 5.000.000 pts/ano para formación de bolseiros, así como a financiar programas de investigación a cambio da integración de todo o persoal que tiña o CREIEF, que queda extinguido como organismo.

Posteriormente, en data 21 de xaneiro de 2000 ambas Administracións formalizaron un novo convenio coa finalidade de adaptar o anterior convenio de cesión da finca de Lourizan inicial asinado en 1991 á nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e ao novo enfoque do Centro de Investigacións existente na finca. Dito acordo mantivo a duración do convenio de 1991 establecido en 30 anos con prórroga automática salvo denuncia por algunha das partes.



O 6 de xullo de 2022 a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia asinaron un protocolo Xeral de intencións para a transmisión da titularidade da Finca de Lourizan e da Escola de Cantería de Pontevedra á Comunidade Autónoma de Galicia. Dito protocolo establece que a Deputación e a Xunta de Galicia teñen interese común e compartido en que esta última asuma a titularidade da Finca Lourizan de propiedade da Deputación para os mesmos fins determinantes da afectación ou para outros fins de uso xeral ou de servizo público de competencia da receptora dos bens ou dereitos, e ambas partes manifestan o interese mutuo en iniciar os trámites para formalizar a súa transferencia á Xunta de Galicia.

Visto o informe do técnico adxunto á xefatura de servizo de Contratación Facenda e Patrimonio e data 06/03/2023 (CSV: NOMN7TMWEV9IN1AA), que conclúe ó seguinte:

“(…) 5.- CONCLUSIONÍS

1.- Polo exposto no presente informe, e tendo en conta a lexislación e consideracións xurídicas nel indicadas, cabería a transmisión, por parte da Deputación de Pontevedra a favor da Xunta de Galicia, da titularidade da finca de Lourizan a través da figura da transmisión entre Administracións Públicas de bens inmobles e dereitos demaniais recollida no artigo 29 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa condición de destinar ós mesmos a fins de servizo público da súa actual afectación ou ben a outros fins de uso xeral ou servizo público da súas respectivas competencias.

2. O valor da finca de Lourizan según os datos do Inventario de Bens e Dereitos provincial é a seguinte:

Valor terreo Finca Lourizan	1.845.107,16 €
Valor construcións Finca Lourizan	1.776.153,04 €
Valor Total Finca Lourizan (terreo+construcións)	3.621.260,20 €

3.- En relación ó procedemento para a tramitación da transmisión da titularidade dos bens demaniais, en defecto de regulación no R.D.1372/1986 de 13 de xuño Regulamento de Bens das Entidades Locais (REBEL) e normativa autonómica propia de aplicación ás entidades locais, proponse acudir, por aplicación analóxica ós trámites previstos no artigo 110 do REBEL para as cesións gratuitas de bens patrimoniais, con adopción dun acordo de aprobación inicial con trámite de exposición pública por un período de 20 días hábiles, para presentación de alegacións polas persoas interesadas, entendéndose definitivo en caso de que non se presentaran alegacións ó acordo inicial de transmisión dos bens en dito período de exposición pública.

4.- A transmisión da titularidade da finca Lourizan debe condicionarse ó cumprimento por parte da Xunta de Galicia da obriga de manter a afectación dos inmobles ós actuais fins de servizo público ou ben a outros fins de uso xeral ou servizo público das súas



respectivas competencias, así como preservar a integridade física da finca. O incumprimento destas condicións motivará a resolución da cesión e a reversión automática a favor da Deputación de Pontevedra dos bens transmitidos

5.- A transmisión da titularidade deberá acordarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, previa instrución dun expediente coa tramitación establecida no artigo 110 do REBEL.

6. A formalización da transmisión da titularidade deberá efectuarse mediante un acta de entrega e recepción a asinar entre as partes”.

Visto o informe da Secretaría Xeral de data 15/03/2023 (CSV: RVJHITYCKFY26N1H), que conclúe o seguinte:

“(…) CONCLUSIÓN:

- Préstase conformidade á proposta mutación demanial subxectiva das parcelas e inmobles da Finca Lourizán da Deputación Provincial de Pontevedra á Xunta de Galicia, tendo en conta o informe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio no que se constata o carácter gratuíto e a existencia dun interese xeral de afectación ao servizo público na súa finalidade.

- Debería contarse coa conformidade da Xunta de Galicia respecto das condicións estipuladas no borrador de Acordo polo que se realiza a presente mutación dos bens, dada a existencia dunha serie de obrigas e compromisos das partes.

- Previamente á súa aprobación, procede á fiscalización de Intervención, dada a afección patrimonial que o expediente supón (art. 214 do TRLFL e art. 7 do RD 424/2017, de 28 de abril).

- O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Deputación, requiríndose o quórum da maioría absoluta para elo”

Visto o informe da Viceinterventora, de data 16/03/2023 (CSV: 2HEJPKVCGXBLV3IH), de fiscalización do expediente que conclúe o seguinte:

“(…) CONCLUSIÓN

Á vista do exposto infórmase favorablemente o expediente de transmisión da titularidade da Finca de Lourizán coas edificacións existentes a favor da Xunta de Galicia para vinculación a usos e servizos públicos de competencia autonómica.”

Visto o informe complementario do técnico do servizo de Contratación Facenda e Patrimonio de data 17/03/2023, que conta co conforme da Secretaría Xeral, relativo á



conformidade da Xunta de Galicia co borrador do presente acordo de aprobación inicial do expediente de transmisión da titularidade da finca de Lourizan.

Considerando o establecido no artigo 29 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e a tramitación administrativa prevista no artigo 11o do R.D.1372/1986 de 13 de xuño Regulamento de Bens das Entidades Locais (REBEL)

Considerando o establecido nos artigos 33.2.ñ) e 47.2 ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

*O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital **ACORDA:***

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de transmisión da titularidade da finca Lourizan a favor da Xunta de Galicia, con todas as construcións e edificacións ubicadas no seu contorno, cuxa descrición rexistral é a seguinte:

- *Finca 18.469 do municipio de Pontevedra (CRU: 36014000132260).*
- *Inscrición: Rexistro da Propiedade nº 1 de Pontevedra no Tomo: 565, Libro: 217, Folio: 54, inscrición 1ª de data 16 outubro de 1971, en virtude de documento administrativo expedido pola Deputación de Pontevedra.*
- *Descrición: "RUSTICA- FINCA Y PALACIO DE LOURIZAN, en la parroquia de Lourizan, término municipal de Pontevedra, teniendo su entrada principal por la carretera que de Pontevedra conduce a Cangas. Con una superficie de cuarenta y siete hectáreas y cincuenta áreas. La parte edificada la ocupa el Palacio y tras edificaciones como son la Escuela de Capataces, almacén, taller, laboratorio, garaje y edificaciones supletorias; la rústica, está dedicada a jardín, vivero forestal, cultivo agrícola, eucalipto y pinar y monte, formando todo una sola finca que comprende la granja de la Sierra, de Blanco y Mantequero, Monte do Signo y Moa, todo ello cerrado por un muro y el camino que conduce a Agrovello. Linda: Norte, propiedad de Iglesiasario y fincas particulares; Sur, muro de cierre: Este, más muro y monte Lourizan, y Oeste, carretera de Pontevedra a Cangas de Morrazo*

O valor da finca de Lourizan a efectos do Inventario de Bens e Dereitos provincial é a seguinte:

<i>Valor terreo Finca Lourizan</i>	<i>1.845.107,16 €</i>
<i>Valor construcións Finca Lourizan</i>	<i>1.776.153,04 €</i>



Valor Total Finca Lourizan (terreo+construcións)	3.621.260,20 €
---	-----------------------

SEGUNDO.- A presente transmisión da titularidade da finca Lourizan queda condicionada á obriga por parte da Xunta de Galicia de manter a afectación dos inmobles ós actuais fins de servizo público ou ben a outros fins de uso xeral ou servizo público das súas respectivas competencias, sen prexuízo da realización doutras actividades complementarias, coma as turísticas, divulgativas e recreativas entre outras, así como preservar a integridade física da finca. O incumprimento destas condicións motivará a resolución da cesión e a reversión automática a favor da Deputación de Pontevedra dos bens transmitidos.

TERCEIRO.-Este acordo de aprobación inicial do expediente de transmisión da titularidade da finca Lourizán a favor da Comunidade Autónoma de Galicia exporase ó público para os efectos de alegacións e reclamacións, por un período de vinte días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente

No caso de que non se formularsen alegacións ou reclamacións ó expediente durante o prazo de exposición pública, o expediente de transmisión da titularidade da finca Lourizan entenderase definitivamente aprobado.

CUARTO.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra, para que en nome e representación desta Deputación, proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo asinada conxuntamente polo Técnico Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, con data 17 de marzo de 2023 e polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, con data 20 de marzo de 2023, obtendo o seguinte resultado:

1. Votos a favor: (17), sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo



provincial do Partido Popular, e dous (2) do grupo provincial do BNG.

2. Votos en contra: (0), ningún.

3. Abstencións: (0), ningunha

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina favorablemente a proposta de acordo relativa á aprobación inicial do expediente de transmisión da titularidade da finca de Lourizán propiedade da Deputación de Pontevedra a favor da Xunta de Galicia, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do grupo provincial do Partido Popular e do BNG.

3. APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO QUE REGULA AS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE.- 2023020740.-2022014922.-2020022322).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre á aprobación da segunda prórroga do acordo marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, asinada polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, con data 20 de marzo de 2023, cuxo contido é o seguinte:

“Resultando.- Que o Pleno da Deputación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de marzo de 2021 acordou adxudicar o procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco para regular as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, para o ano 2021, de acordo co seguinte detalle:

LOTE 1- ZONA A

<i>EMPRESA</i>	<i>IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)</i>
<i>CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.</i>	<i>638.183,75 €</i>



Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do 17,50 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

LOTE 2- ZONA B

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
UTE GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING S.L.U.,- CANARGA, S.L.	867.894,27 €

Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do 16,60 %O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

LOTE 3- ZONA C

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L	634.094,29 €

Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do 14,61 %O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

LOTE 4.- ZONA D

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	878.598,11 €

Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do 17,10 %O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

LOTE 5.- ZONA E

EMPRESA	IMPORTE ETIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	723.075,87 €



Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do 15,395 %O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

LOTE 6.- ZONA F

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	689.072,94 €

Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do 15,189 %O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na sesión ordinaria do día 28 de maio de 2021 adoptou un acordo para corrixir un erro detectado no lote número 5 que afectaba a porcentaxe de baixa, sendo a correcta a de 15,730%, en lugar de 15,395 % que figuraba no acordo do día 26 de marzo de 2021.

Resultando.- Que o mesmo órgano, na súa sesión ordinaria de data 25/03/2022 acordou aprobar a primeira prórroga do acordo marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación.

Resultando.- Que a entrada en vigor desta primeira prórroga para os contratos dos lotes 1, 3, 4, 5 e 6 foi o día 4 de maio de 2022, e para o lote 2 foi o día 28 de maio de 2022.

Resultando.- Que en escrito que consta no expediente con (CSV) WP9WQGNL6T2B1EBM, do xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado desa área (CSV) WP9WQGNL6T2B1EBM, recollese que dada a proximidade da fin da vixencia dos diversos contratos do Acordo marco de referencia e considerando a necesidade de conservar e preservar as características superficiais e estruturais dos firmes da rede de estradas provinciais pendentes de actuar, tanto por motivos de vialidade como por motivos de seguridade viaria, faise necesario prorrogar o devandito acordo marco, polo período de UN (1) ANO.

Resultando que o importe estimado anual da prórroga (IVE incluído) para cada un dos lotes do acordo marco é o seguinte:

Importe Total	Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 4	Lote 5	Lote 6
	638.183,75 €	867.894,27 €	634.094,29 €	878.598,11 €	723.075,87 €	689.072,94 €



Resultando.- Que pola Intervención expedíronse os seguintes documentos RC certificando a existencia de crédito para facer fronte os gastos desta prórroga:

LOTE	Nº OPERACION	IMPORTE	APLICACION ORZAMENTARIA
1	202300048880	638.183,75 €	23/456.4530.612.01
2	202300048881	867.984,27 €	23/456.4530.612.01
3	202300048882	634.094,27 €	23/456.4530.612.01
4	202300048883	878.598,11 €	23/456.4530.612.01
5	202300044884	723.075,87 €	23/456.4530.612.01
6	202300048885	689.072,94 €	23/456.4530.612.01

Resultando.- Que consta no expediente preaviso notificado as empresas contratistas coa antelación mínima esixida na LCSP, sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para o contratista.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto (CSV) HTH1CCXW5FEF9WWP, emitido polo Xefe do Servizo de Contratación, o Secretario Xeral e o Interventor da Deputación de Pontevedra do Servizo de Contratación, Secretaría e Intervención, no que se informa favorablemente proposta de prórroga do acordo marco.

Considerando.- Que a cláusula 7.1 do Prego de cláusulas económico administrativas que rexeu nesta contratación establece que, a duración do acordo marco será dun ano a contar dende a data da súa formalización, establecendo que o acordo marco poderase prorrogar ata tres veces por períodos de un ano.

Considerando que o artigo 219.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público establece en relación á duración dos acordos marco, que “A duración dun acordo marco non poderá exceder de catro anos, salvo en casos excepcionais, debidamente xustificados...”

Considerando.- Que o artigo 29.2 da LCSP establece que “A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”.

Á vista do exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, ACORDA:



1. Aprobamos a segunda do acordo marco que regula de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, de acordo co seguinte detalle:

LOTE 1- ZONA A.	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	638.183,75 €
<i>Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 17,50 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM</i>	

LOTE 2 – ZONA B	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
UTE GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING S.L.U.,- CANARGA, S.L.	867.894,27 €
<i>Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 16,60 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.</i>	

LOTE 3 – ZONA C.	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L	634.094,29 €
<i>Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 14,61 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM</i>	

LOTE 4 – ZONA D.	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	878.598,11 €
<i>Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 17,10 % O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM</i>	

LOTE 5 – ZONA E.	
EMPRESA	IMPORTE ETIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	723.075,87 €



Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 15,730 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

LOTE 6 – ZONA F.	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	689.072,94 €
<i>Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 15,189 % O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.</i>	

A entrada en vigor desta segunda prórroga do acordo marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para os contratos dos lotes 1, 3, 4, 5 e 6 será o día 4 de maio de 2023 e para o lote 2 o día 28 de maio de 2023.

2. *Autorizar un gasto por un importe global de 4.430.919,23 € IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, e de acordo co seguinte detalle:*

<i>Lote 1</i>	<i>Lote 2</i>	<i>Lote 3</i>	<i>Lote 4</i>	<i>Lote 5</i>	<i>Lote 6</i>
<i>638.183,75 €</i>	<i>867.894,27 €</i>	<i>634.094,29 €</i>	<i>878.598,11 €</i>	<i>723.075,87 €</i>	<i>689.072,94 €</i>

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo asinada polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, con data 20 de marzo de 2023, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular, e dous (2) do grupo provincial do BNG.

- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.



3. Abstencións: (0), ningunha

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina favorablemente a proposta de acordo relativa á aprobación da segunda prórroga do acordo marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do grupo provincial do Partido Popular e do BNG.

4. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 3/2023. (EXPTES.- 2023020779 - 2023017573).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 3/2023, asinada polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos, con data 21 de marzo de 2023, e na que figura o conforme do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, cuxo contido é o seguinte:

“O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 03/2023. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.03/23), por importe de 554.248,29 euros, suplementos de créditos (SUP.03/23), por importe de 1.659.274,24 euros e modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- *Crédito extraordinario (EXT. 03/23), parte con baixas por anulación por importe de 310.000,00 euros, e achegas “en formalización” do concello da Illa de Arousa, correspondentes aos reinvestmentos do proxecto denominado “RINF_23-05765_ILLA DE AROUSA”, cuxo detalle indícase posteriormente.*
- *Os suplementos de créditos (SUP. 03/23), fináncianse na súa totalidade con baixas por anulación das aplicacións que manteñen créditos que se estiman reducibles sen perturbar os correspondentes servizos.*

Resultando que a Intervención emite informe de data 21 de marzo de 2023, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.



Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 03/2023.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 03/2023 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.03/23) por importe de 554.248,29 euros, suplementos de créditos (SUP.03/23) por importe de 1.659.274,24 euros, financiados con baixas por anulación por un importe total de 1.969.274,24 euros, con maiores ingresos correspondentes a reinvestimentos na cantidade de 244.248,29 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 03/23”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-3410-762,99	A CONCELLOS, PROGRAMA TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE _COOPERACIÓN. (Achegas aos concellos para afrontar os traballos de preparación da documentación para presentar solicitudes de subvención de proxectos de interese municipal, nas convocatorias de subvencións con fondos Next Generation UE, para fomentar o turismo deportivo sostible).	295.000,00 €
942-4332-489.10	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, EMPRENDEMENTO_COOPERACIÓN (Achega á Asociación Galega de Emprendedores (TIC E TIC), NIF. [G-70.359.310];convenio de promoción do emprendemento no ámbito do sector TIC: 15,000€).	15.000,00 €
942-9420-762,25	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS _ COOPERACIÓN (RINF_23-05765_ ILLA DE AROUSA_ Investimentos Concello da Illa de Arousa: MELLORA NO CAMIÑO DE ACCESO Á AREA DE SECADA, NO ENTORNO DO MONTE E DO SANTO 48.097,50€; MELLORA DA RODADURA EN TRAVESÍA AVDA DA PONTE, BARNAL DOS LAGOS, BARNAL E SALGUEIRAL 48.012,80€; RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NA RÚA CHARCO 48.375,65€; REPOSICIÓN DE SOLADO DA TRAVESÍA DAS HEDRAS E PORTIÑO 30.758,20€; LIQUIDACIÓN NA ADDENDA DO CONVENIO AVENIDA CASTELAO 69.004,14€)	244.248,29 €
	Total Créditos Extraordinarios...	554.248,29 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 03/23:



- A) O Programa de achegas a “Concellos para Turismo Deportivo Sostible” e a subvención nominativa a favor da “Asociación Galega de Emprendedores (TIC e TIC)”, finánciase con baixas por anulacións de aplicacións que manteñen créditos que se estiman reducibles sen perturbar os correspondentes servizos, co detalle seguinte:

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9420-226.99	GASTOS DIVERSOS, OUTROS_COOPERACIÓN	-15.000,00 €
942-9420-762.99/2022	A CONCELLOS, PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS_COOPERACIÓN	-295.000,00 €
	Total Baixas por Anulacións...	-310.000,00 €

- B) O Proxecto: 2021003954 PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVDA. CASTELAO. EP 9803, recibiu unha subvención do IDAE, MMRR (UE)2021/241, supoñendo un sobranse das achegas iniciais do Concello da Illa de Arousa con cargo ao POS21 e 22 de 244.248,29€. Este sobranse destinase a un proxecto nominativo denominado “RINF_23-05765_ILLA DE AROUSA”, co detalle dos investimentos indicados. Aportando o concello da Illa de Arousa dita achega “en formalización” con cargo ao sobranse sinalado de acordo coas bases do POS/22_23 .

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
456-762,25	ACHEGAS DO CONCELLO DA ILLA DE AROUSAS A PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS (Reinvestimento menor achega ao proxecto 2021003954 PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVDA. CASTELAO. EP 9803)	244.248,29 €
	TOTAL...	244.248,29 €

2. Suplemento de Crédito “SUP. 03/22”:



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-2410-226,06	REUNIÓN, CONFERENCIAS E CURSOS _FOMENTO DE EMPREGO [Convenio de colaboración coa Fundación Escola de Organización Industrial EOI - FSP, para desenvolver a actividade: "Coworking"].	29.889,80 €
250-2315-480,01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES _IGUALDADE [Aumento da achega a Asociación O Soño de lillith (G94133907); actividades de fomento dá igualdade e loita contra a violencia de xénero: "Festivala mulleres creando"]	7.740,00 €
942-9420-762,14	A CONCELLOS -INVESTIMENTOS EN CONVENIO VIGO-PONTEVEDRA _COOPERACIÓN	1.621.644,44 €
	Total Suplementos de Créditos...	1.659.274,24 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 03/23:

Os importes correspondentes ao suplemento fináncianse na súa totalidade con baixas por anulación de aplicacións que manteñen créditos que se estiman reducibles sen perturbar os correspondentes servizos, co detalle seguinte:

Contabilizándose as seguintes operacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
250-2315-227,07	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, PROXECTOS PROMOCION IGUALDADE	-7.740,00 €
942-9420-762,14/2020	A CONCELLOS -INVESTIMENTOS EN CONVENIO VIGO-PONTEVEDRA _COOPERACIÓN (Subvención/Convenio 2020049220, co Concello de Pontevedra para levar a cabo a execución do Campo de fútbol de Salcedo)	-1.621.644,44 €
942-9420-762.99/2022	A CONCELLOS, PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS _COOPERACIÓN	-29.889,80 €
	TOTAL...	-1.659.274,24 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	1.659.274,24 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	554.248,29 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-1.969.274,24 €
TOTAL INGRESOS "REINVESTIMENTO"...	244.248,29 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS



Capítulo 7º Transferencias de capital.	244.248,29 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	244.248,29 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...	244.248,29 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	7.149,80 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	22.740,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	214.358,49 €
GATOS NON FINANCEIROS...	244.248,29 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...	244.248,29 €

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo como subvencións nominativas, a seguinte:

942- COOPERACIÓN

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
23/942-4332-489.10	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, EMPENDEMENTO _COOPERACIÓN	15.000,00 €	
G-70.359.310	Asociación Galega de Emprendedores (TIC e TIC)	15.000 €	Promoción do emprendemento no ámbito do sector TIC

Onde se establecía:

250 - IGUALDADE

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO INICIAL	Obxecto e finalidade
23/250-2315-480,01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	345.760,00 €	
G94133907	Asociación O Soño de lillith	7.260 €	Fomento da igualdade e loita contra a



			violencia de xénero: "Festivala mulleres creando"
--	--	--	--

Modifícase polo seguinte:

250 - IGUALDADE

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
23/250-2315-480,01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	353.500,00 €	
G94133907	Asociación O Soño de lillith	15.000 €	Fomento da igualdade e loita contra a violencia de xénero: "Festivala mulleres creando"

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 03/2023 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.03/23), por importe de 554.248,29 euros e suplementos de créditos (SUP.03/23) por importe de 1.659.274,24 euros mais as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 03/2023, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo."

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo asinada polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos, con data 21 de marzo de 2023, e na que figura o conforme do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, obtendo o seguinte resultado:



1. **Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina favorablemente a proposta de acordo relativa á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 3/2023, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do grupo provincial do Partido Popular e do BNG.

5. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DAS RELACIÓNS INTERADMINISTRATIVAS CONSECUENCIA DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS OU ENCOMENDA DE FUNCIÓNS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O SEU EXERCICIO POLO ÓRGANO DESCENTRALIZADO ORAL. (EXPTE.- 2023020789 - 2023011383).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial da ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación para o seu exercicio polo ORAL, asinada pola Directora de Xestión dos Servizos do ORAL, con data 21 de marzo de 2023, cuxo contido é o seguinte:

Antecedentes

Pola Directora de Xestión dos Servizos do ORAL, no exercicio das competencias que ten asignadas, recollidas na base 7-bis da disposición adicional V das bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra, tomadas en acordo plenario de data 25/11/2022 (BOPPo núm. 238, do 15 de decembro do 2022) e a Resolución da Presidenta nº 24866 de data 27 de decembro do 2018, remítese para informe do Servizo Xurídico Tributario e a Secretaría Xeral da Deputación a proposta da "Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de



competencias ou encomenda de funcións na Deputación provincial de Pontevedra, para o seu exercicio polo órgano desconcentrado ORAL” que informa favorablemente a aprobación inicial da citada ordenanza

Incorporase ao expediente documentación acreditativa da consulta pública previa efectuada a teor disposto no artigo 133 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e informes de Tesouraría de data 09/03/2023 e 20/03/2023.

Fundamentos de dereito

A Deputación de Pontevedra, a través do órgano desconcentrado ORAL (establecido no artigo 54.bis do Regulamento de Organización da Deputación (BOPPO número 28 de 10 de febreiro de 2022) exerce funcións delegadas de xestión, recadación e inspección dun total de 54 concellos, así como as derivadas de 32 acordos coas entidades locais en materia de prestación de servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico.

A presente Ordenanza se dita co fin de establecer nun só texto regulamentario o contido material do exercicio común das competencias delegadas ou encomendadas a esta Deputación e as relacións administrativas derivadas das mesmas.

Tal e como se establece na súa exposición de motivos, a regulación ao respecto das normas comúns, tanto substantivas como procedimentais son as establecidas no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como na normativa de desenvolvemento das mesmas que se estruturan a través da Ordenanza Fiscal Xeral do Órgano de Xestión Tributaria e Recadación de Recursos Locais (ORAL) da Deputación de Pontevedra; na Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polos Servizos de Xestión, Inspección e Recadación que se prestan na Deputación ou normativa que a complementa ou substitúa, no referente á regulación das contraprestacións polos servizos efectuados e, por último, no Regulamento de Prestación do Servizo de Colaboración no Procedemento Sancionador en Materia de Tráfico (BOPPO número 20, de 30 de xaneiro de 2020), no referente a esta materia



A ordenanza refunde nun só texto normativo o réxime xurídico aplicable ás delegacións de competencias en materia de ingresos públicos e encomendas de xestión nas materias competenciais do ORAL, incluído o disposto no Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico (BOPPO 20, 30 de xaneiro de 2020), omitindo tamén a transcripción literal da normativa estatal de directa aplicación e substituíndoa pola mera remisión á mesma.

Os obxectivos básicos desta regulación son os de incrementar o grado de transparencia, a eficiencia e axilidade na materialización dos procedementos de delegación, recompilando nun só texto, a expresión minuciosa da forma de exercicio das competencias que se deleguen e limitando a técnica conxenia a aqueles supostos específicos en que sexa de obriga tal formalización, ben por tratarse de encomendas de xestión ou por ter como obxecto a regulación de contidos específicos, derivados de situacións excepcionais relacionadas coa adscrición de medios materiais ou persoais no ámbito do exercicio das competencias que se pretende delegar.

A aprobación das ordenanzas é competencia exclusiva e non delegable do Pleno, pois se efectúa no exercicio da atribución regulada no artigo 33.2.b) da LRBRL.

A súa tramitación, axustarase ao procedemento establecido nos artigos 49 e 70 da LRBRL e 56 do TRRL

Pola Directora de Xestión dos Servizos do ORAL, no exercicio das competencias que ten asignadas, recollidas na base 7-bis da disposición adicional V das bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra, tomadas en acordo plenario de data 25/11/2022 (BOPPo núm. 238, do 15 de decembro do 2022) e a Resolución da Presidenta nº 24866 de data 27 de decembro do 2018 propón ao Deputado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, unha vez se incorporen os oportunos informes, que propoña ao Pleno da Deputación a adopción do acordo provisional de aprobación da “Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación provincial de Pontevedra, para o seu exercicio polo órgano desconcentrado ORAL”, segundo o seguinte teor:

PROPOSTA DE ACORDO



PRIMEIRO: *Aprobar provisionalmente, o texto da “Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación provincial de Pontevedra, para o seu exercicio polo órgano desconcentrado ORAL” co seguinte tenor literal:*

DELEGACIÓN DE

COMPETENCIAS OU ENCOMENDA DE XESTIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O SEU EXERCICIO POLO ÓRGANO DESCONCENTRADO ORAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece no seu artigo 106.3 a competencia das entidades locais para a xestión, recadación e inspección dos seus tributos propios, sen prexuízo das delegacións que poidan outorgar a favor das entidades locais de ámbito superior ou das respectivas comunidades autónomas e das fórmulas de colaboración con outras entidades locais, coas comunidades autónomas ou co Estado, de acordo co que estableza a lexislación do Estado.

Á súa vez, o artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dispón que “as entidades locais poderán delegar na comunidade autónoma ou noutras entidades locais en cuxo territorio estean integradas, as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tributarias que esta Lei atribúelles”, así como tamén “as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos restantes ingresos de Dereito público que lles correspondan”.

En termos semellantes se pronuncian os artigos 8 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación e 8 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que contempla tamén a posibilidade de colaboración entre administracións no que ao ámbito de aplicación dos tributos e demais recursos se refire.

Son competencias desta Deputación de conformidade co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, “(...) en todo caso, as seguintes: b) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos



Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión (...)” e “(...) f) Asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria, en período voluntario e executivo, e de servizos de apoio á xestión financeira dos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.....”. De xeito similar se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia ao establecer que serán, en calquera caso, competencia das Deputacións Provinciais “prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión”.

A Deputación de Pontevedra, a través do órgano desconcentrado ORAL (establecido no artigo 54.bis do Regulamento de Organización da Deputación (BOPPO número 28 de 10 de febreiro de 2022) exerce competencias delegadas de xestión, recadación e inspección dun total de 54 concellos, así como as derivadas de 32 acordos coas entidades locais en materia de prestación de servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico.

A presente Ordenanza se dita co fin de establecer nun só texto regulamentario o contido material do exercicio común das competencias delegadas ou encomendadas a esta Deputación e as relacións administrativas derivadas das mesmas.

A regulación ao respecto das normas comúns, tanto substantivas como procedimentais son as establecidas no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como na normativa de desenvolvemento das mesmas que se estruturan a través da Ordenanza Fiscal Xeral do Órgano de Xestión Tributaria e Recadación de Recursos Locais (ORAL) da Deputación de Pontevedra; na Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polos Servizos de Xestión, Inspección e Recadación que se prestan na Deputación ou normativa que a complemente ou substitúa, no referente á regulación das contraprestacións polos servizos efectuados e, por último, no Regulamento de Prestación do Servizo de Colaboración no Procedemento Sancionador en Materia de Tráfico (BOPPO número 20, de 30 de xaneiro de 2020), no referente a esta materia.

A ordenanza refunde nun só texto normativo o réxime xurídico aplicable ás delegacións de competencias en materia de ingresos públicos e encomendas de xestión nas



materias competenciais do ORAL, incluído o disposto no Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico (BOPPO 20, 30 de xaneiro de 2020), omitindo tamén a transcripción literal da normativa estatal de directa aplicación e substituíndoa pola mera remisión á mesma.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, conforme ao seu preámbulo, pretende a regulación “ad intra” do funcionamento interno de cada Administración e das relacións entre elas, establecendo os principios xerais de actuación e as técnicas de relación entre os distintos suxeitos públicos, dispoñendo no seu artigo 3.1 que “as Administracións públicas (...) deberán respectar na súa actuación os seguintes principios: k) Cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”, facendo referencia no parágrafo segundo do artigo 8.1 que a delegación de competencias e/ou as encomendas de xestión non alteran en ningún caso a titularidade das competencias de aquel que as teña como propias.

No artigo 8 da citada Lei 40/2015 se establece a irrenunciabilidade da competencia dos órganos das administracións públicas que a teñan atribuída, sinalando que nos casos de delegación ou encomenda, a titularidade da competencia non resultará alterada pero si o estarán os elementos determinantes do seu exercicio. Pola súa parte, os artigos 9 e 10 da mesma norma se refiren á regulación do instituto xurídico da delegación de competencias, sendo o artigo 11 o que fai referencia ás encomendas de xestión. O deber de colaboración desenvólvese no artigo 141 que, en particular, incide no deber de prestar, no ámbito propio, a asistencia que outras administracións puidesen solicitar e de cumprir coas obrigas concretas derivadas do deber de colaboración. Os artigos 140 e 142 do mesmo texto legal conteñen os principios básicos que deben rexer as relacións interadministrativas e as técnicas de colaboración, respectivamente; establecendo que as obrigas derivadas do deber de colaboración poderán facerse efectivas mediante procedementos de subministración de información, datos ou documentos, mediante a creación e mantemento de sistemas integrados de información, mediante a atención de solicitudes para o mellor exercicio das súas competencias e de calquera outra forma prevista nunha lei. Por último, o artigo 143 regula a cooperación interadministrativa, sinalando que as administracións poderán acordar de xeito voluntario a forma de exercer as súas competencias que mellor sirva



ao interese xeral, sendo que a formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou convenios.

O mecanismo establecido no artigo 106.3 da LBRL e no artigo 7 do RD lexislativo 2/2004, sendo un mecanismo de delegación en atención ao establecido no artigo 8 da Lei 40/2015, non altera pois, a titularidade das competencias propias dos entes delegantes na materia, senón que estas pasan a ser exercidas polo ente delegado durante o tempo que dure a delegación, estando este exercicio vinculado soamente á revogación expresa da mesma pola entidade delegante ou a renuncia a súa asunción pola propia administración delegada.

Esta delegación deberá seguir os trámites procedimentais establecidos ao efecto: adopción de acordo plenario da entidade local delegante co reforzo da maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a Corporación (en atención ao establecido no artigo 47.2.h) do LRBRL), aceptación da delegación pola Deputación Provincial, coa mesma maioría absoluta e co último requisito de publicación nos termos establecidos no artigo 7.2 do TRLRFL.

Tendo en conta que os elementos esenciais que forman parte do exercicio desas competencias, como son as contraprestacións económicas derivadas do custo dos servizos realizados pola Deputación, se regulan mediante a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polos Servizos de Xestión, Inspección e Recadación que se prestan pola Deputación Provincial de Pontevedra, que os medios persoais son os que achega a propia Deputación a través do seu persoal e por último que os medios materiais, son tamén, na actualidade, salvo excepcións singularizadas, os achegados pola mesma, estímase oportuno regular nun mesmo texto normativo o resto dos elementos que configuran de xeito uniforme o exercicio das competencias delegadas, sendo pois ao que responde esta “ORDENANZA REGULADORA DAS RELACIONS INTERADMINISTRATIVAS DERIVADAS DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS OU ENCOMENDA DE XESTIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O SEU EXERCICIO POLO ÓRGANO DESCONCENTRADO ORAL”.

Os obxectivos básicos desta regulación son os de incrementar o grado de transparencia, a eficiencia e axilidade na materialización dos procedementos de delegación,



recompilando nun só texto, a expresión minuciosa da forma de exercicio das competencias que se deleguen e limitando a técnica conuenial a aqueles supostos específicos en que sexa de obriga tal formalización, ben por tratarse de encomendas de xestión ou por ter como obxecto a regulación de contidos específicos, derivados de situacións excepcionais relacionadas coa adscrición de medios materiais ou persoais no ámbito do exercicio das competencias que se pretende delegar.

Estas bases recollen á vez os contidos relacionados coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e se adaptan á mesma dado que versan sobre competencias tributarias que implican o tratamento masivo de datos persoais obxecto de protección específica e cuxa captura e tratamento pode producirse en distintas administracións públicas .

O modelo de regulación mediante esta ordenanza, ademais de supoñer un avance na transparencia e na seguridade xurídica das relacións coas diversas entidades delegantes e na eficiencia dos procedementos evitando cargas administrativas innecesarias aos entes delegantes, se desenvolve en coherencia co resto dos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da LPACAP, e garante a igualdade de trato nas prestacións accesorias, en concreto, en materia de asesoramento para o exercicio de competencias non delegadas.

O texto que se presenta se estrutura en 34 bases, unha disposición final, unha disposición adicional e unha disposición derogatoria que suprime calquera referencia que se opoña ao disposto no texto actual en outros textos regulamentarios.

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS	23
ORDENANZA REGULADORA DAS RELACIONES INTERADMINISTRATIVAS CONSECUENCIA DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS OU ENCOMENDA DE XESTIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, PARA O SEU EXERCICIO POLO ÓRGANO DESCONCENTRADO ORAL	29
BASE 1. NATUREZA E OBXECTO DO ÓRGANO ORAL	29
BASE 2.- AMBITO MATERIAL E TEMPORAL DA DELEGACIÓN OU ENCOMENDA DE XESTIÓN.....	29
BASE 3. O PROCEDIMENTO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.	32
BASE 4. ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.....	33
BASE 5. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.	34
BASE 6. SERVIZOS COMÚNS.	37



BASE 7. A INFORMACIÓN E ASISTENCIA ÁS PERSOAS CONTRIBUÍNTES.....	38
BASE 8. COLABORACIÓN ENTRE AS ADMINISTRACIÓNS IMPLICADAS NA DELEGACIÓN OU ENCOMENDA.....	39
BASE 9. CONVENIOS CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS.....	41
BASE 10. COMISIÓN DE SEGUIMENTO.....	42
BASE 11. EXERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DE XESTIÓN TRIBUTARIA E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO.....	42
BASE 12. ESPECIALIDADES DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	43
BASE 13. ESPECIALIDADES DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.....	44
BASE 14. ESPECIALIDADES DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.....	44
BASE 15. ESPECIALIDADES DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.....	44
BASE 16. EXERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA.....	45
BASE 17. EXERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.....	47
BASE 18. EXERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DE RECADACIÓN.....	47
BASE 19. EXERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DE RECADACIÓN VOLUNTARIA.....	48
BASE 20. EXERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DE RECADACIÓN EXECUTIVA.....	49
BASE 21. EXERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS NA BAIXA OU ANULACIÓN DE VALORES.....	53
BASE 22. EXERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DA FASE INSTRUCTORA NOS EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO.....	54
BASE 23. DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO.....	55
BASE 24. EXERCICIO DE COMPETENCIAS DE XESTIÓN CATASTRAL.....	58
BASE 25. A REVISIÓN DE ACTOS EN VÍA ADMINISTRATIVA E XURISDICCIONAL.....	59
BASE 26. CONTRAPRESTACIÓNS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO.....	60
BASE 27. LIQUIDACIÓNS SOBRE CONTÍAS RECADADAS.....	60
BASE 28. ANTICIPOS A CONTA DA RECADACIÓN.....	62
BASE 29. RENDICIÓN DAS CONTAS DA XESTIÓN RECADATORIA.....	63
BASE 30. PROCEDEMENTO DE REVOGACIÓN OU RENUNCIA DA DELEGACIÓN.....	64
BASE 31. PROCEDEMENTO DE REVOGACIÓN DE ENCOMENDA.....	65
BASE 32. - VIXENCIA DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS OU ENCOMENDAS DE FUNCIÓNS.....	66
BASE 33. PUBLICIDADE DAS COMPETENCIAS DELEGADAS.....	66
BASE 34. - ENTRADA EN VIGOR.....	66
DISPOSICIÓN FINAL- CONFLICTO ENTRE REGULACIÓNS.....	66
DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.....	67
DISPOSICIÓN DERROGATORIA.....	67
ANEXO I - RELACIÓN DE COMPETENCIAS DELEGADAS EN VIGOR ¡Error! Marcador no definido.	
ANEXO II – MODELO DE ACORDO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS	84



ORDENANZA REGULADORA DAS RELACIONS INTERADMINISTRATIVAS CONSECUCENCIA DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS OU ENCOMENDA DE XESTIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, PARA O SEU EXERCICIO POLO ÓRGANO DESCONCENTRADO ORAL.

BASE 1. NATUREZA E OBXECTO DO ÓRGANO ORAL.

O Órgano de Xestión Tributaria e Recadación de Recursos Locais (ORAL) é o órgano desconcentrado sen personalidade xurídica que, con dependencia xerárquica orgánica da Presidencia da Deputación, desenvolve as funcións de xestión catastral, censual, tributaria, inspectora, recadación e de colaboración na xestión catastral e recadación das sancións de tráfico e outros ingresos públicos ás Entidades locais que teñan delegada de forma expresa ditas funcións, de conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais ou lle sexa encomendada segundo o establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Do mesmo xeito, tamén desenvolverá as funcións de recadación e outras que lle sexan expresamente encomendadas respecto dos recursos propios da Deputación.

BASE 2.- AMBITO MATERIAL E TEMPORAL DA DELEGACIÓN OU ENCOMENDA DE XESTIÓN

1. Serán competencias do ORAL o exercicio das competencias delegadas na Deputación de xestión censual, tributaria, recadación e inspección dos tributos locais, de conformidade co establecido nos artigos 31, 36 e 106 da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 7 do RD lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, así como nos artigos 113 a 117 da Lei 5/ 97 de 22 de xullo da administración local de Galicia.

2. Do mesmo xeito, lle corresponde ao ORAL:

a) A xestión, liquidación, inspección e recadación de tributos delegados



- b) A revisión en vía administrativa dos actos tributarios delegados.*
- c) Recadación voluntaria dos demais ingresos de dereito público que lle sexan delegados ou encomendados.*
- d) A recadación en período executivo dos ingresos de dereito público cuxa xestión se lle encomende.*
- e) A dirección, planificación e coordinación das actuacións en materia tributaria e dos demais recursos que lle sexan delegados polos entes delegantes.*
- f) Adoptar acordos, ditar actos administrativos e desenvolver o conxunto de actuacións e trámites necesarios para a xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión dos actos tributarios necesarios e daqueles outros relacionados cos ingresos de dereito público delegados.*
- g) A prestación dos servizos de información e asistencia ás persoas contribuíntes en relación cos actos da súa competencia.*
- h) A tramitación e resolución dos expedientes sancionadores tributarios e tramitación dos non tributarios relativos aos conceptos cuxa competencia lles sexan delegados.*
- i) A contestación das consultas tributarias escritas que se formulen.*
- j) A aprobación, revisión e modificación do Plan Anual de Control Tributario.*
- k) A dirección, coordinación e supervisión das funcións que especificamente se lles encomenda ás unidades de inspección na normativa vixente.*
- l) A elaboración de sistemas de información e estatísticas relativas á materia da súa competencia.*
- m) A colaboración con outras institucións públicas nas materias obxecto do Órgano de Xestión Tributaria.*



- n) *A xestión dos expedientes sancionadores de tráfico cuxa tramitación sexa asumida polo ORAL nos termos establecidos no Regulamento do servizo de colaboración na xestión de sancións de tráfico.*
- o) *A colaboración na xestión catastral dos concellos que delegaron a xestión do IBI, cuxa competencia recae na Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda nos termos establecidos no correspondente convenio de colaboración.*
- p) *A defensa xudicial e o exercicio de accións xudiciais e administrativas de todo tipo, en defensa de tributos e ingresos, xestión e recadación de dereito público do que foi delegado nesta Deputación.*
- q) *En xeral, todos aqueles servizos ou actividades non especificados anteriormente e necesarios para a súa mellor efectividade, que estean relacionadas coa xestión dos recursos que correspondan ao Órgano de Xestión Tributaria ou lle foran encomendados, entre os que se atopan os de colaboración con outras institucións públicas nas materias obxecto do Órgano de Xestión Tributaria.*

3. *De conformidade co establecido no artigo 36 da LRBRL, o ORAL poderá prestar, a requirimento dos entes delegantes, ademais os servizos de asistencia e cooperación en materia xurídica, económica e técnica ás entidades delegantes en relación cos tributos e demais ingresos de dereito público e colaborará co servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra nas súas funcións no referente á materia descrita anteriormente para o resto de entidades.*

4. *A requirimento dos entes delegantes, o ORAL poderá exercer a defensa e representación letrada respecto de ingresos públicos non delegados, previas as contraprestacións que no seu caso se establezan.*

5. *No caso de entidades que queiran realizar novas delegacións de competencias ou encomendas de xestión a partir da entrada en vigor destas bases, o acordo de delegación realizarase conforme ao modelo que figura como Anexo II, o cal poderá ser*



adaptado polo ORAL para adecualo ás circunstancias concretas da entidade delegante e ás circunstancias do Órgano.

6. A eventual cesión, adscrición ou traspaso doutros medios necesarios que puidese vincularse á delegación de competencias deberá acordarse de maneira expresa xunto co acordo de delegación ou con ocasión do mesmo, axustándose ao establecido no ordenamento vixente no que lle sexa de aplicación.

7. O exercicio das novas competencias delegadas iniciarase ao día seguinte da última das publicacións previstas no artigo 7 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, previa aceptación da delegación de competencias polo Pleno da Deputación.

8. A revogación total ou parcial das delegacións efectuadas, deberá comunicarse con polo menos tres meses de antelación á data da súa efectividade. A revogación total ou parcial dunha delegación dará lugar ao comezo do procedemento de liquidación previsto na base 36. A revogación parcial faculta á Deputación para devolver todas as atribucións relacionadas ca delegación obxecto de revogación parcial.

9. Durante a vixencia da delegación, as entidades delegantes non poderán avocar para si a instrución ou resolución dos expedientes, a realización de liquidacións, a recadación, nin a imposición de sancións, nin as resolucións de alegacións e recursos, nin acordar a suspensión, fraccionamento, aprazamento, domiciliación ou extinción de débedas cando ditas competencias correspondesen, por delegación, ao ORAL.

10.- O exercicio de encomendas de funcións regularase polo previsto no correspondente instrumento que as formalice.

BASE 3. O PROCEDIMENTO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

1. O procedemento para formalizar a delegación na Deputación de Pontevedra das competencias e funcións que se detallan nas presentes Bases será o seguinte:

a) Acordo adoptado polo Pleno do concello delegante.



- b) *Traslado do acordo definitivo da delegación á Deputación, mediante certificación expedida polo secretario do concello delegante.*
- c) *Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, aceptando a delegación si o acordo municipal se axusta ás presentes bases.*
- d) *Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento, de acordo co previsto no artigo 7.2 da Lei Reguladora das Facendas Locais ou no artigo 11.3.b da Lei 39/2015.*

2. *Sen prexuízo do previsto na normativa xeral sobre publicación das delegacións de competencia, o ORAL publicará na súa web a relación actualizada de competencias que exerce por delegación ou encomenda doutras administracións.*

BASE 4. ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

1.- *Con carácter xeral, as relacións entre as entidades delegantes e o ORAL faranse por medios electrónicos. Corresponde ao ORAL determinar o formato electrónico de intercambio de información coas entidades delegantes, no marco dos principios e directrices do Esquema Nacional de Interoperabilidade e do Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica.*

2.- *No exercicio das competencias delegadas, o ORAL garantirá ás persoas interesadas os dereitos recollidos nos artigos 13 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, en particular, a relacionarse coas administracións públicas utilizando medios electrónicos para o exercicio dos seus dereitos, así como para obter información, realizar consultas e alegacións, formular solicitudes, manifestar o seu consentimento, establecer pretensións, efectuar pagos, realizar transaccións e opoñerse ás resolucións e actos administrativos.*



BASE 5. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- O concello terá a consideración de responsable do tratamento, conforme ao establecido no artigo 24 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, así como no artigo 28 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento as obrigas contidas na normativa sobre protección de datos, especialmente o referido ao deber de información na recollida dos datos persoais.

2.- A Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL terá a consideración de encargado de tratamento, conforme ao establecido no artigo 28 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, así como no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento, ás obrigas incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

- a) *Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.*
- b) *Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.*
- c) *Levar por escrito, segundo o artigo 30 do RGPD, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.*
- d) *Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros*



encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.

- e) Manter o deber de secreto respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.*
- f) Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. O encargado manterá ao dispor do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obriga.*
- g) Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.*
- h) Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obriga de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, a requirimento deste, e o máis axiña posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos . No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informarlles a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso a través de <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.*
- i) No caso de que se prevexa a recollida de datos directamente polo encargado do tratamento, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento da recollida destes.*



A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable e dará cumprimento en todo caso ás esixencias previstas no RGPD.

- j) Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación do incidente, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RGPD.*
- k) Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.*
- l) Implantar as previsións recollidas no Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:*
 - o Garantir a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos sistemas e servizos de tratamento.*
 - o Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.*
 - o Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.*
 - o Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.*
- m) Comunicar ao responsable a identidade e datos de contacto da persoa delegada de protección de datos da Deputación de Pontevedra que é accesible a través da páxina <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/persoa-delegada>.*



n) Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

En consecuencia o acceso a datos de carácter persoal no marco deste acordo realízase co único fin de permitir unha adecuada prestación dos servizos e non se considerará como unha cesión ou comunicación de datos.

BASE 6. SERVICIOS COMÚNS.

1. No exercicio de competencias delegadas ou funcións encomendadas, o ORAL garantirá a cada ente delegante os seguintes servizos:

- a) Acceso a través do portal web, Oficina Virtual Tributaria, Sede electrónica da Deputación ou dos medios que se implanten polo ORAL, á información en tempo real da situación recadatoria dos cargos delegados e da situación tributaria das persoas contribuíntes.*
- b) Acceso, a través do portal web, Oficina Virtual Tributaria, Sede electrónica da Deputación ou dos medios que se acorden, para a gravación das denuncias por infraccións á LTCVSV, e ás ordenanzas municipais, así como para a remisión de informes, nos termos establecidos na Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico.*
- c) Acceso á información que conforma os expedientes de xestión e recadación de recursos da Entidade delegante.*
- d) Atención presencial, telefónica e online personalizada ás persoas contribuíntes de calquera municipio en calquera dos Servizos de Atención Tributarios distribuídos na provincia.*



e) *Desenvolvemento na Oficina Virtual Tributaria ou na Sede electrónica da Deputación do cartafol das persoas contribuíntes que permita ás mesmas, previa identificación por medios electrónicos, consultar a súa situación tributaria, acceder aos seus expedientes e notificacións e, en xeral, xestionar os seus tributos por medios electrónicos.*

2. *As entidades que deleguen competencias no ORAL, se así o requiren, poderán contar coa colaboración do ORAL en materia de asistencia e información económica financeira, para a elaboración de informes técnico-económicos aos que fai referencia a Lei de Facendas Locais en materia de taxas e prezos públicos, así como a súa posible repercusión no estado de ingresos dos orzamentos.*

3. *Cando o ORAL asuma a xestión comunicará á entidade delegante, para a súa toma de razón, o importe dos cargos que realice, así como o das bonificacións e exencións concedidas e a súa repercusión económica a efectos orzamentarios ou para a súa remisión por aquelas ao Ministerio de Facenda.*

4. *Conforme ao disposto no artigo 4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o ORAL subministrará ás entidades delegantes e previo o seu requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquelas das obrigas previstas na Lei. Cando o ORAL reciba solicitudes de acceso a datos xestionados no marco de competencias delegadas ou encomendadas que, conforme ao citado artigo 17.1, debese presentarse ante algunha das entidades ás que se atope vinculado, remitiráas á mesma, informando diso ao solicitante.*

BASE 7. A INFORMACIÓN E ASISTENCIA ÁS PERSOAS CONTRIBUÍNTES.

1. *No exercicio de competencias delegadas ou funcións encomendadas, o ORAL prestará aos obrigados tributarios e outros interesados a necesaria información e asistencia para facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.*



2. Esta actividade se instrumentará a través das seguintes actuacións:

- a) Actuacións dirixidas a informar aos obrigados tributarios dos seus dereitos e obrigas, e da forma en que deben cumprir estas últimas.
- b) Actuacións dirixidas a garantir o dereito dos obrigados tributarios, directamente ou mediante representante, a acceder á información persoal que obre no ORAL, así como ao exercicio dos dereitos de rectificación ou cancelación dos datos persoais cando resulten inexactos ou incompletos, nos termos previstos na base 5ª.2.
- c) Actuacións dirixidas a facilitar o acceso aos rexistros e documentos que formen parte do seu expediente e que lles permita coñecer o estado da súa tramitación, nos termos e condicións establecidos nas normas tributarias e administrativas que resultasen de aplicación.
- d) Actuacións dirixidas a informar e asistir ao obrigado tributario na realización de declaracións, autoliquidacións, comunicacións e solicitudes referidas ao exercicio das competencias delegadas ou funcións encomendadas.
- e) Realización de campañas de información e difusión de feitos ou situacións con transcendencia tributaria que afecten á cidadanía no exercicio dos seus dereitos ou o cumprimento das súas obrigas.
- f) Facilitar os textos actualizados das normas tributarias de aplicación aos tributos obxecto de delegación.
- g) Comunicación dos criterios administrativos existentes para a aplicación dos tributos.
- h) Contestacións a consultas.

3. Sempre que sexa posible estas actuacións realizaranse por medios electrónicos.

BASE 8. COLABORACIÓN ENTRE AS ADMINISTRACIÓNS IMPLICADAS NA DELEGACIÓN OU ENCOMENDA.

1. As entidades delegantes e a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do ORAL, actuarán e relacionaranse, en todo canto se refire á delegación de competencias, de acordo cos principios de boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional, e, en consecuencia deberán:



- a) *Respectar o exercicio da competencia pola administración que a teña atribuída.*
- b) *Facilitar á outra administración a información que precise sobre as actividades que desenvolva no exercicio das súas competencias. En particular, as entidades delegantes facilitarán ao ORAL cantos datos persoais se requiran dos interesados nos procedementos que se estean tramitando.*
- c) *Prestar no ámbito das súas competencias, a cooperación e a asistencia activas que a outra administración puidese solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.*

2. Como consecuencia da aceptación dunha delegación de competencia ou encomenda de xestión, o ORAL non terá obrigaón de subrogar ningún empregado da entidade delegante que participase no exercicio da citada competencia ou función, ou de empresas que tivesen encargada ou encomendada total ou parcialmente a realización de tarefas relacionadas co exercicio da competencia.

3. Cando no marco da colaboración interadministrativa, a delegación contemple actuacións non previstas neste texto, como poida ser a cesión ao ORAL por parte da Entidade delegante do uso de inmobles para a prestación dos seus servizos no municipio, as mesmas regularanse mediante convenio específico ou o instrumento que proceda en función da natureza e contido dos pactos.

4. As entidades delegantes obríganse ante o ORAL no marco do exercicio de competencias delegadas a:

- a) *Tramitar e cumprimentar nos prazos regulamentarios as peticións de ampliación ou aclaración de datos, así como as demais incidencias que no proceso da xestión tributaria e recadatoria se produzan.*
- b) *Entregar ao ORAL, no formato que se acorde, incluído o acceso ao padrón de habitantes, a información que lles conste sobre domicilio e bens e dereitos dos debedores e dos seus cónxuxes que resulte necesaria para a execución das competencias delegadas e para asuntos nos que o domicilio ou a residencia sexan datos relevantes. O ORAL xestionará esta información con estrita suxeición ao previsto na base 5 deste texto.*



- c) *Facilitar ao persoal do ORAL nos desprazamentos ao municipio para o desenvolvemento das súas funcións, os medios materiais e humanos que resulten imprescindibles para a mellor atención aos cidadáns.*
- d) *Remitir ao ORAL, no transcurso dos cinco días seguintes á súa aprobación definitiva, copia das correspondentes Ordenanzas fiscais, ou doutra índole (e, no seu caso, os correspondentes textos completos actualizados), que sexan de aplicación no exercicio das competencias delegadas.*
- e) *Remitir por medios electrónicos ao ORAL, cando sexa competente para o seu coñecemento e resolución, nun prazo máximo de cinco días hábiles desde a súa presentación, as solicitudes de calquera natureza, así como os recursos ou reclamacións que se presenten ante a entidade delegante.*
- f) *Colaborar, cos medios á súa disposición, na localización e precinto de vehículos embargados polo ORAL no curso de calquera procedemento de xestión recadatoria, no seu caso.*
- g) *Informar, no prazo máximo de 15 días desde a petición do órgano de recadación competente do ORAL, sobre a firmeza dos actos concernentes ao expediente de poxa e a verificación da situación posesoria dos bens e dereitos embargados, para os efectos de determinar a procedencia do seu alleamento, no seu caso.*
- h) *Colaborar co ORAL, preferentemente por medio dos axentes da Policía Local, na verificación e notificación dos acordos de alleamento de bens inmóbles e na emisión dos informes sobre cesamento de actividade, no seu caso.*
- i) *Custodiar a documentación que acredite os trámites gravados pola entidade delegante nos sistemas de información do ORAL, e facilitala no caso de que sexa requirida para o desenvolvemento das competencias delegadas.*
- j) *Remitir por medios electrónicos os ficheiros informáticos coa información necesaria no caso de que o ORAL non teña delegada a xestión tributaria, dacordo coas prescricións establecidas pola persoa titular da Tesouraría.*

BASE 9. CONVENIOS CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS.

Cando sexa necesario ou conveniente para o cumprimento dos fins propios da competencia delegada, a Deputación Provincial de Pontevedra poderá asinar convenios



de colaboración con outras administracións, organismos públicos e corporacións ou entidades privadas, en razón da súa especial vinculación coa xestión dos tributos locais ou outras competencias delegadas, como poidan ser a Dirección Xeral do Catastro, a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Axencia Tributaria de Galicia, a Xefatura Provincial de Tráfico, o Colexio Xeral do Notariado, o Colexio de Rexistradores ou o Colexio de Xestores Administrativos. Nestes casos o ORAL actuará representando os intereses das administracións cuxas competencias exerza por delegación. Nestes casos, as entidades delegantes comprométense a subministrar ao ORAL a información necesaria para cumprir os convenios de colaboración na xestión, recadación e de subministración de información subscritos con outras Administracións públicas.

BASE 10. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Constituirase unha Comisión de seguimento da delegación conformada de xeito paritario por membros das entidades delegantes e do ORAL nos seguintes casos:

- a) Con carácter previo á revogación da competencia pola entidade delegante, a pedimento desta.*
- b) Con carácter previo á renuncia da competencia delegada, a pedimento do ORAL.*
- c) Con posterioridade á revogación total ou parcial dunha delegación ou renuncia á mesma, con carácter de Comisión liquidadora.*

BASE 11. EJERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DE XESTIÓN TRIBUTARIA E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO.

1. Con carácter xeral, o exercicio de competencias delegadas de xestión tributaria leva o desenvolvemento das seguintes actuacións, respecto dos tributos en que se delegue esta competencia:

- a) A recepción e tramitación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demais documentos con transcendencia tributaria.*
- b) O recoñecemento e denegación dos beneficios fiscais legalmente previstos.*



- c) *A realización de actuacións de control do cumprimento da obrigaón de presentar declaracións tributarias e doutras obrigas formais.*
- d) *A realización de actuacións de verificación de datos e de comprobación limitada.*
- e) *A emisión de certificados tributarios.*
- f) *A elaboración e mantemento dos censos tributarios.*
- g) *A práctica das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias.*
- h) *A elaboración e emisión de listas e documentos cobratorios.*
- i) *A resolución e execución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.*
- j) *A prestación de asistencia e información ás persoas contribuíntes sobre as materias anteriores.*
- k) *A iniciación, instrución e resolución dos procedementos sancionadores que traian causa nos procedementos de xestión tributaria.*
- l) *A realización das demais actuacións de aplicación dos tributos non integradas nas funcións de inspección e recadación.*

2. Cando a delegación se refira á xestión tributaria do Imposto sobre Bens Inmóbles, o Imposto sobre Actividades Económicas e o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, a Deputación Provincial de Pontevedra (ORAL) se relacionará directamente coas seguintes entidades públicas para o subministro dos ficheiros coa información necesaria para a elaboración e actualización dos padróns cobratorios destes tributos:

- a) *No caso do Imposto sobre Bens Inmóbles pola Dirección Xeral do Catastro.*
- b) *No caso do Imposto sobre Actividades Económicas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
- c) *No caso do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica pola Dirección Xeral de Tráfico.*

BASE 12. ESPECIALIDADES DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

O ORAL como órgano desconcentrado da Deputación Provincial de Pontevedra, asumirá a posta a disposición pública das matrículas correspondentes ás actividades que tributen por cota municipal. Sen prexuízo do exposto, nestes casos, o ORAL



facilitará ao concello delegante, a través do portal provincial, ou por outros medios telemáticos ou electrónicos que se determinen, o ficheiro que conteña os suxeitos pasivos que exerzan actividades económicas e non estean exentos do imposto, ao obxecto de que o concello o expoña ao público nos termos establecidos regulamentariamente.

BASE 13. ESPECIALIDADES DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

No caso de bonificacións potestativas nas que, conforme a normativa propia do tributo, sexa necesaria a previa aprobación das mesmas polo concello delegante, para que a súa aplicación teña efectos nos valores emitidos do exercicio en vigor, estas serán comunicadas a Deputación de Pontevedra - ORAL nun expediente unificado con anterioridade ao 31 de marzo de dito exercicio.

BASE 14. ESPECIALIDADES DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Cando un municipio delegue a xestión tributaria do imposto no ORAL deberá remitir o censo de vehículos do municipio actualizado ao momento no que se inicie a xestión delegada, cos movementos de altas, baixas, transferencias comunicadas pola Dirección Xeral de Tráfico, así como os beneficios fiscais concedidos e as ordenanzas fiscais vixentes reguladoras do imposto.

BASE 15. ESPECIALIDADES DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

1. No exercicio de competencias delegadas de xestión o ORAL poderá acordar substituír o sistema de declaración pola autoliquidación asistida, facilitando os instrumentos para a xeración da autoliquidación na sede electrónica ou a asistencia nos casos de cumprimentación presencial.



2. Para a xestión do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, a entidade delegante remitirá mensualmente as transmisións de dominio das que teña constancia. Así mesmo, ao delegar a competencia remitirá informe detallado dos protocolos que estean pendentes de tramitación, con indicación da data e resumo de actuacións, non admitíndose aqueles expedientes que, pola data de transmisión e por non realizarse actuacións interruptivas, prescribise a acción para liquidar o imposto ou o computo que resta para a prescrición desta sexa inferior a seis meses.

BASE 16. EJERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA.

1. A delegación de competencias de inspección leva o exercicio da función de comprobar e investigar a situación tributaria dos distintos suxeitos pasivos ou demais obrigados tributarios co fin de verificar o exacto cumprimento das súas obrigas e deberes para coas Facendas Municipais polos tributos que integran o sistema tributario local, procedendo, no seu caso, á regularización correspondente mediante a práctica dunha ou varias liquidacións; todo iso sen prexuízo das fórmulas de colaboración que a normativa prevexa, como son a asistencia técnica e a procura da información necesaria para que os órganos da Administración tributaria local poidan levar a cabo as súas funcións.

2. Cando a titularidade da competencia para a inspección do tributo corresponda a órganos da Administración do Estado, a inclusión da figura no acordo de delegación habilita ao ORAL para solicitar a delegación conforme ao procedemento establecido.

3. No exercicio desta delegación, corresponde ao ORAL realizar as seguintes funcións:

- a) A investigación dos supostos de feito das obrigas tributarias para o descubrimento dos que sexan ignorados pola Administración.
- b) A comprobación da veracidade e exactitude das declaracións presentadas polos obrigados tributarios.
- c) A realización de actuacións de obtención de información relacionadas coa aplicación dos tributos.



- d) *A comprobación do valor dos dereitos, rendas, produtos, bens, patrimonios, empresas, e demais elementos, cando sexa necesaria para a determinación das obrigas tributarias.*
- e) *A comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos para a obtención de beneficios ou incentivos fiscais e devolucións tributarias.*
- f) *A información aos obrigados tributarios con motivo das actuacións inspectoras sobre os seus dereitos e obrigas tributarias e a forma en que deben cumprir estas últimas.*
- g) *A práctica das liquidacións tributarias resultantes das súas actuacións de comprobación e investigación.*
- h) *A realización de actuacións de comprobación limitada, conforme ao establecido nos artigos 136 a 140 da Lei Xeral Tributaria.*
- i) *O asesoramento e informe a órganos da Administración pública.*
- j) *A iniciación, instrución e resolución dos procedementos sancionadores tributarios que se deriven dos procedementos de inspección ou comprobación limitada tramitados.*
- k) *As demais funcións que, de acordo co establecido pola lexislación aplicable, lle sexan encomendadas.*

4. A delegación no ORAL das competencias de xestión, inspección e recadación de tributos levará así mesmo o exercicio da potestade sancionadora das infraccións que puidesen derivarse dos devanditos procedementos.

5. O procedemento sancionador tributario levarase a cabo de acordo coa normativa en vigor, especialmente co disposto na Ordenanza fiscal xeral do Órgano de Xestión Tributaria e Recadación de Recursos Locais (ORAL) da Deputación de Pontevedra. Terán carácter supletorio as disposicións xerais de dereito administrativo e os preceptos de dereito común.



BASE 17. EXERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS.

A delegación no ORAL das competencias de inspección do Imposto sobre Construcción, Instalacións e Obras, compromete á entidade delegante á remisión, mediante os ficheiros de intercambio que se establezan, da seguinte información:

- a) Relación das licenzas de obra autorizadas no municipio en cada exercicio.*
- b) Relación das liquidacións provisionais do imposto realizadas en cada exercicio.*
- c) Relación das licenzas de ocupación outorgadas en cada exercicio.*
- d) A data final de obra.*

BASE 18. EXERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DE RECADACIÓN.

1. O ORAL, dentro dos límites das competencias delegadas para cada ingreso público, levará a cabo as funcións administrativas conducentes ao cobro das débedas, segundo o establecido na Lei Xeral Tributaria, no Regulamento de Recadación, na normativa propia da Deputación e nas instrucións da Tesouraría.

2. A Deputación de Pontevedra facilitará as entidades delegantes o formato “ficheiro” coas débedas cuxa xestión se delega, sendo as especificacións técnicas do ficheiro as determinadas polo órgano competente do ORAL en materia de recadación executiva.

3. O ingreso das débedas cuxa recadación fose delegada no ORAL deberá realizarse nas formas e medios sinaladas nas cartas de pagamento emitidas polo propio ORAL. Non terán efectos liberatorios os pagamentos efectuados no ente delegante unha vez delegada a recadación.



BASE 19. EJERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DE RECADACIÓN VOLUNTARIA.

1. A cobranza en período voluntario dos tributos delegados rexeráse pola normativa vixente. Con carácter excepcional, poderáse establecer períodos de cobranza trimestrais ou cuatrimestrais para o concepto de taxas e outros ingresos públicos municipais. Neste caso, con anterioridade á adopción do acordo deberáse solicitar do ORAL informe sobre a viabilidade da proposta, en relación co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación e a organización do ORAL.

2. Corresponderá ao ORAL:

- a) Acordar a modificación dos períodos cobratorios das débedas de vencemento periódico e notificación colectiva, axustándose ao establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.
- b) Organizar a cobranza das figuras impositivas delegadas, podendo implantar calquera sistema ou medio de cobranza, debendo informar oportunamente á entidade delegante.
- c) Emitir e notificar os documentos cobratorios derivados das liquidacións.
- d) Practicar as notificacións colectivas dos tributos de cobranza periódica e distribuír os documentos de pago que se xeren.
- e) Resolver as solicitudes de aprazamento e fraccionamento. Para acordar o aprazamento ou fraccionamento dunha débeda esixírase garantía nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria, Regulamento Xeral de Recadación ou cando así se determine na Ordenanza fiscal xeral do Órgano de Xestión Tributaria e Recadación de Recursos Locais (ORAL) da Deputación de Pontevedra.
- f) Calquera outro acto necesario para a efectividade dos anteriores. Para ese efecto, se as solicitudes, recursos ou reclamacións se formularon ante a entidade delegante, esta deberá remitilos ao ORAL, por medios electrónicos no mais breve prazo.



BASE 20. EJERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DE RECADACIÓN EXECUTIVA.

1. *Corresponde ao ORAL en materia de recadación en período executivo, o exercicio das seguintes funcións:*

- a) Ditar a providencia de constrinximento dos valores sobre os que se realizou a xestión recadatoria en voluntaria e dos valores sobre os que se realicen actuacións en executiva, aínda que a súa xestión fose desenvolva polos entes delegantes.*
- b) Realizar todas as actuacións do procedemento administrativo de prema e embargo encamiñadas á cobranza das débedas.*
- c) Anular a providencia de constrinximento, acordar a reposición de débedas a período voluntario e resolver os recursos contra a providencia de constrinximento.*
- d) Liquidar e recadar recargas, costas e intereses de demora.*
- e) Resolver as solicitudes de aprazamento e fraccionamento presentadas en período executivo e recibir e declarar suficientes as garantías que se deban achegar no seu caso.*
- f) Executar as garantías conforme ao establecido nos artigos 168 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 74 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo e normativa supletoria aplicable.*
- g) Ditar dilixencias de embargo e resolver os recursos de reposición interpostos contra as mesmas, acordando, no seu caso, a suspensión.*
- h) Practicar o embargo de bens do debedor para a efectividade da débeda.*
- i) Realizar a valoración de bens embargados previa ao seu alleamento.*
- j) Adoptar medidas para asegurar o embargo de bens.*
- k) Allear os bens embargados.*
- l) Propoñer ao órgano competente da Entidade delegante a adxudicación dos bens inmobles embargados mediante poxa.*
- m) Resolver as terceirías que poidan promoverse no procedemento de prema.*
- n) Ditar acordos de derivación de responsabilidade.*



- o) Acordar a declaración de falidos dos debedores e a declaración de créditos incobrables segundo o previsto na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección da Deputación Provincial de Pontevedra – ORAL.*
- p) Realizar as funcións de investigación e comprobación da situación dos bens ou dereitos dos obrigados tributarios que conduzan á realización da débeda previstas no artigo 162 da Lei Xeral Tributaria.*
- q) Calquera outra facultade prevista no Regulamento Xeral de Recadación ou outra normativa aplicable.*

2. Á entidade delegante correspóndenlle en materia de recadación tributaria en período executivo, o exercicio das seguintes funcións:

- a) A emisión de informes, no prazo máximo de dez días dende a petición do órgano de recadación competente do ORAL, que resulten necesarios na tramitación administrativa para permitir a cobranza en vía executiva. A falta de emisión de ditos informes poderá habilitar a baixa dos valores afectados.*
- b) A emisión de informes no prazo máximo de dez días, dende a petición do órgano de recadación competente do ORAL, que resulten pertinentes para auxiliar ou colaborar na cobranza en vía executiva.*
- c) Colaborar, cos medios á súa disposición, na localización e precinto de vehículos embargados polo ORAL no curso de calquera procedemento de xestión recadatoria.*
- d) Colaborar co ORAL preferentemente por medio dos axentes da Policía Local, na verificación e notificación dos acordos de alleamento de bens inmoables, e a emisión de informes sobre cesamento de actividade, en especial naqueles procedementos onde o informe policial considérese esencial.*
- e) Colaborar co ORAL por medio dos axentes da Policía Local cando a súa presenza sexa requirida no transcurso ou planificación de actuacións das persoas funcionarias do servizo de recadación no exercicio das facultades conferidas no artigo 162 da Lei Xeral Tributaria.*

3. Os cargos en período executivo cando a recadación voluntaria fose realizada pola entidade delegante, unha vez esgotado o período voluntario de pago sen que a débeda



fose abonada, remitiranse ao ORAL por medios electrónicos, dacordo coas instrucións técnicas e segundo os formatos aprobados polo ORAL.

O ORAL poderá asumir a recadación daqueles valores xestionados en voluntaria pola entidade delegante, nos que venceu o período voluntario de cobro e que:

- a) Non foran obxecto de alegación, reclamación ou recurso pendente de resolver.*
- b) Non estean prescritos ou próximos á prescrición en menos de seis meses.*
- c) Non foran obxecto de fraccionamento ou aprazamento.*

Estes deberán remitirse antes de que transcorresen seis meses desde a finalización do período voluntario de pago, sen prexuízo de que poidan valorarse circunstancias concretas que xustifiquen a demora, como poida ser a pendencia da resolución de recursos en vía administrativa ou contencioso administrativa, situacións concursais ou outras que supoñan o reinicio do cómputo do prazo de prescrición. Nestes casos a entidade delegante deberá certificar esta nova data.

O ORAL se a documentación estivese completa, validará e poñerá á cobranza o cargo. En caso contrario requirirá a súa corrección.

4. O ORAL non se fará cargo da recadación de valores prescritos nin, con carácter xeral, dos valores próximos á prescrición en menos de seis meses. A Entidade delegante, ao efectuar o cargo, deberá xuntar informe de quen exerza as funcións de tesouraría que acredite a ausencia de prescrición dos valores incluídos no mesmo.

Con carácter xeral, tampouco poderá ditarse providencia de constrinximento sobre os valores de sociedades mercantís extintas cando a liquidación sexa posterior á data da súa extinción.

En relación coas sociedades mercantís disoltas, inactivas, en liquidación, con peche de folla rexistral, revogación do NIF poderán ser declaradas insolventes e os créditos incobrables con derivación ou non da débeda atendendo a súa contía e a outras circunstancias.

No caso dos valores pertencentes a herdanzas xacentes sen identificación fiscal correcta, na que non figure ningún representante da herdanza ou algún herdeiro, o seu crédito poderá ser rexeitado ou datado como incobrable.



5. *A fin de desenvolver satisfactoriamente as facultades de recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público pendentes de cobro, será necesario informe emitido pola tesouraría municipal en relación as débedas das que se pretenda efectuar xestión de cobro no que se indique:*

- *Que non foron cobradas á data da presente certificación.*
- *Que non existen solicitudes de aprazamentos nin fraccionamentos pendentes ou en tramitación (Art. 161.2 LGT).*
- *Que non existen recursos pendentes de resolución sobre os mesmos (Sentencia do Tribunal Supremo 586/2020, conforme o Fundamento Xurídico Terceiro).*
- *Que as datas de devindicación, aprobación da liquidación e notificación son as contidas no soporte informático.*
- *Que a descrición da débeda permita coñecer ao receptor da providencia de prema e o motivo polo que é debedor fronte á facenda pública.*
- *Que os debedores relacionados sexan remitidos facendo constar o preceptivo NIF/CIF.*
- *A relación de debedores envíase asinado dixitalmente e en formato de base de datos Excel ou Access ou similares para o seu procesado informático, incluíndo todos os datos de identificación esixidos pola Lexislación Tributaria.*
- *Ademais será requisito necesario que no caso das liquidacións de importe de máis de 600€, se aporte copia dos acuses das notificacións practicadas (non aplicable ás débedas de vencemento periódico e notificación colectiva) e no caso das SANCIÓN, se indique no soporte informático o CONCEPTO da mesma, CLASIFICACIÓN (leve, grave ou moi grave) e o articulado da correspondente Normativa Sectorial, e no caso de inexistencia da mesma, articulado da Normativa Xeral.*

6. *No seu caso, a revogación dun expediente concreto esixirá acordo plenario da Entidade delegante.*

7. *Cando derivado dunha nova delegación de competencias, se pretendan enviar valores xestionados en voluntaria pola entidade delegante nos que xa se ditara por ese concello a providencia de constrinximento, con independencia de que se fixeran ou non actuacións de execución forzosa de bens encamiñadas ao cobro das débedas, a*



posibilidade de continuación coas actuacións do procedemento quedarán supeditadas á valoración concreta do seu estado e da viabilidade de continuar cos trámites conducentes ao seu cobro.

BASE 21. EJERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS NA BAIXA OU ANULACIÓN DE VALORES.

A tramitación de baixas ou anulación de valores por declaración de crédito incobrable, anulación ou outros motivos, axustarase ás normas vixentes e, en particular, aos seguintes criterios:

- a) A data por créditos incobrables tramitarase segundo o previsto na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección da Deputación de Pontevedra – ORAL.*
- b) Os valores remitidos con posterioridade á declaración de falido poderán ser datados por acumulación mentres non se rehabilite a figura do falido e este veña en debedor solvente.*
- c) As multas de tráfico poderán ser datadas en vía executiva (entendendo tal data como fin da xestión recadatoria do ORAL), cando só conste dita débeda e non sexa posible a súa acumulación, mediante certificado acreditativo de que, tentada a notificación regulamentaria en vía de constrinximento, esta resultou negativa e, consultada a base de datos provincial e da Dirección Xeral de Tráfico, o debedor resultou ilocalizable.*
- d) A data por anulacións ou outros motivos tramitarase acompañándose copia electrónica do documento que acredite a mesma.*
- e) Poderá acordarse a baixa de valores derivados de liquidacións notificadas individualmente, así como as correspondentes a premas e embargos cuxo importe sexa igual u inferior ao custe das notificacións necesarias no procedemento.*



BASE 22. EXERCICIO DE COMPETENCIAS DELEGADAS DA FASE INSTRUCTORA NOS EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO.

1. O ORAL exercerá as competencias de instrución dos expedientes sancionadores non tributarios por infrinxir a normativa de tráfico e/ou as correspondentes ordenanzas municipais aprobadas polos concellos da provincia de Pontevedra que lle foran delegadas. Esta delegación non implica en ningún caso o exercicio da potestade sancionadora, que corresponderá ao Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.

2. A delegación de funcións se estende ao período que va dende a notificación do inicio do expediente sancionador ata a proposta de resolución elevada polo instrutor ao órgano competente da potestade sancionadora do ente local delegante

3.- A Deputación de Pontevedra – ORAL colaborará materialmente coa entidade local delegante na recepción de denuncias, no seu traslado efectivo ao órgano competente da entidade local a efectos de posibilitar a resolución de inicio dos expedientes sancionadores no seu caso e na elaboración material das resolucións de inicio dos expedientes poñéndooas a disposición do órgano competente da entidade local aos efectos oportunos

E responsabilidade da entidade local o arquivo das denuncias que non dean orixe ao inicio de expedientes sancionadores. O ORAL remitirá ao concello as correspondentes denuncias, así como a integridade das que lle foran solicitadas sempre que non foran incorporadas a un expediente sancionador cuxa instrución teña delegada

A instrución dos procedementos corresponderá á persoa funcionaria da propia Deputación que ao efecto designe esta.

4 Corresponde aos concellos a colaboración na instrución dos expedientes a través da emisión de informes ou da realización de calquera outras probas solicitadas pola persoa designada instrutora do procedemento.

5. Desta forma, correspóndelle ao ORAL, entre outras as seguintes actuacións:

- a) A recepción material das denuncias formuladas na materia cando así corresponda.



- b) *O impulso da instrución dos expedientes sancionadores que se deriven dos acordos de inicio efectuados polos órganos competentes das entidades locais delegantes*
- c) *Informar os recursos que se interpoñan contra a resolución sancionadora formulando proposta razoada de resolución das mesmas*
- d) *A realización das notificacións necesarias para a instrución, así como para o desenvolvemento do expediente sancionador na súa integridade.*
- e) *Corresponderá a persoa nomeada instrutora dos expedientes o estudo e tramitación de alegacións, identificación de condutores, solicitude de probas e informes e formulación da proposta de resolución do procedemento.*

4. *Para poder iniciar a instrución, no suposto de nova delegación, deberán achegarse ao ORAL con carácter previo, alo menos, os seguintes datos:*

- a) *Comunicación da identidade do órgano resolutorio dos expedientes sancionadores.*
- b) *Listado de axentes da policía local con identidade e número de identificación.*
- c) *Nomeamento de persoal con acceso á aplicación informática para a gravación de denuncias e para consulta de expedientes sancionadores.*
- d) *Comunicación da Ordenanza Municipal de Tráfico no seu caso.*

Poderase iniciar a instrución de expedientes por denuncias efectuadas en data anterior á de entrada en vigor do acordo de delegación sempre que non se fixera a súa notificación no acto e que non se producira a prescrición das infraccións dimanantes desas denuncias.

BASE 23. DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO DE INSTRUCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO.

1. *Os informes, escritos de alegacións, identificacións de condutores, solicitudes de probas, así como o coñecemento da interposición do recurso contencioso-administrativo*



e demais que sexan de interese para o expediente deberán ser comunicadas ao ORAL á maior brevidade posible para adoptar as medidas que procedan.

2. A Deputación de Pontevedra – ORAL porá a disposición das autoridades e persoas funcionarias dos concellos debidamente autorizados e acreditados, o uso da aplicación informática de xestión de multas de tráfico para a consulta do estado de tramitación dos expedientes sancionadores de tráfico así como para a eventual gravación das denuncias do seu concello. Tamén recibirán acceso ás plataformas necesarias para o intercambio da documentación relativa a estes expedientes.

3. As denuncias deberán ser formuladas de xeito preferente nos dispositivos electrónicos DMD-PDA con software propiedade do ORAL e descargaranse na aplicación informática de multas de acordo coas instrucións subministradas.

A fin de atender supostos excepcionais derivados de fallas na cobertura dos sistemas electrónicos ou outras incidencias técnicas, a Deputación de Pontevedra–ORAL proporcionará ademais aos concellos un modelo de boletín de denuncia con todos os campos obrigatorios esixidos na lei de tráfico, que deberá ser adoptado por estes e no que deberá constar como mínimo a anualidade de emisión do boletín, o código da entidade delegante e a numeración correlativa preimpresa con fin de que se poda levar a cabo por quen corresponda un adecuado control, sendo responsabilidade da persoa encargada da custodia dos boletíns de denuncia do propio ente delegante a utilización cronolóxica e continuada dos diferentes boletíns incluídos nun mesmo talonario.

4.- No caso excepcional de que as denuncias foran formuladas con boletín físico, correspóndelle ó persoal dos concellos, gravalas no aplicativo informático no mesmo día da denuncia e, como máximo nos dous días seguintes á mesma, debendo cumprir ademais o resto de especificacións requiridas polo ORAL. En caso de incumprimento destes prazos de gravación das denuncias polo persoal do concello, o ORAL resérvase a facultade de non tramitar aquelas denuncias gravadas con posterioridade a esa data, que serán devoltas aos concellos afectados para o seu arquivo mediante informe coa motivación correspondente.

O envío de boletíns físicos ao ORAL para a súa gravación por persoal propio deste órgano implicará para os entes delegantes a perda de bonificacións ou a aplicación das



tarifas diferenciadas que correspondan segundo a vixente ordenanza fiscal da taxa. Este precepto non operará no caso de denuncias voluntarias, denuncias de axentes auxiliares (que terán o seu propio modelo de denuncia) e denuncias da Garda Civil, que serán remitidas ao ORAL para a súa gravación directamente dende este Órgano dada a súa singularidade procedemental.

Os documentos orixinais das denuncias, así como as probas gráficas, documentais ou de calquera outro tipo que en cada caso proceda, enviarase periodicamente ao ORAL en formato orixinal e dixital para a súa incorporación ó expediente.

5. Como norma xeral, a notificación da denuncia será realizada no acto polo axente municipal. Nos casos en que concorran as circunstancias taxadas na normativa de tráfico, nas que non é posible a notificación no acto, corresponderalle ao ORAL dita tarefa.

6. Os escritos de alegacións, identificación de condutores e solicitudes de probas deberán dirixirse ao órgano instrutor do procedemento e poderán presentarse por calquera dos medios establecidos na lei.

7. As resolucións sancionadoras serán ditadas polo Alcalde ou Concelleiro que teña a competencia delegada. A aplicación informática facilitará o acceso ao expediente completo, vinculando os documentos dixitalizados cos trámites e actuacións que se reflicten nela. Así mesmo, habilitaranse os sistemas ou plataformas necesarias para o intercambio de documentación e sinatura das resolucións. A notificación da resolución corresponderalle ao ORAL.

8. Os escritos de interposición do recurso de reposición deberán dirixirse ao órgano sancionador, sendo o ORAL o encargado para a súa tramitación. A resolución do recurso de reposición corresponderalle ó mesmo órgano municipal que ditou a resolución da sanción, sendo a súa notificación tarefa do ORAL

9. A representación da Administración nos recursos contencioso-administrativos corresponderalle ao Letrado-Asesor Xurídico que determine a Deputación de Pontevedra.

10. No suposto de que en calquera momento da instrución do expediente fora necesario trasladalo a outra administración por ter competencias en relación con el, o ORAL será



o encargado de subministrar o expediente requirido, adoptando as medidas preventivas que procedan, manténdose informado sobre o estado das actuacións que leve a cabo a administración receptora e acordando realizar as actuacións que correspondan como consecuencia das resolucións que se adopten. As anotacións nos rexistros oficiais da Dirección Xeral de Tráfico correspondentes á imposición de sancións por infraccións graves e moi graves e comunicación de detracción de puntos tamén serán responsabilidade do ORAL.

11. O pagamento das multas económicas que se deriven dos expedientes de sancións deberá realizarse exclusivamente polos medios e nos lugares designados pola Deputación de Pontevedra–ORAL, que aparecerán indicados nos boletíns de denuncia e nas notificacións das denuncias e das sancións. Os concellos deberán absterse de admitir pagamentos por estes conceptos.

12. As demais cuestións que poidan xurdir non contempladas expresamente nesta base e na anterior, rexeranse polo establecido nas disposicións legais e regulamentarias vixentes en cada momento en materia de tráfico e seguridade vial.

BASE 24. EJERCICIO DE COMPETENCIAS DE XESTIÓN CATASTRAL.

1. No marco do convenio de colaboración en materia de xestión catastral, asinado entre a Deputación Provincial e a Dirección Xeral do Catastro, polo cal se encomendan á Deputación Provincial, a través do ORAL, determinadas funcións de xestión catastral, o ORAL realizará as funcións de xestión catastral naqueles municipios cuxos concellos lle delegaron ou lle deleguen as competencias de xestión tributaria do Imposto sobre Bens Inmóviles, previa denuncia, no seu caso, do convenio que puidese ter o concello coa Dirección Xeral do Catastro.

2.- As funcións desenvolvidas polo ORAL nos citados municipios serán as que se determinen no citado convenio coa Dirección Xeral do Catastro, onde se regularán igualmente as condicións de execución das funcións, podendo apuntarse:

- a) A tramitación de expedientes de alteración de dominio.*



- b) *A tramitación de expedientes de alteracións de orde física e económica.*
- c) *A colaboración en actuacións de mantemento e actualización do Catastro inmobiliario.*
- d) *A prestación de atención ao público e colaboración na difusión de información catastral.*
- e) *A colaboración na notificación dos actos de trámite ou definitivos ditados pola Xerencia Rexional do Catastro.*

3.- *Para o desenvolvemento destas funcións, os concellos deberán colaborar coas seguintes actuacións:*

- a) *Facilitar información referente a licenzas de obras e segregacións, así como proxectos de urbanización, xuntas de compensación e información relativa a chans programados incluídos no chan suxeito definido no relatorio de valores vixente.*
- b) *Facilitar información do padrón de habitantes referente á identificación de domicilio, sen incluír datos confidenciais.*
- c) *Facilitar información urbanística do Plan Xeral necesaria para resolver os expedientes catastrais.*
- d) *Procurar a colaboración dos distintos órganos municipais que puidesen ter relación cos traballos de mantemento catastral.*
- e) *Realizar as notificacións individualizadas dos acordos de alteración de datos físicos, económicos e xurídicos, así como os valores catastrais resultantes das alteracións mencionadas.*

BASE 25. A REVISIÓN DE ACTOS EN VÍA ADMINISTRATIVA E XURISDICIONAL.

1.- *A delegación de competencias realizada inclúe a revisión en vía administrativa dos actos e resolucións ditados no exercicio das competencias delegadas.*

2.- *Así mesmo, a delegación de competencias realizada faculta á Deputación de Pontevedra para, en representación da entidade delegante, intervir, a través dos seus servizos xurídicos, ou dos do ORAL, en toda clase de procedementos xudiciais, como*



actor ou demandado, litis consorte, terceiro ou coadxuvante, ante os Xulgados e Tribunais de calquera grao e orde, en defensa da actividade material de xestión, inspección e recadación desenvolvida polo ORAL para a debida exacción dos tributos locais e restantes ingresos públicos delegados. A autorización así prevista leva igualmente a representación e defensa nos procedementos concursais daqueles créditos cuxa xestión recadatoria fose obxecto de delegación, debéndose observar as mencións contidas no apartado correspondente.

BASE 26. CONTRAPRESTACIÓNS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

A prestación dos diferentes servizos en exercicio de competencias delegadas ou funcións encomendadas devindicará as taxas ou contraprestacións que correspondan conforme á Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polos servizos de Xestión, inspección e recadación que se prestan na Deputación, convenios en vigor e/ou demais normativa de aplicación.

BASE 27. LIQUIDACIONES SOBRE CONTÍAS RECADADAS.

Liquidacións de fondos procedentes da actividade recadadora. Axustaranse con carácter xeral ás normas seguintes:

1.- LIQUIDACIÓNS DEFINITIVAS.

a) *PERÍODO VOLUNTARIO: Contabilizados no módulo de “recursos por conta doutros entes” os ingresos en período voluntario procedentes dos padróns, practicarase a liquidación definitiva de cada tributo. Procederase de oficio no mesmo intre á compensación das contías contabilizadas, que resulten dos seguintes conceptos:*

- *Entregas a conta ou anticipos efectuados aos entes delegantes polos tributos obxecto de liquidación definitiva No caso de que a recadación non alcanzara a contía dos anticipos outorgados, detraerase o exceso na liquidación de executiva e liquidacións de ingresos directos inmediatamente posteriores ata alcanzar a súa total compensación.*



- *Liquidacións provisionais, no seu caso.*
 - *Cotas líquidas resultado das liquidacións aprobadas e correspondentes ás taxas pola prestación do Servizo reguladas pola Deputación de Pontevedra.*
 - *Calquera outro concepto que fose susceptible de compensación no seu caso.*
- b) *PERÍODO EXECUTIVO E LIQUIDACIONES DIRECTAS: Con periodicidade, como mínimo trimestral, elaborárase a liquidación definitiva da recadación en período executivo e por liquidacións de contraído previo e ingreso directo, liquidacións de contraído simultáneo e autoliquidacións en período voluntario de cobro de notificación individualizada, contabilizada no módulo de “recursos por conta doutros entes”.*

Procederáse de oficio no mesmo intre á compensación das contías que resulten dos seguintes conceptos:

1. *Entregas a conta e liquidacións provisionais efectuadas a entes delegantes*
 2. *Devolucións de ingresos indebidos contabilizadas.*
 3. *Cotas líquidas resultado das liquidacións aprobadas e correspondentes ás taxas pola prestación do Servizo reguladas pola Deputación de Pontevedra.*
 4. *Outros compensacións que procedan, relacionados coas competencias delegadas, debidamente xustificadas.*
- c) *LIQUIDACIONES POR INGRESOS PARCIAIS: No primeiro trimestre de cada exercicio económico practícarase ás entidades delegantes unha única liquidación de carácter definitivo correspondente coa contía íntegra recadada dos “ingresos parciais” que constan no programa de xestión de recadación ao peche de cada exercicio económico.*

Se para algunha entidade deléxante resultara unha liquidación definitiva con importe negativo, practícaranse deducións nas posteriores transferencias correspondentes ás liquidacións de ingresos directos e de executiva.

2.- LIQUIDACIONES PROVISIONAIS A SOLICITUDE DOS ENTES DELEGANTES:
Practícaranse liquidacións provisionais, a conta das liquidacións definitivas, sobre a



contía íntegra de todos ou cada un dos seguintes conceptos contabilizados no módulo de “recursos por conta doutros entes”:

- a) A recadación por padróns*
- b) A recadación por liquidacións de contraído previo ingreso directo.*
- c) A recadación por liquidacións de contraído simultáneo e/ou autoliquidacións.*
- d) A recadación en período executivo de cobro.*

As liquidacións provisionais se compensarán de oficio nas liquidacións definitivas co prazo temporal máximo do último mes de cada exercicio orzamentario.

BASE 28. ANTICIPOS A CONTA DA RECADACIÓN.

Realizaranse anticipos a conta da recadación que se axustarán con carácter xeral ás normas seguintes:

1.- ANTICIPOS ORDINARIOS. O ORAL realizará entregas a conta da recadación polos padróns de IBI Urbana, Bens de características especiais, IVTM e IAE de cada exercicio dos tributos que se deleguen, con periodicidade mensual a partir do mes de xaneiro e ata a liquidación definitiva do correspondente padrón e como máximo en 10 mensualidades. O importe a anticipar calcularase sobre o 100% da recadación do exercicio inmediatamente anterior polos tributos anteriormente citados.

No caso de que no ano inmediatamente anterior non tivera realizado a recadación o ORAL, calcularase o anticipo sobre a base da certificación da recadación efectiva certificada polo ente delegante, tendo en conta as posibles modificacións á baixa das correspondentes ordenanzas municipais.

Aplicarase retención provisional da taxa pola prestación dos servizos de xestión e recadación.

2.- ANTICIPOS EXTRAORDINARIOS. Ademais da formulación dos anticipos ordinarios, o ORAL poderá realizar os seguintes anticipos de carácter extraordinario, tramitados a instancia das entidades delegantes:

- a) Anticipo sobre padróns ou listas cobratorias das taxas e prezos públicos, unha vez que estes estean aprobados polo órgano competente: Importe máximo*



equivalente ao 75% do importe total dos padróns ou listas cobratorias aprobados, a excepción de padróns de nova elaboración no que esta porcentaxe reducirase a un 60%.

- b) Aprobación dos padróns de taxas e PP pendentes de aprobación polo órgano competente: Importe máximo do 70% do importe do padrón aprobado no exercicio inmediatamente anterior, co límite máximo da recadación voluntaria nese exercicio. No caso de padróns de nova delegación, esta porcentaxe máxima reducirase a un 60% co límite máximo da recadación voluntaria desenvolta polo ente delegante.*
- c) Anticipos sobre liquidacións de IBI resultado de regularizacións catastrais e outros procedementos de valoración colectiva ou análogos. Importe máximo equivalente ao 60% do importe total das liquidacións aprobadas.*

BASE 29. RENDICIÓN DAS CONTAS DA XESTIÓN RECADATORIA.

1. A relación contable entre a Deputación e os entes titulares dos recursos, manteranse segundo a regra 31.3 da orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local. Cando desaparezan as causas que impidan o subministro da información á que se refire o apartado 1 da mesma regra, e sempre referido ó día 1 de xaneiro do ano en que se poda aplicar, producirase un cambio de procedemento regulado ó efecto, facilitando periodicamente a cada un dos entes delegantes a información necesaria para que podan imputar ó seu orzamento as diferentes operacións realizadas respecto dos recursos dos que son titulares coa periodicidade que se especifica.

2. As tarefas de contabilización e elaboración dos libros e contas regulamentarias efectuaranse pola Intervención Xeral da Deputación. Polos órganos ou persoal directivos vixiarase o debido cumprimento da normativa interna en materia de comunicación de cargos, datas, recadación e outros feitos e incidencias relevantes para posibilitar a puntual rendición de contas ás entidades delegantes e procederá a súa comunicación aos entes delegantes.



3. No primeiro semestre do exercicio seguinte, o Servizo de Recadación elaborará a “Conta anual de Recadación do exercicio anterior” obtida dos datos da aplicación informática de xestión e recadación xunto cos datos facilitados no Servizo de Intervención a quen corresponde legalmente á contabilidade destas operacións, que será remitida á Presidencia aos efectos da tramitación procedemental oportuna.

4. A Conta anual de xestión e recadación porase a disposición das entidades delegantes durante un prazo mínimo de 15 días, durante os cales poderán plantexar as alegacións que estimen procedentes. As liquidacións e xustificantes serán postos á súa disposición para o seu exame nas oficinas centrais.

Renderá as contas correspondentes a cada exercicio recadatorio, nas que se expresarán, como mínimo e de forma separada para cada entidade, o importe dos cargos entregados para a súa xestión de cobro, da recadación realizada, as liquidacións datadas polas anulacións u outros motivos e o pendente de cobro.

No seu caso, acompañarase ás respectivas contas un resumo dos ingresos efectuados no exercicio e unha memoria de xestión na que constarán as incidencias máis relevantes producidas na cobranza.

BASE 30. PROCEDEMENTO DE REVOGACIÓN OU RENUNCIA DA DELEGACIÓN.

1. As entidades delegantes poderán, en calquera momento, adoptar, mediante acordo plenario cos requisitos establecidos na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, a decisión de revogar total ou parcialmente ou alterar a delegación de competencias, que producirá efectos nos termos previstos no número 8 da base 2 deste texto.

A Deputación de Pontevedra, a través do ORAL, poderá igualmente, en calquera momento, renunciar á delegación recibida alegando o incumprimento do disposto nestas Bases de prestación de servizos pola entidade delegante,.

2.- En caso de revogación ou renuncia, total ou parcial ás competencias delegadas, para practicar a correspondente liquidación, así como para resolver calquera cuestión derivada da mesma, crearase unha Comisión de seguimento, conformada de xeito



paritario por membros das entidades delegantes e do ORAL. Serán vinculantes para as partes as decisións que se adopten pola mesma.

3.- Iniciada a liquidación, no caso de que a Entidade delegante mantivese saldo debedor co ORAL ou con terceiros cos que o Órgano estea comprometido na súa amortización, os efectos da delegación deberán prorrogarse ata a cancelación do referido saldo debedor, polo o que o ORAL reterá na súa integridade as cantidades debidas salvo que pola Comisión de seguimento se acorde un calendario alternativo de pagos.

Se a renuncia fose formulada polo ORAL, e previo estudo pola Comisión, poderá este cancelar os citados saldos con cargo aos recursos xestionados, elaborando para iso un calendario de pagos.

4.- Se por calquera razón a Entidade delegante impedise ao ORAL seguir prestándolle os servizos obxecto da delegación ou encomenda, aquela asumirá os custos económicos e financeiros que esta situación reporte ao Órgano.

5. Con todo, no caso de revogación total ou parcial dunha delegación de competencias que leve o traspaso de expedientes de executiva antes da súa data, a comisión liquidadora, partindo das taxas vixentes en cada momento, acordará as taxas para cobrar en función da situación das débedas no procedemento administrativo de prema, tendo para iso en conta as expectativas de cobranza ou falido dos créditos considerando a existencia de garantías ou de embargos de bens ou dereitos en contía suficiente.

BASE 31. PROCEDIMIENTO DE REVOCACIÓN DE ENCOMENDA.

A duración, extinción e denuncia, no seu caso, de encomendas de funcións no ORAL regularanse no correspondente convenio que as formalice.



BASE 32. - VIXENCIA DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS OU ENCOMENDAS DE FUNCÍONS.

Enténdense vixentes as delegacións de competencias ou encomendas de funcións realizadas á Deputación de Pontevedra, en tanto non se proceda á súa revogación expresa por parte das entidades delegantes.

BASE 33. PUBLICIDADE DAS COMPETENCIAS DELEGADAS.

Para os efectos previstos na Base 3 desta Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas derivadas da delegación de competencias ou encomenda de xestión na Deputación Provincial de Pontevedra para o seu exercicio polo órgano desconcentrado ORAL, en Anexo I faise pública a relación de competencias delegadas en vigor no momento da súa aprobación provisional. Este Anexo I actualizarase, sen necesidade de modificación desta ordenanza, como consecuencia da aceptación de novas delegacións ou a revogación total ou parcial das existentes, debendo publicarse a súa actualización na páxina Web do ORAL, para xeral coñecemento, na data anterior a aquela en que ditas delegacións ou revogacións produzan efecto.

BASE 34. - ENTRADA EN VIGOR.

Conforme ao disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a presente Ordenanza, entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo do artigo 65.2.

DISPOSICIÓN FINAL- CONFLICTO ENTRE REGULACIÓNS.

O concello ten atribuída legalmente a potestade regulamentaria, que, no ámbito fiscal (art. 15 do TRLHL) se traduce no acordo de imposición e supresión dos seus tributos propios así como na aprobación das correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes. Tamén ostentan competencias, con respecto aos impostos previstos no artigo 59.1 TRLRHL na fixación dos elementos necesarios para a determinación das



respectivas cotas tributarias, acordando o exercicio de tales facultades e aprobando as oportunas ordenanzas fiscais.

A Deputación ten aprobada unha ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) cuxa función é, entre outras, complementar as ordenanzas municipais. Con todo, en caso de conflito entre ambas regulacións, sempre que verse sobre as facultades especificamente delegadas na Deputación, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia en economía, prevalece o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria, e o municipio, no seu caso, adaptará ou modificará a súa ordenanza. No suposto de desacordo entre ambas administracións, calquera delas poderá revogar a delegación ou a súa aceptación, ben para o artigo ou artigos afectados ou ben para a facultade delegada. En todo caso, a Deputación Provincial de Pontevedra colaborará co concello na actualización ou conformidade coa normativa vixente das ordenanzas fiscais cuxos ingresos foron obxecto de delegación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Facúltase á Presidencia da Deputación para aprobar mediante resolucións as normas que foran necesarias para o cumprimento e desenvolvemento destas bases.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Quedan derogadas todas as normas que contradigan ou se opoñan á presente ordenanza.



ANEXO I - RELACIÓN DE COMPETENCIAS DELEGADAS EN VIGOR

IMPOSTOS:

	IBI	IAE	IVTM	IIVTNU	ICIO
Agolada	X	X	X		
Agolada	X	X	X		
Arbo	X	X	X		
Baiona	X	X	X	X	X
Barro	X	X	X		X
Caldas de Reis	X	X	X	X	X
Cambados	X	X	X	X	
Campo Lameiro	X	X	X		X
Cangas	X	X		X	X
Catoira	X	X	X	X	X
Cañiza, A	X	X	X		
Cerdedo-Cotobade	X	X	X		
Covelo	X	X	X		X



	IBI	IAE	IVTM	IIVTNU	ICIO
Crecente	X	X	X		
Cuntis	X	X	X	X	X
Dozón	X	X	X		
Estrada, A	X	X	X	X	X
Forcarei					
Fornelos	X	X	X	X	X
Gondomar	X	X	X		
Grove, O					
Illa de Arousa, A					
Lalín	X	X	X		X
Lama, A	X	X	X		
Meaño	X	X	X	X	
Meis	X	X	X	X	X
Moaña	X	X	X	X	X
Mondariz	X	X	X	X	



	IBI	IAE	IVTM	IIVTNU	ICIO
Mondariz-Balneario	X	X	X	X	
Moraña	X	X	X		
Mos	X	X		X	X
Neves, As	X	X	X		
Nigrán	X	X			X
Oia	X	X	X	X	X
Pazos de Borbén	X	X	X		
Poio	X	X	X	X	X
Ponte Caldelas	X	X	X		
Ponteareas	X	X	X	X	X
Pontecesures	X	X	X	X	X
Porriño, O	X	X	X	X	X
Portas	X	X	X		
Rodeiro	X	X	X		
Rosal, O	X	X	X	X	



	IBI	IAE	IVTM	IIVTNU	ICIO
Salceda de Caselas	X	X	X	X	X
Salvaterra de Miño	X	X	X	X	X
Sanxenxo	X	X	X		X
Silleda	X	X	X	X	X
Soutomaior	X	X	X		X
Tomíño	X	X	X	X	X
Tui	X	X	X		X
Valga	X	X	X		
Vila de Cruces	X	X	X		
Vilaboa	X	X	X	X	X
Vilagarcía de Arousa					
Vilanova de Arousa	X	X	X	X	X

OUTRAS DELEGACIÓNS E ENCOMENDAS DE XESTIÓN:


	SANCIONS TRÁFICO	XESTIÓN CATASTRAL	TAXAS	RECADACIÓN EXECUTIVA
Agolada		X	X	X
Agolada		X	X	X
Arbo			X	X
Baiona	X	X	X	X
Barro		X	X	X
Caldas de Reis	X	X	X	X
Cambados	X	X	X	X
Campo Lameiro		X	X	X
Cangas	X	X	X	X
Catoira	X	X	X	X
Cañiza, A	X	X	X	X
Cerdedo-Cotobade		X	X	X
Covelo		X	X	X
Crecente	X	X	X	X



	SANCIONS TRÁFICO	XESTIÓN CATASTRAL	TAXAS	RECADACIÓN EXECUTIVA
Cuntis	X	X	X	X
Dozón		X	X	X
Estrada, A	X	X	X	X
Forcarei	X			X
Fornelos	X	X	X	X
Gondomar	X	X	X	X
Grove, O	X			X
Illa de Arousa, A	X		X	X
Lalín	X	X	X	X
Lama, A		X	X	X
Meaño	X	X	X	X
Meis		X	X	X
Moaña	X	X	X	X
Mondariz	X	X	X	X



	SANCIONS TRÁFICO	XESTIÓN CATASTRAL	TAXAS	RECADACIÓN EXECUTIVA
Mondariz-Balneario	X	X	X	X
Moraña		X	X	X
Mos	X	X		X
Neves, As	X	X	X	X
Nigrán		X		X
Oia		X	X	X
Pazos de Borbén		X	X	X
Poio		X	X	X
Ponte Caldelas	X	X	X	X
Ponteareas		X	X	X
Pontecesures		X	X	X
Porriño, O	X	X	X	X
Portas		X	X	X
Rodeiro		X	X	



	SANCIONS TRÁFICO	XESTIÓN CATASTRAL	TAXAS	RECADACIÓN EXECUTIVA
Rosal, O	X	X	X	X
Salceda de Caselas	X		X	X
Salvaterra de Miño	X	X	X	
Sanxenxo		X	X	X
Silleda	X	X	X	
Soutomaior	X	X	X	X
Tomiño	X	X	X	X
Tui	X	X	X	X
Valga	X	X	X	X
Vila de Cruces		X	X	X
Vilaboa	X	X	X	X
Vilagarcía de Arousa				X
Vilanova de Arousa	X	X	X	X
Consortio para a Xestión do ciclo urbano da auga do Louro				X



	SANCIONS TRÁFICO	XESTIÓN CATASTRAL	TAXAS	RECADACIÓN EXECUTIVA
Consortio provincial contra incendios				X
Entidade local menor de Bembrive				X
Entidade local menor de Chenlo				X
Mancomunidade do Val Miñor				X
Mancomunidade do Morrazo				X

TAXAS E PREZOS PÚBLICOS:

CONCELLO	TAXAS DELEGADAS
Arbo	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Praza de abastos
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
Barro	Recollida de lixo
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
	Auga (Polígono Barro-Meis)
	Canon auga (Polígono Barro-Meis)
	Sumidoiro (Polígono Barro-Meis)
Baiona	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos



CONCELLO	TAXAS DELEGADAS
	Cemiterios
	Escaparates
	Toldos
	Marquesiñas
Caldas De Reis	Recollida de lixo
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
	Depuración
Cambados	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Balcóns
	Terrazas
	Marquesiñas
	Elementos construción pechados
	Escaparates
	Letreiros
	Toldos
	Paraventos e similares
	Licenza taxi
	Quioscos
	Ocupación vía pública
	Caixeiros automáticos
Campo Lameiro	Recollida de lixo
	Postos praza
	Licenza taxi
	Arrendamento parcelas
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
A Cañiza	Recollida de lixo
	Canalóns
	Auga



CONCELLO	TAXAS DELEGADAS
	Canon auga
	Sumidoiro
	Enganche auga
Catoira	Recollida de lixo
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
	Depuración
Cerdedo-Cotobade	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
	Escaparates
	Letreiros
	Toldos
	Marquesiñas
O Covelo	Recollida de lixo
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
Crecente	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Praza de abastos
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
Cuntis	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
Dozón	Recollida de lixo



CONCELLO	TAXAS DELEGADAS
	Entrada de vehículos
A Estrada	Recollida de lixo
	Postos ambulantes
	Praza de abastos
	Mesas e cadeiras
	Toldos
	Marquesiñas
	Entrada de vehículos
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
	Mantemento
	Conexión sumidoiro
	Conexión Servicio augas
	Taxa uso privativo vía pública
	Licencia urbanística
	Servizo auxilio e salvamento
	Taxa apertura establecementos
	Taxa licenza autotaxis
	Taxa ocupación por materiais
Taxa ocupación voo e outros	
Fornelos De Montes	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Cemiterios
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
Agolada	Recollida de lixo
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
	Escaparates
	Letreiros



CONCELLO	TAXAS DELEGADAS
	Reserva aparcamento
	Entrada de vehículos
Gondomar	Recollida de lixo
Lalín	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Toldos
	Marquesiñas
	Mesas e cadeiras
	Praza de abastos
A Lama	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
	Cemiterios
	Praza de abastos
Meaño	Recollida de lixo
Meis	Recollida de lixo
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
	Coeficiente vertedura
	Entrada de vehículos
Moaña	Postos ambulantes
	Entrada de vehículos
	Ximnasia - loga
	Escola música
	Conexión sumidoiro
	Conexión servizo augas
	Sumidoiros e depuración augas
	Atención Infancia
	Servizo axuda fogar
	Mesas e cadeiras



CONCELLO	TAXAS DELEGADAS
	Servizo ludoteca municipal
	Matadoiros, lonxas e mercados
	Autotaxis
	Sacas de area, materiais de construción
	Subsolo, solo e voo da vía pública
	Expedición de documentos administrativos
	Cemiterios
	Instalacións deportivas municipais e centros socioculturais
	Servizos sociais-culturais
	Limpeza testeiras
	Licenzas de apertura de establecementos
	Licenzas e outros servizos urbanísticos
	Taxa uso privativo vía pública
	Mondariz
Traslado, tratamento e eliminación lixo	
Entrada de vehículos	
Auga	
Canon auga	
Sumidoiro	
Mondariz-Balneario	Recollida de lixo
	Praza de abastos
Moraña	Recollida de lixo
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
	Coeficiente vertedura
As Neves	Recollida de lixo
	Sumidoiro
	Entrada de vehículos
	Auga
	Canon auga
	Mantemento
Oia	Recollida de lixo



CONCELLO	TAXAS DELEGADAS
	Sumidoiro
Pazos De Borbén	Recollida de lixo
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
O Porriño	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Praza de abastos
	Postos ambulantes
	Caixeiros automáticos
	Mesas e cadeiras
	Taxa licenza Construcións, Obras e Instalacións
	Taxa licencia actividade e apertura
	Taxa ocupación terreos
	Vaos
	Conexión sumidoiro
	Licencia urbanística
Taxa uso privativo vía pública	
Portas	Recollida de lixo
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
Poio	Cemiterios
	Entrada de vehículos
Ponteareas	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Praza de abastos
	Postos ambulantes
Ponte-Caldelas	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Postos ambulantes
	Praza de abastos
	Licenza taxi



CONCELLO	TAXAS DELEGADAS
Pontecesures	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Sumidoiro
	Cemiterios
Rodeiro	Recollida de lixo
	Auga
	Canon auga
O Rosal	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Praza de abastos
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
Salceda De Caselas	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
Salvaterra De Miño	Recollida de lixo
Sanxenxo	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
Silleda	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Auga
	Canon auga
	Sumidoiro
	Depuración
	Conservación contadores
Soutomaior	Recollida de lixo
	Traslado, tratamento e eliminación lixo
	Entrada de vehículos
Tomiño	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
	Postos ambulantes
Tui	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos



CONCELLO	TAXAS DELEGADAS
Valga	Recollida de lixo
	Sumidoiro
Vilaboa	Recollida de lixo
	Sumidoiro
	Coeficiente vertedura
Vila De Cruces	Recollida de lixo
	Entrada de vehículos
Vilanova De Arousa	Recollida de lixo
	Traslado, tratamento e eliminación lixo
Mancomunidade Do Morrazo	Recollida de lixo
Comarca do Deza e Tabeirós	Taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios do consorcio e outros ingresos do mesmo.
Consortio contra incendios comarcas Baixo Miño, Condado e Louriña	Taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento
Consortio contra incendios comarca do Salnés (incluído consorcio provincial)	Taxa por prestación de servizo de extinción de incendios do consorcio e outros ingresos do mesmo
Consortio provincial contra incendios	Taxa pola prestación do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

ANEXO II – MODELO DE ACORDO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

O texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, atribúe aos entes locais determinadas facultades de inspección así como de xestión, liquidación e recadación tanto de tributos como do resto de ingresos propios de Dereito público e, ao mesmo tempo, no seu artigo 7 establece a posibilidade da súa delegación nos termos establecidos no dito artigo e no 106.3 da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

A complexidade que a realización destas tarefas comporta, así como o custo asociado en medios materiais e persoais que se derivarían para este concello mesmo no plano da realización de actuacións de obtención de información as que aluden os artigos 93 e 94 da LXT, aconsella a utilización da fórmula de delegación que permite un eficaz e adecuado exercicio das facultades mencionadas.



Á vista do descrito, propónse ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a delegación na Deputación Provincial de Pontevedra, a través do ORAL, das seguintes facultades (**consignar as que procedan**):

XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA:

- **Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI).**
- **Imposto sobre Actividades Económicas (IAE)**
- **Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM)**
- **Imposto sobre o Incremento de valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU)**
- **Recollida de lixo, transporte, eliminación de residuos e semellantes.**
- **Servizo de sumidoiros**
- **Outras taxas (literal das taxas)**

INSPECCIÓN:

- **Imposto sobre Actividades Económicas (IAE)**
- **Imposto sobre o Incremento de valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU)**
- **Liquidación provisional do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e da taxas por licenza de obras, así como a emisión, recadación e revisión da liquidación definitiva de cada un destes tributos.**
- **Liquidación provisional da taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral, así como a emisión, recadación e revisión da liquidación derivada desta (tamén chamada a Taxa do 1,5%).**
- **Outras taxas municipais (taxa de lixo, rede de sumidoiros, auga e vaos).**

RECADACION EXECUTIVA

- **Todos os ingresos de dereito público que se atopen pendente de cobro na Tesouraría municipal.**
- **Recursos públicos concretos: (indicar cales)**



MULTAS DE TRÁFICO:

- **Recadación voluntaria e executiva.**
- **Instrución do procedemento sancionador por infraccións de tráfico.**

SEGUNDO.- Dita delegación se efectúa en virtude do establecido no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación. Os termos nos que se desenvolverá dita delegación serán os establecidos na Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais – ORAL, na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos de xestión, inspección, e recadación que se prestan pola Deputación de Pontevedra, no Regulamento do servizo de colaboración na xestión de sancións de tráfico e moi especialmente pola Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas derivadas da delegación de competencias ou encomenda de xestión na Deputación Provincial de Pontevedra para o seu exercicio polo órgano desconcentrado ORAL.

SEGUNDO: Someter o texto da ordenanza aprobada provisionalmente a información pública e audiencia das persoas interesadas para que, durante o prazo mínimo de 30 días, poidan presentar as reclamación e suxerencias que estimen oportunas. Este acordo provisional elevarase a definitivo se non se presentan reclamacións.

TERCEIRO: O texto íntegro da Ordenanza e o acordo definitivo ou, no seu caso, o acordo provisional elevado a definitivo será publicado no BOPPO para os efectos oportunos e non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da LRBRL (art. 70.2 LRBRL).

2022029400	SUBMINISTRACION	SUBMINISTRO DOS LOTES 1 "ZONAS DE DESCANSO" E 3 "SINALÉCTICA INTEGRADA" RELATIVO AO CONTRATO DE "SUBMINISTRACIÓN DE ZONAS DE DESCANSO VERDES, SINALÉCTICA INTEGRADA E ILLAS ECOLÓXICAS DOS PROXECTOS "DA TÚA MAN" DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E "COMMERCE INSIDE" DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECIMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS. LOTE 1	VARIOS	215.768,41 €	22/12/2022
2022029400	SUBMINISTRACION	SUBMINISTRO DOS LOTES 1 "ZONAS DE DESCANSO" E 3 "SINALÉCTICA INTEGRADA" RELATIVO AO CONTRATO DE "SUBMINISTRACIÓN DE ZONAS DE DESCANSO VERDES, SINALÉCTICA INTEGRADA E ILLAS ECOLÓXICAS DOS PROXECTOS "DA TÚA MAN" DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E "COMMERCE INSIDE" DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECIMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS. LOTE 3	VARIOS	107.199,95 €	22/12/2022
			Total=	15.955.245,80 €	49

II.2. Control financeiro.

O TRLRFL recolle como unha das modalidades do control interno a desenvolver pola Intervención o control financeiro.



Artigo 213.1 TRLRFL:

1. *Se exercerán en las Entidades Locales con la extensión y efectos que se determina en los artículos siguientes las funciones de control interno respecto de su gestión económica, de los organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes, en sus modalidades de función interventora, función de control financiero, incluida la auditoría de cuentas de las entidades que se determinen reglamentariamente, y función de control de la eficacia.(...)*

O artigo 220 do TRLRFL define o control financeiro, como aquel que ten por obxecto:

(..) comprobar el funcionamiento en el aspecto económico-financiero de los servicios de las entidades locales, de sus organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes.

2. Dicho control tendrá por objeto informar acerca de la adecuada presentación de la información financiera, del cumplimiento de las normas y directrices que sean de aplicación y del grado de eficacia y eficiencia en la consecución de los objetivos previstos.

3. El control financiero se realizará por procedimientos de auditoría de acuerdo con las normas de auditoría del sector público.

4. Como resultado del control efectuado habrá de emitirse informe escrito en el que se haga constar cuantas observaciones y conclusiones se deduzcan del examen practicado. Los informes, conjuntamente con las alegaciones efectuadas por el órgano auditado, serán enviados al Pleno para su examen.”

O RD 424/2017 regula con maior grao de detalle o exercicio deste control financeiro, nas súas modalidades de control financeiro permanente e auditoría, con esixencia de aprobación dun plan anual de control financeiro, actuacións de seguimento e corrección (plan de acción).

O Plan anual de control financeiro e auditoría da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ao ano 2022 foi elaborado pola Intervención con data 2 de maio de 2022, e dación de conta ao Pleno en sesión ordinaria do 23/06/2022.

No que respecta a este control, no ano 2022 ampliouse o ámbito obxectivo do control incorporando, por primeira vez, o control financeiro en materia de ingresos. Esta incorporación pretende así ampliar a cobertura do control e dar cumprimento as prescricións legais nesta materia. Non en tanto, a ampliación do control non veu acompañada do incremento de medios persoais para a súa realización, o que limitou o alcance do mesmo.

- *Control financeiro subvencións concedidas.*

Como sinala o Informe resumo do control financeiro de subvencións que se achega para dación de conta ao Pleno xunto cos informes definitivos de control financeiro (artigo 36 RD 424/2017), o control financeiro de subvencións abrangueu un total de 37 expedientes na modalidade de control financeiro pleno, e 18 de comprobación de investimentos subvencionados pola Deputación, durante o período de adscrición.

Dos 37 expedientes obxecto de control financeiro pleno rematáronse á data de emisión deste informe 22 expedientes, estando os 15 restantes en tramitación. Os traballos de control de investimentos subvencionados foron completados no exercicio.

- *Control financeiro ingresos.*

No que atinxe ao control financeiro dos ingresos xestionados polo ORAL, con data 4/11/2022 elaborouse por esta Intervención o documento de planificación. O control financeiro limitouse aos expedientes de baixa de valores sen fiscalización previa, e referidos á figura impositiva local de maior transcendencia desde un punto de vista cuantitativo e cualitativo, que é o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) – Urbana, cunha selección de 344 expedientes correspondentes con 11 motivos de baixa. Na data de emisión deste informes estes traballos atópanse en execución.



II.3. Auditoría

O Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría correspondente ao exercicio 2022 incluíu a auditoría das contas 2021 das entidades adscritas e dependentes³ (Consortio Provincial Contra Incendios e Escola de Enfermería). Así mesmo, incluíuse a auditoría do rexistro de facturas 2020 e 2021.

- Auditoría de contas

Para a realización das auditorías de contas dos Consortios e da Escola contouse coa colaboración dunha firma privada de auditoría (NETADIA EUROPA S.L.P).

O informe e o memorando definitivos das contas anuais 2021 do Consortio Provincial (expediente nº 2022056077) foron asinados en data 9/03/2023. O informe e o memorando das contas anuais 2021 da Escola de Enfermería (expediente nº 2022056075) foron asinados en data 24/02/2023.

Nos dous supostos os informe de auditoría conteñen unha opinión denegada. Esta opinión denegada por limitacións ao alcance, fundaméntase na falta de levanza dunha xestión patrimonial, non constando, en moitos dos casos, a documentación correspondente á adquisición, cesión ou adscrición dos bens, sen que exista un inventario físico e contable, polo que non resulta posible a súa verificación.

- Auditoría do rexistro de facturas

A importante carga de traballo da Intervención imposibilitou a execución no ano anterior da auditoría do Rexistro de facturas do exercicio 2020, que incluíuse no Plan anual 2022, xunto coa auditoría do rexistro de facturas 2021.

Con datas 9/03/2023 e 13/03/2023 emitíronse os informe desta Intervención de auditoría do rexistro de facturas 2020 e 2021, respectivamente.

En todo caso, subsiste a principal discrepancia posta de manifesto na auditoría do rexistro de facturas 2019 referida á falta de implementación dun rexistro integrado ou interrelacionado coa contabilidade.

III. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

En liñas xerais as conclusións e recomendacións coinciden coas referidas no informe – resumo do ano anterior, sen prexuízo de destacar certos avances e a posta e marcha de medidas de mellora.

- Contratación

Con carácter xeral os recoñecementos extraxudiciais se corresponden coa fase de recoñecemento das obrigas de gasto, pola existencia de defectos procedimentais e atrasos na execución (vicios) ou gastos de carácter menor cuxa factura se achega no exercicio seguinte (recoñecemento pechados).

³ No que respecta á auditoría de contas das entidades adscritas (consorcios), cómpre sinalar a modificación do apartado terceiro do artigo 122 da Lei 40/2015, pola Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamento Xerais do Estado para o ano 2022, que limita a obrigatoriedade de realización da auditoría de contas dos consorcios a aqueles supostos nos que se superen determinados importes referidos ás partidas de activo, ingresos de xestión ordinaria ou número medio de traballadores. Esta modificación supón a exclusión da obrigatoriedade de auditar as contas do Consortio contra Incendios Deza Tabeirós, de xeito que, aínda que a inclusión no Plan anual de control é potestativa para esta Intervención, considerando a falta de acontecementos ou cambios relevantes na estrutura organizativa ou de xestión deste consorcio, optouse por non incluírse no plan deste exercicio.



A redución de reparos e/ou tramitación de expedientes de recoñecemento extraxudicial esixen un esforzo conxunto de toda a organización en materia de planificación e programación da contratación. Debe prestarse especial atención á redución da contratación menor, reservada legalmente para necesidades puntuais e, en ningún caso, para servizos que aínda que poidan ter unha contía reducida, teñen un carácter reiterado ou recorrente.

Neste sentido se debe potenciar un control global con implicación dos centros xestores no que atinxe a unha maior racionalización da contratación (potenciación dos acordos marco e sistemas dinámico) con un uso adecuado do contrato menor, evitando os fraccionamentos e contratacións recorrentes.

Así mesmo, tan pronto como a dispoñibilidade de medios e planificación do control financeiro o permitan, recomendase a inclusión da contratación no control financeiro, en atención a súa consideración como área de risco.

- Subvencións

No ámbito das subvencións advírtese da necesidade dun esforzo conxunto para mellorar a tramitación, simplificar e homoxeneizar procedementos e completar o procedemento electrónico destes expedientes.

Xunto coa necesidade de dar cumprimento á obriga legal de aprobación dun Plan Estratéxico de Subvencións, reiteramos algunhas medidas propostas nos informes resumo dos anos anteriores, referidas á conveniencia da revisión de liñas de subvencións con múltiples beneficiarios e contías moi reducidas, das que recoméndase valorar o mantemento en base a criterios de eficiencia (excesivo custe de tramitación).

Tamén recordamos a conveniencia de revisar a Ordenanza, modelos de bases en réxime de concorrència, así como o contido dos Convenios correspondentes a subvencións nominativas e directas e incorporar unha regulación detallada de acordo coas recomendacións formuladas en materia de control financeiro de subvencións.

- Administración electrónica.

A transformación dixital das Administracións Públicas esixe un traballo continuo que permita acadar os obxectivos de mellora da eficiencia administrativa, incremento da transparencia e participación, garantía de servizos dixitais facilmente utilizables e mellora da seguridade xurídica.

A consecución dunha Administración totalmente electrónica e interconectada, esixe seguir avanzando, a efectos de garantir que a totalidade dos procedementos administrativos se tramiten electrónicamente e que a cidadanía poida relacionarse por estes medios, tanto nos supostos obrigados pola normativa, como naqueles nos que así o decida voluntariamente. O proceso de dixitalización debe tratar de acadar unha simplificación da tramitación administrativa, un mellor cumprimento das esixencias legais e mecanismos de control así como unha maior facilidade de uso e satisfacción por parte da cidadanía.

No que atinxe á tramitación procedimental, para acadar unha redución efectiva dos tempos de tramitación estímase necesaria a implantación global dunha tramitación integramente electrónica. A definición e categorización dos tipos de expedientes e subexpedientes, configuración e/ou revisión de circuitos de tramitación automatizados e sinatura electrónica en todos os trámites, permitirían reducir notablemente os tempo de tramitación favorecendo un maior grao de cumprimento.



Así mesmo recoméndase a implantación de módulos integrais de tramitación electrónica e interrelacionados cos programas contable e de xestión de expedientes en áreas de especial transcendencia, como recursos humanos ou patrimonio.

- Contabilidade

No informe resumo anual 2020 destacouse a insuficiencia do programa contable para desenvolvemento adecuado da xestión económico – financeira e patrimonial desta entidade, recomendando o inicio das actuacións correspondentes para poder levar a cabo a actualización deste sistema.

O Plan de acción aprobado por RP número 2021004270 en data 19/07/2021 incluiu como obxectivo prioritario estruturado en tres fases a execución dun proxecto de modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial da Deputación e entidades adscritas e dependentes.

Nos anos anteriores levouse a cabo o deseño e planificación inicial, así como a licitación dos sistemas. O procedemento de contratación, declarouse deserto ao non acadar a única oferta presentada a puntuación mínima esixida nos pregos. Esta situación obedeceu principalmente a un defecto de achega da documentación que impediu a valoración das funcionalidades dos sistemas ofertados. A efectos de facilitar a preparación da documentación procedeu a unha revisión dos formatos así como unha maior concreción dos aspectos a valorar no apartado de funcionalidades. O procedemento está tramitación con previsión de adjudicación no primeiro cuatrimestre deste exercicio.

A execución deste proxecto debe manter o seu carácter prioritario e completarse as fases previstas no Plan.

- Rexistro de facturas

Respecto ao rexistro de facturas debe procederse á revisión e mellora de configuración e funcionamento. A regulación legal esixe acadar unha integración ou interrelación do rexistro co programa contable. A consecución deste obxectivo esixe a disposición dun programa contable actualizado que permita integrar o rexistro na contabilidade así como a obtención dos datos referentes á morosidade, PMP e información económica - orzamentaria de remisión periódica, directamente da contabilidade.

O proxecto de Prego de Prescricións Técnicas (PPT) para modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial inclúe as referencias a este módulo, con previsión de inclusión dunha funcionalidade de auditoría deste rexistro, polo que enténdese que coa implantación do novo sistema poderase dar cumprimento a este obxectivo.

- Fiscalización e control financeiro

A efectos dunha mellora no desenvolvemento das tarefas de fiscalización e control financeiro, destacamos as seguintes propostas de actuación:

- Ampliación do ámbito material do control financeiro abarcando a totalidade de supostos de control financeiro posterior obrigatorio e a inclusión de áreas de risco.*



- *Estudo e revisión do modelo de fiscalización previa con valoración da implantación dunha fiscalización previa limitada e control financeiro posterior en determinadas áreas.*
- *Revisión dos procedementos e modelos de tramitación dos expedientes con vicios ou defectos procedimentais.*

O cambio esixe unha maior dotación de medios, estudo e revisión do modelo de control, e un adecuado deseño e integración na tramitación electrónica. Na implantación deberase reforzar especialmente (frecuencia temporal e número de expedientes) o control financeiro posterior das áreas de maior risco ou complexidade.

- Entidades dependentes

Respecto da auditoría de contas de entidades dependentes, a opinión denegada nos informes de auditoría dos dous anos anteriores, obedece principalmente á falta dunha xestión patrimonial tanto a nivel de inventario ou patrimonial como contable. Recoméndase realizar un estudo e planificación para actualización do inventario considerándose imprescindible a disposición dun módulo integrado coa contabilidade que garanta o enlace e, por conseguinte, a conciliación contable e a levanza dunha adecuada xestión patrimonial.

No que atinxe á Escola de Enfermería recoméndase, ademais, un impulso decidido no proceso de transferencia á Universidade.

O proxecto de modernización da xestión económico – patrimonial en tramitación inclúe as entidades adscritas ou dependentes. Paralelamente e con carácter prioritario, estas entidades deben realizar unha actualización do inventario e regularizar, no seu caso, as cesións e/ou adscricións correspondentes.

IV. MEDIDAS PROPOSTAS PARA INCLUIR NO PLAN DE ACCIÓN

Segundo o disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, corresponde á Presidenta da Deputación a formación dun Plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no Informe resumo dos resultados do control interno, elaborado pola Intervención.

O plan de acción elaborárase no prazo máximo de 3 meses desde a remisión deste informe resume ao Pleno e conterá as medidas de corrección a adoptar, os medios para consecución dos mesmos e os responsables de implementalas, así como e o calendario de actuacións a realizar, relativos tanto á xestión da propia Corporación como á dos organismos e entidades públicas adscritas ou dependentes e das que exerza a tutela.

Unha vez elaborado, o plan de acción será remitido ao órgano interventor, que valorará a súa adecuación para solventar as deficiencias sinaladas e, no seu caso, os resultados obtidos, e informará ao Pleno sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto no exercicio do control interno, permitindo así que o Pleno realice un seguimento periódico das medidas correctoras implantadas para a mellora da xestión económico financeira.

Por RP de data 2021004270 do 19/07/2021 aprobouse o primeiro Plan de acción Provincial. Este Plan e o de 2022 articuláronse en torno a un obxectivo prioritario que é a modernización dos sistemas de xestión económico – financeira e patrimonial da Deputación de Pontevedra, como peza clave para acadar da maneira máis eficiente e coas maiores garantías a implantación dunha administración electrónica avanzada e plenamente integrada.



O Plan articulou o procedemento en tres de fases, de estudo e deseño, implantación e posta en marcha. Considerando á previsión de adxudicación o primeiro cuadrimestre do ano, os principais esforzos no exercicio 2023 deben centrarse no desenvolvemento do proceso de implantación. Resultaría moi recomendable abordar no proceso de implementación e revisión de determinados circuitos e procedementos co obxecto de acadar unha xestión integrada e mellorada en termos de cumprimento e eficiencia.

IV.1. Medidas propostas

As medidas propostas por esta Intervención se corresponden con actuacións referidas ao ámbito de xestión económico – orzamentario, control e contabilidade que competen a este órgano, sen prexuízo doutras actuacións que, no seu caso, en base as conclusión e recomendacións deste Informe, sexan acordadas polo órgano competente e incorporadas ao Plan de acción.

Así mesmo, as medidas propostas non esgotan a totalidade da actuacións que entendemos como necesarias, si ben responden a unha orde de prelación, en consideración á maior necesidade ou configuración como requisito previo para o avance e planteamento de novas medidas.

- **Modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial da Deputación e entidade adscritas e dependentes.**

Como referimos nos Informe anuais anteriores se trata dun obxectivo básico e prioritario en tanto peza clave para o avance en materia de tramitación electrónica e requisito necesario para a consecución doutros obxectivos.

Neste sentido recomendamos centrar os esforzos na licitación e implantación do novo modelo para completar nesta anualidade á 2ª fase prevista no Plan anual 2022.

Actuacións 2023:

- Actuacións de implementación do novo sistema de xestión económico – financeira e patrimonial da Deputación de Pontevedra e entidades adscritas e dependentes, incluíndo a personalización e deseño do modelo, formación e posta en marcha.

- **Regularización da xestión patrimonial.**

Como sinalouse nos Informes anuais anteriores, a dotación de medios persoais e materiais actuais resulta insuficiente para a levanza dunha xestión patrimonial adecuada.

No que respecta aos medios materiais, o proxecto de modernización do sistema de xestión económico – patrimonial, configúrase como o instrumento idóneo para unha levanza axeitada do inventario e consecución efectiva da coordinación contable e patrimonial, ao establecerse unha vinculación da alta no inventario coa tramitación de todas as facturas/certificacións de investimentos.

Non en tanto, a aplicación non solventa outras cuestións como abordar a estrutura organizativa e o modelo centralizado/descentralizado de xestión coa dotación de medios necesaria e a revisión retroactiva do inventario así como a súa conciliación co patrimonio contabilizado ata a data.



Actuacións 2023:

- *Implantación do módulo de xestión patrimonial incluíndo as actividades de formación que permitan a posta en marcha dos sistema de rexistro a finais de ano e o funcionamento integrado co sistema de xestión contable tan pronto como este se atope en funcionamento*
- *Deseño e planificación polo Servizo encargado da xestión patrimonial, das actuacións de revisión do Inventario, determinación dos medios e planificación temporal, recomendando non demorar o inicio das tarefas de revisión máis aló do 2024.*

- Revisión dos procedementos de xestión de ingresos e expedientes relacionados.

Recoméndase realizar unha revisión dos procedementos en materia de xestión de ingresos. A revisión debe ter por obxecto a mellora e simplificación dos procedementos, tramitación electrónica dos mesmos, cumprimento da legalidade, revisión do procedemento de control, e maior facilidade de uso e de pago pola cidadanía.

A revisión conleva necesariamente unha actividade de programación, polo que ao non contar a Intervención con persoal con coñecementos nesta materia, resulta indispensable á asistencia do servizo de Novas Tecnoloxías. A participación da Tesouraría sería importante, principalmente para definición e programación da tramitación recadatoria para ingresos propios (medios de pagamento, aprazamentos, fraccionamentos e executiva). Resulta especialmente recomendable que as actuacións de revisión destes circuitos se inicien e desenvolvan nos aspectos principais de xeito simultáneo a implementación e posta en marcha do novo sistema de xestión contable.

No que atinxe ao servizo de publicacións no Boletín, a revisión do procedemento de xestión e pago debe acompañarse dunha revisión organizativa con cambio de adscrición (actualmente adscrito a esta Intervención), en tanto que debe ser integrado no servizo que corresponda acorde coa súa natureza, sen prexuízo das tarefas que, en materia de xestión de ingresos do Boletín, continúen a ser xestionadas pola Intervención e/ou Tesouraría.

Así mesmo e na mesma liña de ordenanzas que foron revisadas en anos anteriores (Taxa por dereitos de exame ou Taxa de autorización de obras e actuacións en zonas de dominio público, protección e influencia das estradas provinciais e actuacións suxeitas a declaración responsable) aconsellase a revisión das ordenanzas e sistemas de liquidación doutros ingresos recorrentes desta Deputación.

Actuacións 2023:

- *Deseño e implantación dun procedemento automatizado e de tramitación integramente electrónica en materia de xestión de anuncios no BOP.*
- *Cambio de adscrición do procedemento de xestión de anuncios no BOP.*
- *Revisión da regulación (ordenanza/acordo regulador) dun ingreso de carácter recorrente desta Deputación coa finalidade de mellora da regulación e simplificación e automatización dos procesos de xestión e pagamento.*
- *Deseño e revisión dos procedementos e circuitos xerais en materia de ingresos.*

- Control financeiro posterior

A pesares da regulación legal respecto das obrigas en materia de control financeiro posterior e da clara vontade desta Intervención de incrementar o ámbito do control, a importante carga de traballo e a limitación de medios dificultan a ampliación.

O Plan anual 2022 incluíu por primeira vez actuacións de control financeiro posterior en materia de ingresos, en concreto no ámbito de recursos xestionados por delegación polo ORAL. Segundo



detalla o documento de planificación as actuacións de control centráronse nos expedientes de baixa de valores sen fiscalización previa, referidos á figura impositiva local de maior transcendencia desde un punto de vista cuantitativo e cualitativo, que é o Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) – Urbana.

A realización deste control non só permite dar cumprimento á obriga legal, senón que tamén posibilita unha revisión dos expedientes e formulación, no seu caso, de propostas de mellora na tramitación.

Na medida do posible recoméndase continuar coas actuacións de control financeiro dos ingresos xestionados polo ORAL.

Actuacións 2023:

- *Inclusión no Plan anual de control financeiro 2023 de novas actuacións en materia de control financeiro posterior de ingresos xestionados polo ORAL.*
- o **Subvencións.**

En materia de subvencións destacamos as seguintes necesidades:

- *Elaboración dun Plan Estratéxico de Subvencións.*
- *Revisión da normativa propia en materia de subvencións (Ordenanza Xeral, Bases de execución) co obxecto de resolver de xeito expreso, deficiencias ou problemas de interpretación detectados en fase de fiscalización ou control financeiro de subvencións.*
- *Deseño dos modelos de convenios reguladores das subvencións directas e nominativas.*
- *Revisión dos expedientes electrónicos, formularios e circuitos de tramitación, con estandarización de procesos e formularios e configuración de circuitos e trámites automatizados, permitindo unha maior celeridade en materia de tramitación e control dos expedientes.*

Actuacións 2023:

- *Elaboración e aprobación dun Plan Estratéxico de subvencións.*
- *Presentación dunha proposta de Ordenanza e modelos de Convenio adaptados a un procedemento de tramitación integramente electrónico.*
- o **Entidades adscritas ou dependentes.**

A xustificación da denegación da opinión nas auditorías das contas das entidades adscritas e dependentes obedece a falta de implantación dunha xestión patrimonial e inexistencia dun inventario actualizado patrimonial e contable.

Os Plans de acción anteriores inclúen estas entidades no ámbito subxectivo do proxecto de modernización do sistema de xestión económico financeiro e patrimonial, de xeito que a implantación dun novo sistema permitirá a estas entidades dispoñer dunha ferramenta plenamente integrada coa contabilidade que lle permita a levanza axeitada do inventario e da contabilidade patrimonial.

Non en tanto, e en atención as deficiencias referidas na auditoría no que atinxe á falta de documentación, acordos de adscrición, cesión ou titularidade de certos bens, deberá levarse a cabo simultaneamente un proceso de revisión e actualización do Inventario con regularización da situación xurídica dos bens que corresponda.

Así mesmo, e considerando a competencia impropia que se vén exercendo respecto da Escola de Enfermería deberase iniciar e/ou impulsar o procedemento de transferencia da Escola.

Actuacións 2023 - 2024



- *Deseño e execución da revisión e regularización do Inventario das entidades adscritas e dependentes.*
- *Inicio das actuacións para promover a transferencia da Escola de Enfermería.*

○ **Outras consideracións.**

As actuacións propostas non abranguen a totalidade das necesidades, por imposibilidade de atención cos medios dispoñibles e a conveniencia de concentrar os esforzos en actuacións de carácter prioritario no medio prazo.

Así mesmo, existen actuacións que exceden do ámbito desta Intervención, cuxo deseño e planificación compete a outros servizos. Así, por exemplo, a revisión da tramitación electrónica dos expedientes co obxecto de definir circuitos e operacións automatizadas, recomendándose empezar pola revisión dos expedientes de contratación, incluíndo todas as fases, isto é preparación e adxudicación así como execución (módulo de certificacións, garantía, recepción, liquidación,...) e os expedientes de subvencións, así como a revisión dos sistemas de xestión dos recursos humanos, de xeito que, ben con aplicativos dispoñibles no mercado ou de desenvolvemento propio, se desenvolvan funcionalidades que permitan unha tramitación máis automatizada e integrada dos procedementos.

IV.2. Actuacións correctoras xa implementadas ou en trámite.

- *Actuacións de deseño dun novo sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial O I e o II Plan de acción Provincial da Deputación de Pontevedra, centraron os esforzos no proxecto xa referido de modernización do sistema de xestión económico – financeira e patrimonial. O proxecto estruturouse en tres fases:*

- *1ª fase: 2021. Determinación do ámbito material do proxecto. Planificación das actuacións para implantación do modelo de xestión patrimonial. Elaboración dos pregos reguladores da contratación.*
- *2ª fase: 2022. Contratación, personalización e deseño do modelo. Actuacións de implantación e formación.*
- *3ª fase: 2023. Posta en marcha dos novos sistemas de información.*

A mediados de 2022 procedeuse a licitación deste proxecto, si ben o mesmo foi declarado deserto a non acadar a única das ofertas presentadas a puntuación mínima esixible respecto dos criterios avaliados mediante xuízo de valor. Esta situación, a posterior revisión dos prezos e tramitación dunha nova licitación demorou en arredor de medio ano o proceso, obrigando a unha revisión da planificación estimada respecto das fases pendentes, de conformidade co seguinte:

- *2ª fase: 2023. Contratación, personalización e deseño do modelo. Actuacións de implantación e formación.*
- *3ª fase: 2024. Posta en marcha dos novos sistemas de información.*

- *Outras actuacións implementadas ou en marcha:*

○ **Contratación:**

No Informe de avaliación do Plan anterior destacáronse como medidas positivas a regulación nas Instrucións de contratación da tramitación ordinaria con publicidade dos contratos menores de importe superior a 3.000 €, co obxecto de ampliar a concorrência na actividade contratual



desta Deputación; así como a necesidade de autorización previa de todos os contratos de patrocinio, incluídos os de importe inferior a 3.000 €.

Valórase positivamente a tramitación e adxudicación no exercicio de sistemas dinámicos de adquisición e acordos marco que permiten unha racionalización da contratación, garantindo unha execución áxil sen acudir á contratación menor.

Ademais, destacamos os traballos que o equipo de programación do Servizo de Novas Tecnoloxías iniciou no ano 2022, coa colaboración da Intervención, para desenvolvemento dun módulo de certificacións. A acumulación de traballo e das necesidades de programación do Servizo de Novas Tecnoloxías, impediu a finalización deste proxecto que prevese rematar no ano en curso.

- *Control financeiro*

No Plan anual de control financeiro 2022 ampliouse o ámbito obxectivo do control, incluíndo por primeira vez actuacións de control posterior en materia de ingresos xestionados polo ORAL.

V. VALORACIÓN DA EXECUCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN 2022.

Con data 14/03/2022 emitiuse o Informe resumo da Intervención Provincial dos resultados do control interno no exercicio 2021, do que deuse conta ao Pleno na sesión ordinaria do mes de marzo. Como resultado do control efectuado propúxose pola Intervención a adopción dunha serie de medidas de corrección e mellora.

Tomando en consideración as recomendacións e propostas de actuacións sinaladas no Informe da Intervención provincial, elaborouse o Plan de acción Provincial 2022, aprobado por RP número 2022004045, de data 26/05/2022.

Como sinala o referido Plan, a determinación das actuacións propostas adecuouse a criterios realistas, condicionado polos medios dispoñibles e prazo de execución do Plan, articulando o Plan de acción en torno a o obxectivo prioritario, xa sinalado no plan anterior, de modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial da Deputación de Pontevedra e entidades adscritas e dependentes, concentrando así a atención e os esforzos deste segundo plan de acción na contratación, personalización e deseño do modelo de xestión económico-financeiro e patrimonial e inicio das actuacións de implantación, formación e posta en marcha.

Como referimos no apartado anterior, o Plan articulou esta medida en tres fases a executar en tres anualidades, unha primeira de deseño e planificación, unha segunda de licitación, formación e implantación e unha terceira de posta en marcha.

A primeira fase desenvolveuse con certo atraso, finalizando no primeiro trimestre do 2022. O procedemento de contratación licitouse no mes de xullo do ano 2022, si ben a declaración de deserto obrigou a unha revisión dos pregos e inicio dunha nova tramitación, o que supuxo unha demora de máis de seis meses nos tempos de tramitación. Considerando o estado actual de tramitación prevese completar a segunda fase neste anualidade.

Aínda que este retraso supón un incumprimento do cronograma contido no Plan de acción, valorase positivamente o grao de avance do proxecto, con previsión de completar a segunda fase neste anualidade.”



A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do **informe de Intervención resumo do control interno correspondente ao exercicio 2022**, en relación ó disposto no artigo 37 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades locais, así como nos artigos 213 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

9. DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE O CONTROL FINANCEIRO EXECUTADO NO ANO 2022 SOBRE SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS NO EXERCICIO 2020. (EXPTE.- 2023020830 - 2023016997).

A Intervención elaborou un informe sobre o control financeiro executado no ano 2022 sobre subvencións concedidas no exercicio 2020, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 9 de marzo de 2023, onde se deixa constancia do seguinte:

INFORME DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIÓNS 2020.

INTRODUCCIÓN.

O presente informe refírese ao traballo de control financeiro de subvencións concedidas no exercicio 2020.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, establécese un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, dentro dos cales se pode encadrar a actividade de control financeiro das subvencións. Este vén esixido polo artigo 44 da Lei que, no seu apartado 3, establece que a competencia para o exercicio do control financeiro de subvencións lle corresponderá á Intervención Xeral da Administración do Estado...; así mesmo, na Disposición adicional 14ª establécese que os procedementos regulados nesta Lei se adaptarán regulamentariamente ás condicións de organización e funcionamento das corporacións locais.

No que se refire á competencia para exercer o control financeiro das subvencións, a disposición adicional décimo cuarta da Lei xeral de subvencións establécese que “a competencia para exercer o control financeiro das subvencións concedidas polas corporacións locais e os organismos públicos delas dependentes lles corresponderá aos órganos ou persoal funcionario que teñan atribuído o control financeiro da xestión económica das devanditas corporacións referidos nos artigos 213 e seguintes do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais”.

Este informe ten por obxecto informar das actuacións de control financeiro en materia de subvencións planificadas e executadas, grao de cumprimento do Plan, resultado das actuacións, conclusións e formular as recomendacións correspondentes.

Como en exercicios precedentes, no 2020 as subvencións sometíanse ó control de fiscalización previa dos expedientes de concesión e de xustificación. O control financeiro non se estaba realizando na súa integridade xa que a comprobación da aplicación das subvencións



consiste na revisión da documentación remitida polas entidades e persoas beneficiarias e cando se trata de axudas para a realización de investimentos, nalgúns casos, realízase a inspección física e verifícase que a xefatura do servizo, que tramitou o expediente da subvención, elaborou un informe sobre o cumprimento da súa finalidade.

Desenvolvéronse tres tipos de control, un Control Financeiro Pleno, no que se contrata a unha empresa externa para colaborar en este ámbito, outro Limitado, cun alcance mais reducido, e un terceiro co obxectivo de comprobación do período de adscrición das subvencións cuxa finalidade sexa o financiamento de bens inventariables.

Neste exercicio, tal e como se fixo no exercicio 2019, o criterio de selección de expedientes atende a os criterios de procedemento de concesión así como o seu importe, de tal xeito que fíxose a selección de todas aquelas subvencións concedidas polo procedemento directo que superen os 19.999,99 €, e nominativo que superen os 14.999,00 € dado que son os de maior volume económico, é onde se concentra mais risco de incumprimentos en función dos traballos de exercicios precedentes, estendéndose o criterio cuantitativo as concedidas por concorrencia competitiva que superen o importe de 18.999,00 €, asemade fíxose unha selección por sorteo de aquelas subvencións concedidas por concorrencia competitiva cuxo importe se encontre entre os 5.999,99 € e os 18.998,00 €. Adicionalmente, para comprobación de subvencións de inversións o importe mantense nos 10.000,00 € como nos exercicios anteriores.

OBXECTIVOS.

Os traballos de Control Financeiro Pleno das subvencións concedidas no exercicio de 2020, tiveron coma finalidade fundamental verificar:

- *A adecuada e correcta obtención das subvencións por parte do beneficiario*
- *O cumprimento por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras das obrigacións de xestión e aplicación das subvencións.*
- *A adecuada e correcta xustificación das subvencións por parte dos beneficiarios e entidades colaboradoras e a consecución do obxecto da subvención*
- *A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polos beneficiarios e colaboradores, foron financiadas coa subvención.*
- *O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.*
- *A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración polos beneficiarios, que poidan afectar á correcta obtención, utilización, gozo ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.*

Este control a posteriori realízase mediante a técnica de auditoría pública.

Sobre as actuacións de control, estas consisten en:

- *O exame de rexistros contables e estados financeiros que as soportaban.*
- *Operacións individualizadas relacionadas ou que afectasen ás subvencións concedidas.*



- A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados con estas.
- A comprobación material dos investimentos financiados.
- As actuacións concretas de control que se debían realizar conforme á normativa reguladora.

Polo que se refire ás actuacións de comprobación do período de adscrición, estas consisten en:

- *O exame da conta xustificativa.*
- *A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflicten na mesma.*
- *Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas, ou copia compulsada.*
- *Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.*
- *Extracto bancario onde se reflictan os pagos e os ingresos relacionados ca subvención.*
- *Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.*

Co apoio dos técnicos dos centros xestores das subvencións concedidas, emítase informe sobre a comprobación in situ da referida adscrición.

DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO.

3.1. PLAN DE CONTROL FINANCEIRO.

O Control financeiro en materia de subvencións executouse de conformidade co Plan Anual. Este control realizouse no exercicio 2022 sobre as subvencións concedidas no ano 2020 xa que na data de realización dos traballos deben estar concluídas as actividades ou investimentos obxecto das diferentes intervencións.

Do total de subvencións excluíronse as subvencións concedidas ós concellos da provincia, outras entidades locais e entes públicos, xa que en cada un deles existe un órgano de control propio que fiscaliza a aplicación correcta dos fondos concedidos. Igualmente, pola presunción dun maior control e conseguinte redución de risco, exclúense aquelas axudas correspondentes con Plans e Programas que se executan conxuntamente, ou en coordinación, cos Concellos por ser estes beneficiarios da actividade desenvolta. Adicionalmente se exclúen tamén aquelas entidades que xa foron obxecto de Control Financeiro no exercicio precedente e que non tiveron incidencias.

Como consecuencia o detalle da mostra a traballar queda do seguinte xeito:

MAIOR DE 19.999,99 €	MAIOR DE 14.999,99 € €
NOMINATIVA	DIREITAS



SELECCIÓN	22	1.039.600,00 €	2	110.000,00 €
TOTAL	54	1.541.600,00 €	2	110.000,00 €
COBERTURA	40,74 %	67,44 %	100,00 %	100,00 %

Han sido obxecto de Control Financeiro 24 expedientes, os 2 de subvencións nominativas e 2 directas.

Por outra banda os 13 de importe maior a 18.999,00 € concedidos en concorrencia e 8 entre 5.999,99 € e 18.998,00 € se han seleccionado por mostreo.

CONCORRENCIA				
		MAIOR DE 18.999,00 €	ENTRE 5.999,99 € y 18.998,00 €	
SELECCIÓN	13	303.610,83 €	8	74.168,59 €
TOTAL	13	303.610,83 €	168	1.637.915,04 €
COBERTURA	100,00 %	100,00 %	5,76 %	4,52 %

A selección por mostreo se fixo utilizando follas de cálculo nas que figuran os datos de cada un dos expedientes de subvención, procedendo, mediante a función aleatoria (que inclúe Microsoft Excel), a asignar un número entre 0 e 1 con múltiples decimais a cada un dos expedientes. Unha vez feito isto e mediante outra fórmula de Excel (Buscar V) procedemos a buscar, dentro este rango de números aleatorios asignados, os x números maiores. O que fai esta función é ordenar os expedientes en función do número aleatorio asignado polo programa de maior a menor e así nos permite poder elixir os primeiros da lista en función do número de subvencións que se estimase que se deben revisar en cada un dos grupos.

A determinación dos expedientes a revisar que a inversión continúa adscrita o obxecto para que foi concedida, se fixo sobre aquelas subvencións concedidas por importe superior a 10.000,00 €, e que no fosen seleccionadas para o Control Financeiro, xa que será un dos obxectos de traballo do mesmo.

CAPÍTULO VII		
MAIOR DE 10.000,00 €		
	Nº EXP.	IMPORTE
SELECCIÓN	18	299.468,92 €
TOTAL	55	314.608,55 €



COBERTURA	32,73 %	62,77 %
------------------	----------------	----------------

DETERMINACIÓN DOS EXPEDIENTES A EXMINAR E CRITERIOS PARA A SÚA SELECCIÓN.

Reunidos na Deputación de Pontevedra as 13:35 o día 2 de maio de 2022 e estando presentes:

Dna. Susana Escaloni Varela, Vicenterventora da Deputación de Pontevedra

D. Julio Souto Diz, Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría da Deputación de Pontevedra

Dna. Paula Portela Yañez, Xefa do Negociado de Contabilidade de Inmobilizado da Deputación de Pontevedra.

Sortéanse os expedientes que forman parte do Control Financeiro de Subvencións segundo ó establecido no punto VI.1 do "Plan de Control Financeiro de Subvencións concedidas no exercicio 2020".

En primeiro lugar realizase o sorteo das subvencións de concorrencia competitiva, das que se seleccionaron os 8 expedientes sinalados no Plan de Control Financeiro mais 5 expedientes, a maiores, de reserva.

Resultando seleccionados os seguintes expedientes:

13 EXPEDIENTES SORTEO CONCORRENCIA COMPETITIVA (8 + 5 de reserva)			
NIF	TERCEIRO	DETALLE	IMPORTE
R3600091G	CONGREGACION HERMANAS FRANCISCANAS HOSPITALARIAS	CONTINUIDADE DO TALLER DE MUSICOTERAPIA	6.000,00
G94012671	CLUB REMO TUI	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)	6.985,45
G36623346	MONTE REAL CLUB DE YATES DE BAIONA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (VELA)	13.922,75
G36113827	ESCUELA PIRAGUISMO CIUDAD DE PONTEVEDRA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGUISMO)	14.985,07
G36111300	CLUB DE REMO ROBALEIRA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)	8.567,06
G36047793	CLUB DEPORTIVO MOAÑA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (FUTBOL)	6.483,51
G36205698	C DE REMO VILAXOAN	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)	10.675,88
G94146743	CLUB BADMINTON RAVACHOL PONTEVEDRA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (BÁDMINTON)	6.548,87
G36017929	FUNDACION RESIDENCIA DIVINA PASTORA DE VILAGARCIA	PROMOCIÓN DA CALIDADE DE VIDA DOS NOSOS MAIORES DENDE UNHA ATENCIÓN INTEGRAL	6.000,00
G36150803	ASOC DE DISCAPACITTADOS INTELECTUALES VIRGEN DE LA O	OBRADOIRO DESEÑO E ELABORACIÓN DE PRODUTOS PROPIOS EN MADEIRA	6.000,00



F36008563	SAT N 4035	ESTUDIO E INVESTIGACION SOBRE O PERFIL AROMATICO DO VIÑO E ADQUISICIONS VARIAS	6.435,50
G27773928	CLUB DEPORTIVO OLD SCHOOL BOXING	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (BOXEO)	6.086,96
G27746486	ASOCIACION XARUMA	NATURALMENTE: ACOMPAÑAMENTOS, RESPIROS FAMILIARES E FOMENTO DA VIDA AUTÓNOMA	6.000,00

Ademais completan a mostra, segundo o establecido no punto VI.1 do Plan de Control Financeiro, os seguintes expedientes:

13 EXPEDIENTES SUBVENCIONS CONCORRENCIA COMPETITIVA			
NIF	TERCEIRO	DETALLE	IMPORTE
G36024164	CLUB CISNE DE BALONMANO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (BALONMANO)	19.851,74
F36100782	COOP DEL CAMPO O RODO, S.C.L.	ADQUISICION DE FURGONETA E OUTRAS	20.137,18
F36211019	COBIDEZA SDAD COOP	ADQUISICION DE REMOLQUE ESPARCIDOR E AUTOCARGADOR 5100L	20.137,18
G36686376	CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (BALONMANO)	20.707,41
G36015253	COFRADIA PESCADORES S ANDRES LOURIZAN	CONSTRUCCIÓN PUNTO DE CONTROL E ADQUISICIONS VARIAS	20.811,46
F36047058	CAMPODEZA, S. COOP. LTDA.	ADQUISICION DE REMOLQUE, BOX LAVADO, DEPOSITO GASOIL, ORDENADORES, PROXECTO	21.376,39
G36039584	CLUB DE BALONCESTO ARXIL - PONTEVEDRA-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (BALONCESTO)	22.286,90
G36692317	CLUB DEPORTIVO BOSCO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (BALONCESTO)	22.286,90
F36033132	HORSAL S. COOP. GALEGA	ADECUACIÓN DAS INSTALACIONS A NOVA LEI DE ACCESIBILIDADE E PROTECCION DE INCENDIOS	23.235,21
G36014744	COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE ELGROVE	ADQUISICION DE CARRETILLA ELEVADORA ELECTRICA	25.800,00
G36442192	ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA DO PORRIÑO ARELA	XVII FESTIVAL DE CANS 2020	26.518,31
G36012813	COFRADIA DE PESCADORES SANTIAGO APOSTOL	INSTALACION DE MONTACARGAS E ADQUISICION DE HIDROLIMPIADORA	30.000,00
G36041978	SOCIEDAD DEPORTIVA TEUCRO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (BALONMANO)	30.462,15



2 EXPEDIENTES SUBVENCIONS DIRECTAS			
NIF	TERCEIRO	DETALLE	IMPORTE
G36909885	FUNDACION MARCO	CONVENIO DE COLABORACION COA FUNDACION MARCO PARA APOIO Á VISIBILIDADE DA MULLER NO 2020	50.000,00
Q8650002B	UNIVERSIDAD DE VIGO	CATEDRA DE FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO	60.000,00

22 EXPEDIENTES SUBVENCIONS NOMINATIVAS			
NIF	TERCEIRO	DETALLE	IMPORTE
G15545353	FEDERACION DE ASOC. DE FAMIL.E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	PRACTIUM. PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS	20.000,00
G32115941	CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE	40.000,00
G70259924	ASOCIACION CULTURGAL	CULTURGAL 2020	30.000,00
G36376630	TENIS DE MESA MONTEPORREIRO - PONTEVEDRA-	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	20.000,00
G36041499	SOCIEDAD GIMNASTICA DE PONTEVEDRA	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	25.000,00
G36363083	CLUB POIO FUTBOL SALA	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	28.000,00
G36246858	CLUB BALONMANO PORRIÑO	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	33.000,00
G15109267	FEDERACION GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS	ESCOLAS DEPORTIVAS JUDO 2020	35.000,00
G36040764	FEDERACION GALLEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA	ESCOLAS DEPORTIVAS PIRAGÜISMO 2020	35.000,00
G36327153	GRUPO DEPORTIVO SUPERMERCADOS FROIZ	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	35.000,00
G36460681	CLUB BALONCESTO PEIXE FRESCO MARIN	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	35.000,00
G36842946	CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS -VIGO-	GASTOS DE FUCIONAMENTO DO CLUB	35.000,00
G36176337	CLUBE BALONMAN ATLETICO GUARDES -A GUARDA-	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	38.000,00
G36711380	CLUB AMFIV -VIGO-	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	40.000,00
G36102705	CLUB BALONMAN CANGAS	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	45.000,00
G36690832	FEDERACION GALLEGA DE BALONMANO	ESCOLAS DEPORTIVAS BALONMAN 2020	75.000,00



G15055890	REAL FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL	ESCOLAS DEPORTIVAS FÚTBOL 2020	85.000,00
G36708212	CORUXO F.C.	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	120.000,00
A36029577	PONTEVEDRA CF SAD	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	160.000,00
G70138565	FEDERACION GALEGA DE MEDIO AMBIENTE	CAMPAÑA DE EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL: O CAMBIO CLIMÁTICO NA ESCOLA	37.600,00
G15560576	ASOC SECTORIAL FORESTAL GALEGA-ASEFOGA	CAMPAÑA DIVULGATIVA SOBRE O BOSQUE COMO FONTE DE RECURSOS ENTRE OS ESCOLARES DA PROVINCIA	38.000,00
G70325683	ASOCIACION CULTURAL CORRELINGUA	CORRELINGUA 2020 NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	30.000,00

11 EXPEDIENTES CORRESPONDENTES A SUBVENCIÓNS DO CAPT. VII			
NIF	TERCEIRO	DETALLE	IMPORTE
G36619252	COFRADIA DE PESCADORES SAN FRANCISCO DE VIGO	REPARACIONES EN PANTALANS VARIAS	10.542,45
G36014124	COFRADIA DE PESCADORES SAN XULIAN ILLA DE AROUSA	DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA MELLORA DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO E DA VIXILANCIA	10.976,00
G36012854	COFRADIA DE PESCADORES VIRGEN DEL ROSARIO VILAXOAN	MEJORA DE INSTALACION ELECTRICA, CAMBIO FALSO TECHO SALON E ADQUISICIONS VARIAS	11.360,12
F36373587	VIÑA ALMIRANTE SDAD COOP GALEGA	CONSTRUCCIÓN DE PLATAFORMA FLOTANTE SUBTERRÁNEA EN PILOTES E COROA PARA ASENTAMENTO	13.011,72
F36393775	SCDAD COOPERATIVA GANDEIROS DO DEZA	ADQUISICION DESBROZADORA DE BRAZO	13.500,00
F36277747	CONDADO PARADANTA S COOP GALEGA	ADQUISICION DE FURGONETA, OBRA CIVIL E OUTRAS	15.704,96
G36012847	COFRADIA DE PESCADORES SAN ANTONIO -CAMBADOS-	ADQUISICIÓN CARRETILLA ELEVADORA ELECTRICA	18.765,86
G36582872	ASOCIACION CULTURAL KOMAIRA	REHABILITACIÓN DA EMBARCACIÓN TRADICIONAL KOMAIRA	10.043,61
G36484392	AS CUL DE E PRO ACTIV XUVENIS FASQUIA	CAMBIO DE ELEMENTO ESTRUCTURAL TIPO MECÁNICO EN DORNA DE TOPE TRADICIONAL	10.057,52
G36200806	ASOCIACION DE AMIGOS DA DORNA MECA	REPARACIÓN DA DORNA MECA, EMBARCACIÓN TRADICIONAL	10.121,67
G36472306	ASOCIACION SUESTE	REHABILITACIÓN DO GALEÓN DAS RÍAS ELISEO	13.887,59

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- *R. d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións.*
- *Normas de auditoría do sector público.*
- *Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra. BOP nº 249 de 30 de decembro de 2016.*



- Bases reguladoras do orzamento provincial de 2020.
- Bases das distintas convocatorias de subvencións aprobadas no exercicio 2020.

RESULTADOS DO TRABALLO REALIZADO.

O obxecto do presente informe é resumir as principais incidencias detectadas como consecuencia do desenvolvemento dos traballos de control financeiro, así como pór de manifesto algúns aspectos que se deberían ter en conta no desenvolvemento desta actividade de fomento.

Para iso este apartado dividirémolo, por unha banda nas conclusións obtidas como consecuencia dos traballos de Control Financeiro e por outra cas conclusións obtidas dos traballos de actuación de comprobación do período de adscrición dos bens que foron subvencionados para a súa adquisición.

Finalmente, como consecuencia de os traballos, fanse unha serie de suxestións a ter en conta nas bases reguladoras de cada liña de subvencións, coa finalidade de emendar, na medida do posible, puntos débiles detectados no desenvolvemento de ambos os traballos e que se contrastaron no desenvolvemento do control financeiro.

5.1 RESULTADOS DO TRABALLO DE CONTROL FINANCEIRO.

O traballo se realizou, como en exercicios precedentes, dende as dependencias da Deputación sen desprazamentos aos domicilios sociais dos beneficiarios, e centrouse basicamente nos obxectivos detallados no punto 2 do presente informe.

Dos expedientes obxecto de Control Financeiro correspondentes a subvencións concedidas polo procedemento de concorrencia competitiva se atopan en trámite de resolución sete. Do resto atopáronse incidencias en 4, que deron lugar a incoación de 4 expedientes de reintegro por importe de 13.575,63 €, segundo seguinte detalle:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE CONCEDIDO	REINTEGRO	%
ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA ARELA	XVII FESTIVAL DE CANS 2020	26.518,31 €	6.376,15 €	24,04%
CONGREGACION HERMANAS FRANCISCANAS HOSPITALARIAS	CONTINUIDADE DO TALLER DE MUSICOTERAPIA	6.000,00 €	2.091,92 €	34,87%
CLUB REMO TUI	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)	6.985,45 €	263,22 €	3,77%
CLUB BADMINTON RAVACHOL PONTEVEDRA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (BÁDMINTON)	6.548,87 €	4.844,34 €	73,97%
			13.575,63 €	

As incidencias fundamentais detectadas, e que se reiteran como en exercicios anteriores, son:

1. Concorrencia de ingresos que superan o custo da actividade subvencionada.



2. Erros na conta xustificativa, que inclúen gastos non subvencionables.

3. Inclusión de facturas empregadas para xustificar outras subvencións.

Asemade tramítase un expediente sancionador por importe de 75,00 € ao Club Badminton Ravachol, por conta xustificativa inexacta.

Destacar tamén, que 3 dos expedientes obxecto de Control Financeiro obtiveron informe favorable por non atoparse ningunha incidencia significativa.

En referencia a os traballos de Control Financeiro feitos sobre os 24 expedientes de subvencións concedidas polos procedementos de concesión directa ou nominativa, 8 atópanse en fase de tramitación, detectándose incidencias que deron lugar a expedientes de reintegro en 12, sendo o seu detalle:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE CONCEDIDO	REINTEGRO	%
FEDERACION DE ASOC. DE FAMIL.E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	PRACTIUM. PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS	20.000,00 €	855,98 €	4,28%
ASOCIACION CULTURGAL	CULTURGAL 2020	30.000,00 €	25.416,22 €	84,72%
TENIS DE MESA MONTEPORREIRO	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	20.000,00 €	225,53 €	1,13%
SOCIEDAD GIMNASTICA DE PONTEVEDRA	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	25.000,00 €	25.000,00 €	100,00%
FEDERACION GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS	ESCOLAS DEPORTIVAS JUDO 2020	35.000,00 €	7.307,71 €	20,88%
FEDERACION GALLEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA	ESCOLAS DEPORTIVAS PIRAGÜISMO 2020	35.000,00 €	3.527,59 €	10,08%
GRUPO DEPORTIVO SUPERMERCADOS FROIZ	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	35.000,00 €	3.456,47 €	9,88%
FEDERACION GALLEGA DE BALONMANO	ESCOLAS DEPORTIVAS BALONMAN 2020	75.000,00 €	5.079,64 €	6,77%
REAL FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL	ESCOLAS DEPORTIVAS FÚTBOL 2020	85.000,00 €	1.815,00 €	2,14%
PONTEVEDRA CF SAD	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	160.000,00 €	1.894,62 €	1,18%
FEDERACION GALEGA DE MEDIO AMBIENTE	CAMPAÑA DE EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL: O CAMBIO CLIMÁTICO NA ESCOLA	37.600,00 €	4.735,45 €	12,59%
ASOCIACION CULTURAL CORRELINGUA	CORRELINGUA 2020 NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	30.000,00 €	5.093,95 €	16,98%
			84.408,16 €	

As incidencias fundamentais detectadas, son:

1. Exceso de custos imputados a actividade subvencionada.
2. Pagos realizados fora dos prazos determinados nas Resolucións ou convenios de concesión das subvencións.
3. Superávit na actividade subvencionada.



Asemade tramítanse dous expedientes sancionadores por importe de 75,00 €, cada un deles, a o Grupo Deportivo Froiz e ao Club de Tenis de Mesa Monteporreiro, por conta xustificativa inexacta.

5.2 RESULTADOS DOS TRABALLOS DE CONTROL DE INVERSIÓNS SUBVENCIONADAS.

Polo que se refire a actuación de comprobación do período de adscrición os traballos consistiron en:

- O exame da conta xustificativa.
- A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflicten na mesma.
- Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas, ou copia compulsada.
- Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.
- Extracto bancario onde se reflictan os pagos e os ingresos relacionados ca subvención.
- Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.

Co apoio dos técnicos dos centros xestores das subvencións concedidas, emitíuse informe sobre a comprobación in situ da referida adscrición.

Os expedientes analizados foron 18, atopándose incidencias en un, que deu lugar a incoación de expedientes de reintegro por importe de 753,84 €, por realizar pagos fora dos prazos establecidos nas bases reguladoras deste tipo de subvencións, o detalle é:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE CONCEDIDO	REINTEGRO
CAMPODEZA, S. COOP. LTDA.	ADQUISICION DE REMOLQUE, BOX LAVADO, DEPOSITO GASOIL, ORDENADORES, PROXECTO	21.376,39 €	753,84 €

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN E RECOMENDACIÓNS.

Basicamente reitéranse as de exercicios precedentes.

1. Excluir da mostra aqueles beneficiarios obxecto de control e que non tiveron incidencias no exercicio anterior.
2. Dada a experiencia dos Centros Xestores de subvencións polo trato mais directo cos beneficiarios das mesmas, propónse a inclusión directa no plan de traballo de aqueles expedientes que de forma motivada poidan ser propostos por eles, indicando os incumprimentos que, ao seu criterio, se puidesen producir. Asemade, de aqueles expedientes respecto dos cales no proceso de fiscalización se detectasen aspectos que xustifiquen a inclusión no referido plan.
3. Dotar de mais persoal aos negociados de fiscalización, ou valorar a creación dun Negociado de Control Financeiro de Subvencións, que traballe permanentemente neste campo, e con vistas a súa inclusión nun Control Financeiro e Auditoría globais, acorde



co novo enfoque de control financeiro que se deriva do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público.

4. *Revisión da normativa propia en materia de subvencións (Ordenanza Xeral, Bases de execución) co obxecto de resolver de xeito expreso, deficiencias ou problemas de interpretación detectados en fase de fiscalización ou control financeiro de subvencións. Deseño dos modelos de convenios reguladores das subvencións directas e nominativas.*
5. *Proposta de mellora das bases reguladoras, convenios e/ou resolucións de concesión de subvencións:*
 - *Incluír referencia á prohibición legal de contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas coa entidade beneficiaria da subvención, ou con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias as que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, salvo acreditación (respecto á persoas ou entidades vinculadas) da concorrencia dos requisitos esixidos no referido apartado.*
 - *Incluír a obriga, por parte da entidade beneficiaria, de dispoñer dalgún sistema de rexistro ou contabilización dos gastos e ingresos, nos que se poda identificar claramente aqueles gastos que son cofinanciados pola Deputación, e que son obxecto de control.*
 - *Engadir nos textos dos convenios os custos dos mesmos, sobre todo cando se utilice persoal propio, no que se deberá especificar as horas a imputar e custo das mesmas e non porcentaxes de nóminas.*
 - *Fixar claramente nos convenios os criterios de imputación e xustificación dos gastos ou custos indirectos.*
 - *Delimitar con claridade, no caso de subvencións de capital, a non inclusión de gastos que o propio beneficiario contabiliza como correntes.*
 - *Cando se trate de subvencións ao funcionamento dunha entidade impoñer a obriga de remitir o resultado económico, no caso de subvencionar algunha actividade concreta e a liquidación de ingresos e gastos da mesma.*
6. *Introducir na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación criterios de gradación de posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:*
 - *Procederá a declaración de perda do dereito de cobramento da totalidade ou parte da subvención concedida e, se fose o caso, o reintegro das cantidades indebidas cobradas, cando a persoa beneficiaria modifique a actividade que se vaia desenvolver declarada na solicitude e na memoria do proxecto, sen contar coa previa aprobación por parte do órgano competente.*
 - *No caso de incumprir coa obriga relativa a comunicar a obtención doutras axudas no caso de que sexan incompatibles.*
 - *O incumprimento da obriga relativa a comunicar a obtención doutras axudas, no caso de que fosen compatible.*



- O incumprimento do mantemento dun sistema de contabilidade separado ou unha codificación contable adecuada, dará lugar ao reintegro parcial dunha porcentaxe da axuda concedida.
 - O incumprimento das obrigas en materia de publicidade.
- 7 No caso de que a actividade subvencionada acade o 100% do custo da mesma, engadir ao expediente de tramitación un estudio de custos que xustifique que non resulta máis caro para a Deputación subvencionar a actividade que contratala polo procedemento oportuno.
 - 8 Incorporar aos expedientes a acreditación documental do cumprimento da obriga de estar ao corrente coa Seguridade Social e Facenda, cando dito comprobación é realizada pola Deputación.
 - 9 Verificar a concesión de Licenza de obras no caso que fose de aplicación, con posterioridade a declaración de tela solicitado.
 - 10 Acreditar a situación económica dos beneficiarios cos que se propón a formalización de convenios de cara a asegurar a posibilidade financeira de afrontar os compromisos adquiridos.
 - 11 Maior rigorosidade do análise das desviacións dos gastos realizados.

ACCESO A OS INFORMES DEFINITIVOS.

O acceso a os informes definitivos de Control Financeiro se pode facer nos expedientes de Cividas creados no seu día para a tramitación das subvenciones concedidas. Os número de expedientes se relacionan no anexo I a este informe.

ANEXO I. DETALLE DE BENEFICIARIOS E NÚMERO DE EXPEDIENTE.

Control Financeiro de subvencións concedidas por concorrencia:

Nº EXPEDIENTE CIVIDAS	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
2020019463	ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA ARELA	XVII FESTIVAL DE CANS 2020	26.518,31 €
2020028174	CLUB DE BALONCESTO ARXIL - PONTEVEDRA-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (BALONCESTO)	22.286,90 €
2020026981	CLUB DEPORTIVO BOSCO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (BALONCESTO)	22.286,90 €
2020016681	CONGREGACION HERMANAS FRANCISCANAS HOSPITALARIAS	CONTINUIDADE DO TALLER DE MUSICOTERAPIA	6.000,00 €
2020031220	CLUB REMO TUI	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)	6.985,45 €
2020031570	ESCUELA PIRAGUISMO CIUDAD DE PONTEVEDRA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGUISMO)	14.985,07 €



2020027000	CLUB BADMINTON RAVACHOL PONTEVEDRA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (BÁDMINTON)	6.548,87 €
			105.611,50 €

Control Financeiro de subvencións por concesión directa e nominativas:

Nº EXPEDIENTE CIVIDAS	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
2020025970	FUNDACION MARCO	CONVENIO DE COLABORACION COA FUNDACION MARCO PARA APOIO Á VISIBILIDADE DA MULLER NO 2020	50.000,00 €
2020011901	FEDERACION DE ASOC. DE FAMIL.E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	PRACTIUM. PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS	20.000,00 €
2020051509	ASOCIACION CULTURGAL	CULTURGAL 2020	30.000,00 €
2020011475	TENIS DE MESA MONTEPORREIRO	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	20.000,00 €
2020017331	SOCIEDAD GIMNASTICA DE PONTEVEDRA	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	25.000,00 €
2020016707	FEDERACION GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS	ESCOLAS DEPORTIVAS JUDO 2020	35.000,00 €
2020016708	FEDERACION GALLEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA	ESCOLAS DEPORTIVAS PIRAGÜISMO 2020	35.000,00 €
2020017865	GRUPO DEPORTIVO SUPERMERCADOS FROIZ	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	35.000,00 €
2020016723	CLUB BALONCESTO PEIXE FRESCO MARIN	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	35.000,00 €
2020016855	CLUBE BALONMAN ATLETICO GUARDES -A GUARDA-	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	38.000,00 €
2020020804	FEDERACION GALLEGA DE BALONMANO	ESCOLAS DEPORTIVAS BALONMAN 2020	75.000,00 €
2020030404	REAL FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL	ESCOLAS DEPORTIVAS FÚTBOL 2020	85.000,00 €
2020012901	PONTEVEDRA CF SAD	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	160.000,00 €
2020007967	FEDERACION GALEGA DE MEDIO AMBIENTE	CAMPAÑA DE EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL: O CAMBIO CLIMÁTICO NA ESCOLA	37.600,00 €
2020048868	ASOCIACION CULTURAL CORRELINGUA	CORRELINGUA 2020 NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	30.000,00 €
			710.600,00 €



Control Financeiro de Inversións:

Nº EXPEDIENTE CIVIDAS	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
2020028415	COFRADIA DE PESCADORES SAN FRANCISCO DE VIGO	REPARACIONES EN PANTALANS VARIAS	10.542,45 €
2020025957	COFRADIA DE PESCADORES SAN XULIAN ILLA DE AROUSA	DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA MELLORA DAS CONDICIÓN DE TRABALLO E DA VIXILANCIA	10.976,00 €
2020028490	COFRADIA DE PESCADORES VIRGEN DEL ROSARIO VILAXOAN	MEJORA DE INSTALACION ELECTRICA, CAMBIO FALSO TECHO SALON E ADQUISICIONS VARIAS	11.360,12 €
2020028438	VIÑA ALMIRANTE SDAD COOP GALEGA	CONSTRUCCIÓN DE PLATAFORMA FLOTANTE SUBTERRÁNEA EN PILOTES E COROA PARA ASENTAMENTO	13.011,72 €
2020024487	SCDAD COOPERATIVA GANDEIROS DO DEZA	ADQUISICION DESBROZADORA DE BRAZO	13.500,00 €
2020028454	CONDADO PARADANTA S COOP GALEGA	ADQUISICION DE FURGONETA, OBRA CIVIL E OUTRAS	15.704,96 €
2020026023	COFRADIA DE PESCADORES SAN ANTONIO -CAMBADOS-	ADQUISICIÓN CARRETILLA ELEVADORA ELECTRICA	18.765,86 €
2020028387	COOP DEL CAMPO O RODO, S.C.L.	ADQUISICION DE FURGONETA E OUTRAS	20.137,18 €
2020028010	COBIDEZA SDAD COOP	ADQUISICION DE REMOLQUE ESPARCIDOR E AUTOCARGADOR 5100L	20.137,18 €
2020027938	COFRADIA PESCADORES S ANDRES LOURIZAN	CONSTRUCCIÓN PUNTO DE CONTROL E ADQUISICIONS VARIAS	20.811,46 €
2020028421	CAMPODEZA, S. COOP. LTDA.	ADQUISICION DE REMOLQUE, BOX LAVADO, DEPOSITO GASOIL, ORDENADORES, PROXECTO	21.376,39 €
2020028195	HORSAL S. COOP. GALEGA	ADECUACIÓN DAS INSTALACIÓN A NOVA LEI DE ACCESIBILIDADE E PROTECCION DE INCENDIOS	23.235,21 €
2020024297	COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE O GROVE	ADQUISICION DE CARRETILLA ELEVADORA ELECTRICA	25.800,00 €
2020028197	COFRADIA DE PESCADORES SANTIAGO APOSTOL	INSTALACION DE MONTACARGAS E ADQUISICION DE HIDROLIMPIADORA	30.000,00 €
2020053766	ASOCIACION CULTURAL KOMAIRA	REHABILITACIÓN DA EMBARCACIÓN TRADICIONAL KOMAIRA	10.043,61 €
2020052497	AS CUL DE E PRO ACTIV XUVENIS FASQUIA	CAMBIO DE ELEMENTO ESTRUCTURAL TIPO MECÁNICO EN DORNA DE TOPE TRADICIONAL	10.057,52 €
2020054323	ASOCIACION DE AMIGOS DA DORNA MECA	REPARACIÓN DA DORNA MECA, EMBARCACIÓN TRADICIONAL	10.121,67 €
2020052714	ASOCIACION SUESTE	REHABILITACIÓN DO GALEÓN DAS RÍAS ELISEO	13.887,59 €
			299.468,92 €



A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do **informe sobre o control financeiro executado no ano 2022 sobre subvencións concedidas no exercicio 2020**, en relación ó disposto no Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais, así como no artigo 44 e na disposición adicional 14ª da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 213 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

10. DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN RELATIVO A AUDITORÍA DE SISTEMAS DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS 2020. (EXPTE.- 2023020836 - 2022061094).

A Intervención elaborou o informe anual de auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas 2020, asinado pola Viceinterventora, con data 9 de marzo de 2023, onde se deixa constancia do seguinte:

INFORME ANUAL DE AUDITORÍA DE SISTEMAS DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS 2020

En cumprimento do artigo 12.3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, por parte desta intervención e de acordo coas instrucións contidas na Guía para as auditorías dos Rexistros Contables de Facturas publicada pola Intervención Xeral do Estado, procédese a realizar una auditoría de sistemas para verificar o cumprimento polo rexistro contable de facturas desta entidade das condicións de funcionamento previstas na normativa sobre facturación electrónica.

NORMATIVA APLICABLE:

- *Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.*
- *Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.*
- *Orde HAP/492/2014, de 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do rexistro contable de facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013.*
- *Orde HAP/1074/2014, de 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o PGEFe.*
- *Orde HAP/1650/2015, de 31 de xullo, pola que se modifican a Orde HAP/492/2014 e a Orde HAP/1074/2014.*



- *Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*
- *Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.*
- *Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*
- *Bases de execución do Orzamento 2020.*

CONSIDERACIÓNS

Primeira. Obxectivos e alcance da auditoría.

O obxectivo principal do presente informe céntrase en verificar o grao de cumprimento polo rexistro contable de facturas das condicións de funcionamento previstas na Lei 25/2013 e a súa normativa de desenvolvemento, para iso levaranse a cabo as seguintes accións:

- *Análises dos procesos de recepción de facturas electrónicas, da súa anotación no correspondente rexistro contable de facturas e da súa correspondente tramitación en función de se son aceptadas ou rexeitadas.*
- *Análises dos tempos medios de inscrición de facturas nos rexistros contables de facturas, así como da posible retención nas distintas fases do proceso de facturas.*
- *Análises das causas e das actuacións do órgano competente en materia de contabilidade en relación coas facturas respecto dos cales transcorreran máis de tres meses desde que foron anotadas sen efectuarse o recoñecemento da obriga.*
- *Verificación da correcta implementación dos controis de xestión nas aplicacións informáticas implicadas.*
- *Revisión da xestión da seguridade en aspectos relacionados coa confidencialidade, autenticidade, integridade, trazabilidade e dispoñibilidade dos datos e servizos de xestión.*

En relación ao alcance desta auditoría, cabe destacar que se trata dunha auditoría de sistemas encamiñada exclusivamente á validación dos sistemas de información que xestionan os rexistros contables de facturas, sen existir ningunha conexión entre esta auditoría con outros posibles controis englobados en auditorías operativas que verifiquen a veracidade e consistencia de expedientes.



A auditoría realizada axustouse ao documento de “Planificación dos traballos de auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas 2020 e 2021”, elaborado pola Intervención provincial en data 5/10/2022.

No que atinxe ao ámbito temporal o presente informe cínguese ao funcionamento do rexistro contable de facturas, respecto das facturas rexistradas na anualidade 2020.

Segunda. Colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías.

O Servizo de Intervención non dispón de persoal con coñecementos avanzados informáticos, de programación e tecnolóxicos, o que constitúe unha importante limitación ao alcance na realización destes traballos. A estes efectos foi necesario contar coa colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías para a realización de parte das probas obxecto da auditoría. Consta no expediente o Informe asinado polos técnicos de programación en data 1/03/2023 (en adiante, Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías [NNTT]).

Terceira. Descrición do procedemento e verificación da súa adecuación

3.1. Procedemento legal.

As facturas deben ser rexistradas pola oficina contable no RCF, asignando a cada unha un código de identificación de dita factura no referido rexistro contable, que a acompañará na súa tramitación.

As facturas, tanto electrónicas como en papel, recibidas no RCF, antes da súa distribución aos correspondentes órganos competentes para a súa tramitación, deben ser obxecto de validación. Se se detectan datos incorrectos ou que impidan a súa distribución aos devanditos órganos competentes, ou que as facturas non lle corresponden, debera ser rexeitadas e devoltas ao rexistro administrativo de procedencia con expresión da causa do devandito rexeitamento, quedando constancia no propio RCF.

A oficina contable que efectuese a anotación da factura recibida, electrónica ou en papel, no respectivo RCF a remitirá ao órgano xestor destinatario da mesma, a través da unidade tramitadora correspondente, deixando constancia no RCF da data e hora do acuse de recibo pola unidade tramitadora, que haberá de pronunciarse sobre a conformidade ou devolución da factura recibida, do que se deixará constancia no devandito rexistro. No caso das facturas electrónicas, o RCF poñerá ao dispor das correspondentes unidades tramitadoras as facturas rexistradas, que, se dispoñen dun sistema de xestión económico-orzamentario preparado para iso, recibiran as no seu respectivo sistema utilizando os servizos que, para ese efecto, prové o rexistro contable de facturas.

A unidade tramitadora destinataria da factura expresará a súa conformidade ou desconformidade coa mesma accedendo directamente ao rexistro contable correspondente ou a través do seu propio sistema de xestión no caso de que este último poida facer uso dos servizos provistos a tal fin polo rexistro contable de facturas.



A tramitación, en caso de conformidade, do recoñecemento da obriga polo órgano xestor e o asento en contabilidade da obrigación recoñecida e da proposta de pago identificarán as facturas obxecto da proposta a través dos correspondentes códigos de identificación asignados no RCF. A contabilización da obrigación recoñecida no sistema de información contable provocará un cambio de estado automático da factura no rexistro contable de facturas que pasará a estar en estado de obrigación recoñecida.

A anotación no sistema de información contable do pago material da correspondente operación, igualmente provocará un cambio de estado automático da factura no rexistro contable de facturas que pasará a estar en estado de paga. A oficina contable, a través do RCF, efectuará requirimentos periódicos de actuación respecto a as facturas pendentes de recoñecemento de obrigación, que serán dirixidos aos órganos xestores competentes. Do mesmo xeito, elaborará un informe trimestral coa relación das facturas con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses desde que foron anotadas e non se efectuou o recoñecemento da obrigación polos órganos competentes.

3.2. Observacións xerais en materia de procedemento.

A principal salvidade coa que nos atopamos correspóndese coa implantación do Rexistro de facturas no xestor de expedientes sen integración ou interrelación co programa contable (artigo 8.2 da Le 25/2013, artigo 4.1 Orde HAP/492/2014), de xeito que este rexistro non resulta accesible desde o programa contable.

Cuarta. Probas relacionadas coas facturas en papel

Procedeuse a verificar o cumprimento do artigo 4 da Lei 25/2013 e a aplicación dos criterios desenvolvidos na circular 1/2015, de 19 de xaneiro, da IGAE, sobre obrigatoriedade da factura electrónica a partir do 15 de xaneiro de 2015, comprobándose os seguintes extremos:

- *Que todas as facturas en papel que se rexistran no RCF gardan a información citada no artigo 5.3 da Orde HAP/492/2014.*
- *Que as facturas presentadas en papel non están a incumprir a normativa de obrigatoriedade de facturación electrónica.*

Para a comprobación de devanditos extremos realizáronse as seguintes probas:

4.1. Comprobación de que o RCF garda a información referida no artigo 5.3 da Orde HAP/492/2014.

- a) Fecha de expedición de la factura.*
- b) Fecha de presentación de la factura en el registro administrativo.*
- c) Número de Identificación Fiscal o número de identificación equivalente del expedidor de la factura.*
- d) Nombre y apellidos, razón o denominación social completa del obligado a expedir factura.*
- e) Número de factura y, en su caso, serie.*



- f) Importe de la operación, incluido IVA (o impuesto equivalente).*
- g) Unidad monetaria en la que está expresado el importe, de acuerdo con la codificación ISO 4217 Alpha-3.*
- h) Código de los órganos competentes en la tramitación de la factura así como del órgano o unidad administrativa que tenga atribuida la función de contabilidad, codificado de acuerdo con el directorio DIR3 de unidades administrativas gestionado por la Secretaría de Estado de Administraciones Públicas.*

Consta no expediente o listado de documentos rexistrados como facturas en soporte papel (ListadoFacturasPapelCIV_CONT_2020.xlsx).

*Segundo sinala o Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías, realizouse a execución da consulta 1.A do ficheiro anexo (consultasAuditoriaRCF2020.sql). “A consulta indica que existen **945** facturas en papel, tanto as recibidas en Cividas como as dadas de alta no aplicativo de contabilidade. Se non temos en conta neste listado de facturas as certificacións (283), o número sería de **662** facturas”.*

Cómpre referir que ata a data, as certificacións de obras se veñen rexistrando no RCF. Considerando que estes documentos non son propiamente facturas, débese revisar e redefinir pola Intervención o tratamento destes documentos, co obxecto de excluílos do RCF, sen prexuízo da súa necesaria interrelación co circuíto de facturas, en tanto que se trata de documentos preceptivos para o recoñecemento da obriga de gasto, así como para o cálculo do PMP e informes de morosidade.

Outros documentos que se veñen rexistrando como facturas son os correspondentes ás liquidacións tributarias. Estes documentos tampouco teñen dita natureza, aínda que por simplificación procedimental se veñen rexistrando e tramitando como factura, deben ser obxecto dun rexistro adecuado, polo que advírtese igualmente da necesidade de revisión dos procedementos, de xeito que as liquidacións tributarias (impostos e taxas) se rexistren no rexistro ordinario (excluídas pois do RCF) sen prexuízo do deseño e implementación dun procedemento ou circuíto similar ao previsto para a tramitación dos documentos factura (coa particularidade da súa exclusión a efectos de cálculo do PMP e informes de morosidade).

Actualmente está en tramitación o expediente para adxudicación do novo sistema de xestión da contabilidade provincial, polo que recoméndase abordar o estudo destas modificacións no proceso de implementación e integración co xestor de expedientes, especialmente oportuno para abordar a revisión de circuitos e procedementos.

Respecto da información requirida no artigo 5.2 da Orde Orde HAP/492/2014, de acordo cos datos do documento ListadoFacturasPapelCIV_Rexistro, a totalidade dos documentos rexistrados (1.030) teñen asignado código de procedemento. Non en tanto, obsérvase que existen 186 documentos (excluídos certificacións) nos que non figura o código DIR 3. Ao tratarse de facturas de rexistro manual, os campos deben ser completados polos servizos xestores correspondentes. Proponse a adopción de medidas que impidan a continuidade na tramitación ou alerten desta circunstancia.



4.2. Comprobación de que as facturas en papel non incumpren a obriga de facturación electrónica.

De acordo co disposto no artigo 4 da Lei 25/2013 e Bases de execución do orzamento 2020 e 2021, os suxeitos referidos en dito precepto están obrigados a facturar electrónicamente, sen que resulte de aplicación a exención desta obriga por razón da contía.

Do listado de facturas en formato papel, excluimos os suxeitos non obrigados á facturación electrónica, así como outros documentos que aínda que rexistrados como facturas non teñen dita natureza, como son as certificacións (campo “escertificacion” = “1” ou “0”), liquidacións tributarias e cotas das comunidades de propietarios, do que resulta un total de 182 facturas en situación de incumprimento.

Respecto das facturas en situación de incumprimento advírtese que, excepto dúas, todas elas son de importe inferior a 5.000 €. Considerando que ata o exercicio anterior aplicouse a exención da obriga de facturación electrónica para as facturas de importe inferior a 5.000 €, cómpre avaliar se houbo ou non mellora no seguinte exercicio. De non reducirse o número de facturas en situación de incumprimento, deberá valorarse a implementación de mecanismos de control e alerta desta circunstancia.

Quinta. Probas relacionadas coas facturas presentadas electronicamente.

5.1. Verificación da concidencia das facturas rexistradas en CIVIDAS e FACE.

Procedeuse a verificar o cumprimento dos artigos 9.1 e 9.2 da Lei 25/2013, comprobándose que todas as facturas remitidas polos Puntos de entrada de facturas electrónicas, PXEFe, son postas a disposición ou remitidas automaticamente ao RCF, que á súa vez, ao recibila, anótaa, xerando un código de identificación de dita factura que é comunicado inmediatamente aos PXEFe. Doutra banda, tal e como recolle o artigo 7 da Lei 25/2013 procedeuse a constatar que o órgano administrativo destinatario da factura debe ser responsable do seu arquivo e custodia, aínda que pode optar por utilizar ao PXEFe como medio de arquivo e custodia.

Polo Servizo de Novas Tecnoloxías realizouse a “Verificación da coincidencia das facturas rexistradas en CIVIDAS e FACE, de acordo coas seguintes probas:

- 1. Reconto das facturas rexistradas no RCF (excluídas en papel) e facturas rexistradas en FACE.*
 - a. O ficheiro solicitado a face (LibroFace_Facturas_2020.xlsx) indica que se presentaron **11233** con destino a oficina contable LA0006135. A execución da consulta 2.A indica que se descargaron las 11233 facturas electrónicas presentadas en FACE.*
- 2. Cruce por NIF e número de Facturas*
 - a. O cruce realízase por número de rexistro de face (mais fidedigno), dado que este código se consolida en base de datos no momento en que se confirma a descarga da factura de F@CE, isto fai que sexa o mellor indicador para vincular o rexistro da factura en F@ce co*



registro da factura no RCF. Realizado dito cruce, obsérvase que das 11233 facturas presentadas en F@ce se rexistraron todas no RCF.”

5.2. Comprobación de que o RCF garda a información referida no artigo 5.3 da Orde HAP/492/2014.

Polo Servizo de Novas Tecnoloxías realizáronse as seguintes probas:

1. “*Verificación dos campos completos respecto da totalidade de facturas correspondentes co listado do RCF.*
 - a. *Executando a consulta 2.B, obsérvase que todas as facturas teñen os campos requiridos, menos 13 delas, que son tratadas como certificacións,*

REGISTRYCODE	DOSSIERSTATUS	TYPECODE
WEB2020004908	PAG	
WEB2020006498	PAG	
WEB2020005641	PAG	
WEB2020004388	PAG	
WEB2020004389	PAG	
WEB2020002307	PAG	
WEB2020002800	PAG	
WEB2020002801	PAG	
WEB2020009362	PAG	
WEB2020002290	PAG	
WEB2020011463	PAG	
WEB2020018926	PAG	
WEB2020036078	PAG	

O total das facturas descargadas que indica F@ce durante o 2020 ascenderon a 11321 facturas. Pódese acceder á relación completa no Excel LibroFACE_csv2.xlsx. En dito Excel observamos que existen facturas descargadas de F@ce que non teñen expedientes na plataforma de xestión de expedientes, isto é debido a que son facturas correspondentes ó Consorcio de Bombeiros (UT : LA0006108) e a Escola de enfermería (UT : LA0006107). Como se indicou anteriormente as facturas correspondentes a oficina contable LA0006135 son 11233.”

5.3. Verificación da asignación dun código de identificación de factura.

Polo Servizo de Novas Tecnoloxías realizáronse as seguintes probas:



1. “Todas as facturas do listado do RCF teñen asignado un código de identificación de factura.
 - a. No listado *ListadoFacturasDescargadasFACE_RCF.xlsx*, que indica a vinculación das facturas de F@ce coas descargadas no RCF, se pode apreciar que todas teñen un número (número de rexistro) identificador da factura no RCF.
 - b. Cabe destacar neste apartado o listado *ListadoFacturasPontegal_2020.xlsx*, que indica as facturas do procedemento Pontegal do ano 2020, no que se aprecia que temos 241 facturas que son tramitadas como se de electrónicas se tratasen, pero sen facer ningún tipo de notificación de cambio de estado a F@ce.”

As 11.220 facturas (11.233 – 13 facturas que se corresponden con certificacións) teñen asignado un código de identificación de factura.

Xunto coas facturas en soporte papel e as facturas electrónicas, atopamos unha terceira categoría correspondente coas facturas “dixitais” que non se presentan a través do PXEFe e que, por conseguinte, non poden ser consideradas como “facturas electrónicas” stricto sensu. Se trata das facturas correspondentes co programa cultural de xestión provincial PONTEGAL; estas facturas presentadas dixitalmente pola sede, se rexistran directamente no RCF, sen presentarse polo PXEFe nin comunicar ningún cambio de estado a FACE. Se trata dunha situación de carácter excepcional, cuxa práctica vén xustificada pola dificultade dos participantes no programa Pontegal, de presentación electrónica das facturas, de xeito que se facilita por Deputación un aplicativo para preparación de facturas e presentación por sede.

Se trata de facturas expedidas por persoas físicas e maiormente asociacións, sendo, polo tanto suxeitos con obriga de relacionarse electronicamente coa administración (no caso das asociacións) si ben exentas da obriga de facturación electrónica, de xeito que sería admisible a presentación da factura en formato dixital ao marxe das esixencias previstas para a facturación electrónica.

Respecto destas facturas (Pontegal) se advirte da numeración incorrecta nun suposto de tres facturas con número 00 correspondentes ao mesmo provedor, que poderían a un erro na carga de datos de confusión e cruce de datos do número de facturas e da serie. Ditas facturas deberon ser rexistradas en tramitación polo servizo por erro na numeración. Recoméndase establecer mecanismos de control para que alerten ou impidan este tipo de rexistros. Así mesmo, e respecto do campos de “serie”, advírtese a cumprimentación deste campo en todos os supostos, presumiblemente de xeito innecesario e incorrecto.

PROCEDURECOD E	NOMBREAPELLIDOS	NUMEROSERI E	NUMEROFACTUR A	IMPORTETOTALFACTUR A
2020019425	ANA MARGARIDA RODRIGUEZ DA COSTA	15	00	197,85
2020050248	ANA MARGARIDA RODRIGUEZ DA COSTA	17	00	197,85



2020019514	ANA MARGARIDA RODRIGUEZ DA COSTA	16	00	197,85
------------	----------------------------------	----	----	--------

5.4. Remisión ao PXEFe dun código automatizado identificador da factura.

Verificar que, de maneira automatizada, ao descargar a factura, o RCF remite ao PXEFe un código automatizado co identificador da factura no RCF. Do mesmo modo, haberá de verificarse que estas se almacenan correctamente.

Como reflicte o informe do servizo de Novas Tecnoloxías e como xa indicouse na auditoría do ao 2019 non se estaba informando ao PXEFe do identificador da factura no RCF, empezándose a informar a partir do mes de marzo de 2021.

5.5. Procedemento de devolución de facturas.

O Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías sinala a devolución de 1.792 facturas, das cales en cinco (5) delas non se comunicou ao PXEFe o correspondente cambio de estado (código 2600).

5.7. Arquivo da factura electrónica.

O Informe do Servizo de NNTT apunta que “existe un histórico de todas as facturas electrónicas dispoñibles no RCF. O acceso e a dispoñibilidade do rexistro carece de limitación temporal e non se prevé a transmisión da custodia dos expedientes.

“Probas:

1. Selección aleatoria (función aleatorio sobre o total de listado) e comprobación no 1 % das facturas dos catro últimos anos non obxecto do alcance da presente auditoría.
 - a. Realizouse unha comprobación por mostraxe aleatorio seleccionado ao azar un conxunto de facturas anotadas no RCF e realizando a comprobación de que se pode acceder e visualizar a factura orixinal. Compróbase que escollendo aleatoriamente cinco procedementos Factura é posible acceder sen problema á visualizar a factura orixinal (documento Xsig). Recóllense a continuación os exemplos de documentos co prefixo do número de expediente correspondente.”

Y1 Cód. expediente '2020000...	Código do rexistro	Data de rexistro	Tipo de expediente	Nome do grupo	Asunto	DNI/CIF	Nome Completo	Estado
2020042193	WEB2020033343	22/09/2020 06:01	FACTURA	Tramitador Facturas de Igualdade	PRIMER SEMESTRE POLIZA SEGURO EXPOSICIÓN RO...	B87105749	ONE UNDERWRITING A...	TES Pago
2020029995	WEB2020024054	08/07/2020 06:10	FACTURA	Tramitador Facturas Arquitectura	SUMINISTRO ELECTRICIDAD RUA NUEVA DE ABAJO ...	B6552432	AURA ENERGIA	TES Pago
2020024617	WEB2020019790	04/06/2020 06:02	FACTURA	Tramitador Facturas Cooperación	ALUGUER VEHICULO SMART MIÑO MES DE MAIO	A28659423	NORTHGATE ESPAÑA RE...	TES Pago
2020019980	WEB2020015655	29/04/2020 06:00	FACTURA	Tramitador Facturas Mounscade	SUBMINISTRACIÓN DE FUNDA DE TEPLON, ELEMENT...	B88334131	METROHM HISPANIA SLU	TES Pago
2020008615	WEB2020000374	06/01/2020 06:02	FACTURA	Tramitador Facturas Cooperación	ALUGUER VEHICULO PROXECTOS SMART-VISIT MIÑ...	A28659423	NORTHGATE ESPAÑA RE...	TES Pago

Respecto ao tipo de permisos para intervir sobre o histórico, como sinala o informe do servizo de NNTT existe un módulo de consulta de facturas da plataforma de xestión de expedientes (CIVIDAS) que permite consultar todas as facturas do mesmo. O acceso a dito panel está restrinxido por permisos de acceso. Por outro lado, os servizos teñen acceso as facturas que se atopan no seu buzón de tramitación. Respecto das facturas xa tramitadas, ningún perfil usuario ten permiso para intervir no expediente con facultades restrinxidas á consulta.



5.8. Facturas retidas.

Segundo sinala o Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías, solicitada ao PXEF informe de auditoría, extráese do mesmo que non existen facturas do ano 2020 pendentes de ser descargadas no RCF, de xeito que todas se atopan coa descarga confirmada.

5.9. Volcado das facturas no RCF.

De acordo co sinalado no informe do Servizo de NNTT, o proceso de descarga se realiza todos os días da semana (de luns a venres) ás seis da mañá.

Consta no expediente o arquivo LibroFACE_csv2 que permite consultar a data e hora de rexistro das facturas no PXEF, así como as de descarga no RCF. O tempo medio descarga (excluíndo as facturas que presentaron un problema de descarga) foi de 23,44 horas.

Segundo sinala o Informe do servizo de NNTT, 8 facturas presentaron un problema de descarga que detectouse e resolveuse a finais do exercicio. Recoméndase a implantación dun seguimento periódico, por exemplo mensual, para detectar as facturas pendentes de descarga e solventar este tipo de incidencias en períodos máis breves. En todo caso a porcentaxe destas incidencias é moi baixa respecto do total de facturas (0,07%).

No análise individualizado se observa que un total de 9.053 facturas (80,59 %) se descargaron nun tempo inferior a 24 horas, e 2.181 (19,41%) nun tempo superior. A maior parte das facturas que se descargaron en tempo superior a 24 horas, superaron ás 48 horas (1.995 facturas). Excluíndo as oito facturas referidas no parágrafo anterior, se observa que as facturas neste suposto (ListadoFacturasVolcadoSuperior48horas), se corresponde con documentos rexistrados no PXEF o venres ou sábado, pospoñendo a descarga ao luns da semana seguinte (excepto unha con descarga o martes).

5.10. Probas de validación.

De acordo co sinalado no informe do Servizo de NNTT, as validacións que se realizan no momento da descarga e rexistro no RCF son as validacións detalladas na Orde HAP/1650/2015 e non asumidas por FACE.

Sinala o informe que “a verificación do correcto funcionamento destas validacións xa se realizou na auditoría do ano 2019, e dado que no se produciu ningún cambio de normativa nin de modificación do código que implementa esta funcionalidade, podemos asegurar o seu correcto funcionamento”. Así mesmo apunta que as validacións que se realizan no momento da descarga e rexistro no RCF son as validacións da Orde HAP/1650/2015.

Si ben non se dubida desta cuestión e da súa verificación, considerando o disposto na guía do ministerio para as auditorías dos rexistros contables de facturas e o documento de planificación elaborado por esta Intervención, a xuízo desta informante deberían



realizárase novamente as probas de verificación da correcta realización destas validacións segundo probas propostas referidas na guía ministerial.

En canto ao procedemento, detállase no Informe do servizo de NNTT, de xeito que dentro do primeiro trámite do expediente Factura (Revisión de Área Xestora), preséntase ao servizo destino o resumo dos resultados destas validacións, non permitindo validar a factura (marca como Correcta) se non ten todas as validacións pasadas correctamente. O informe incorpora o detalle do número de facturas que non pasaron as validacións:

Nº Total de facturas recibidas 11233

Nº Total de facturas anuladas 1792

DESCRIPCION	NÚMERO	Porcentaje totales	Porcentaje anuladas
La fecha de anotación en el registro administrativo es mayor que la fecha actual o menor que la fecha de emision de la factura.	12	0.09%	0.67%
Alguno de os importes a nivel de factura tiene más de dos decimales.	1	0.01%	0.06%
El NIF del emisor de la factura y el del cesionario coinciden.	0	0.00%	0.00%
El importe total bruto de la factura no es la suma de los importes brutos de las lineas.	5	0.04%	0.28%
El total importe bruto antes de impuestos no es igual al total importe bruto menos el total general de descuentos mas el total general de cargos.	0	0.00%	0.00%
El importe total bruto antes de impuestos es positivo y el total de impuestos retenidos tiene contenido y es menor que cero.	0	0.00%	0.00%
El coste total de cada línea no es igual a producto del número de unidades por el precio unitario.	28	0.21%	1.56%
Alguno de los importes de las lineas tiene mas de dos decimales.	1	0.01%	0.06%
El código de moneda no es válido	0	0.00%	0.00%
El importe bruto de cada línea debe ser la suma del coste total más la suma de recargos menos la suma de descuentos.	3	0.02%	0.17%
El total factura debe ser igual al total importe bruto ante de impuestos mas el total impuestos repercutidos menos el total impuestos retenidos.	0	0.00%	0.00%



Sexta. Probas referidas á tramitación das facturas.

6.1. Verificación da correcta tramitación das solicitudes de anulación das facturas.

Das 76 solicitudes de anulación presentadas, 63 foron anuladas e 13 non. Estas 13 solicitudes de anulación se corresponden con facturas que xa foron pagadas.

Non consta no expediente dilixencia do servizo explicativo da incidencia da solicitude de anulación sobre a factura e sobre a necesidade ou non de repoñer o pagamento.

Recoméndase a implantación dun circuíto de tramitación das solicitudes de anulación con finalización obrigada en “aceptación” ou “rexeitamento”. En ambos casos debe incorporarse ao expediente breve informe explicativo da aceptación ou rexeitamento. Así mesmo, recoméndase o seguimento mensual do estado de aceptación das solicitudes de anulación, co obxecto de evitar a existencia de solicitudes pendentes de tramitar e/ou resolver.

Advírtese, así mesmo, que respecto de 5 das solicitudes de anulación non se comunicou o cambio do PXEFe.

6.2. Verificación da tramitación da fase de recoñecemento da obriga de gasto

Se incorporan ao expediente os arquivos de facturas pagadas Respecto de todas elas rexistrouse previamente a fase de recoñecemento da obriga de gasto (fase O).

No que atinxe as facturas electrónicas pagadas (9.333) se advirte dun total de 241 facturas con prazo superior a 30 días desde a data de rexistro ao recoñecemento da obriga, 66 facturas para as que o referido prazo supera os 60 días e 28 facturas que superan o prazo de 90 días.

Cómpre contrastar estes datos cos correspondentes a anos posteriores, principalmente co ano 2022, considerando que desde mediados do ano 2021 reforzouse o seguimento das facturas con actuacións de control desenvolvidas pola técnica de xestión orzamentaria, a efectos de poder avaliar a efectividade deste control na redución dos prazos de tramitación, e, no seu caso, propoñer a implantación de controis adicionais.

6.3. Verificación do correcto rexistro dos estados internos.

Polo Servizo de NNTT comprobase o correcto rexistro dos estados internos. Os tempos medio de cambio de estado supoñen unha media de 30 días desde a data de rexistro no RCF ata pagamento, superior para as facturas en papel (42 días) que para facturas electrónicas (27 días).

Respecto as solicitudes de anulación o tempo medio transcorrido para a anulación é de arredor de 9 días, moi superior para as facturas en papel (30,59 días) que para as facturas electrónicas (8,22).

Os maiores tempos de tramitación para as facturas en papel, confirman a maior eficiencia na tramitación das facturas achegadas electronicamente e o acerto das medidas adoptadas (eliminación da exención da obrigatoriedade de presentación de



factura electrónica por razón da contía) para redución das facturas en soporte papel. Recoméndase facer un seguimento destes prazos nas auditorías de vindeiros exercicios e, no caso de que non se observase melloría, reforzar o seguimento destas facturas.

Verifícase que todas as facturas rexistran internamente (CIVIDAS) os cambios de estado.

6.4. Comunicación do cambio de estado das facturas a FACE.

Respecto da actualización do cambio de estado no PXEFe, como sinala o informe de NNTT para verificar que o PXEFe actualiza correctamente os cambios de estados, solicítouse ao PXEFe o listado de “Histórico de estado das facturas. Segundo resulta do “ListadoComunicacionCambioEstadoFACE” non se comunicaron correctamente 47 cambios de estado, correspondentes con 11 facturas que se atopan en estado desincronizado.

Os tempos medios de comunicación dos cambios de estado (excluíndo os 47 cambios con tempos de comunicación superior a 500 segundos) sitúanse por debaixo de 1 segundo, excepto a comunicación do cambio de restado corresponde co avance na tramitación polo servizo con tempo medio de 4,32 segundos.

Na medida do posible, recoméndase o establecemento de sistemas de seguimento/control periódicos (semanal, quincenal) que permitan comprobar o adecuado rexistro dos cambios de estado.

Respecto da denominación dos estados internos (aínda que sen repercusión e efectos prácticos) recoméndase o cambio dalgún deles co obxecto de que a nomenclatura resulte máis explícita e acorde co estado real de tramitación.

É o caso do estado interno correspondente co estado FACE “1300 – Rexistrada en RCF”, propónse a substitución de “SER Pendente de Rexistro” por “SER Pendente de tramitación servizo” ou similar. Respecto do estado FACE “2100 – Rexistrada en RCF. Recibida en destino”, propónse a substitución do estado interno “SER – Rexistrada” por “SER – tramitación Servizo” ou similar. Para o estado FACE “2400 – Contabilizada” propónse a substitución do estado “Autorización OK” por “Contabilizada a obriga de pago” ou similar.

6.5. Probas relacionadas coas obrigas dos órganos competentes en materia de contabilidade e control.



- Emisión dos informes trimestrais de morosidade e PMP.

O artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, que establece medidas para combater o atraso no pagamento nas operacións comerciais, determinou a obrigatoriedade das Corporacións locais para elaborar e enviar, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda un informe sobre o cumprimento dos prazos legalmente establecidos para o pagamento das obrigas de cada entidade.



Os estados foron remitidos pola Intervención, previa obtención dos listados polo Servizo de Novas Tecnoloxías. Os formularios foron cumprimentados e remitidos en prazo, excepto a información correspondente co terceiro trimestre.

Ejercicio: ▼

Ejercicio	Periodo	Fecha cierre periodo	Estado	Acciones
2020	Primer trimestre	30/04/2020	Firmado en plazo	 
2020	Segundo trimestre	31/07/2020	Firmado en plazo	 
2020	Tercer trimestre	26/11/2020	Firmado fuera de plazo	 
2020	Cuarto trimestre	01/02/2021	Firmado en plazo	 

Fonte: Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais. Ministerio de Facenda e Función Pública


































O período medio de pago (PMP) definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na normativa de contratación pública aplicable, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Tal e como dispón o artigo 6.2 do referido Real Decreto, as Corporacións Locais deben remitir ao Ministerio de Facenda así como publicar de maneira periódica a información relativa ao seu período medio de pago a provedores, PMP, referido ao mes inmediato anterior.

O PMP 2020 foi calculado mensualmente e comunicado en prazo ao Ministerio pola Intervención Provincial, de acordo cos datos obtidos e facilitados polo Servizo de Novas Tecnoloxías. A totalidade dos formularios mensuais foron remitidos en prazo.



Ejercicio:

Ejercicio	Periodo	Fecha cierre periodo	Estado	Acciones
2020	Enero	29/02/2020	Firmado en plazo	  
2020	Febrero	31/03/2020	Firmado en plazo	  
2020	Marzo	30/04/2020	Firmado en plazo	  
2020	Abril	01/06/2020	Firmado en plazo	  
2020	Mayo	30/06/2020	Firmado en plazo	  
2020	Junio	31/07/2020	Firmado en plazo	  
2020	Julio	31/08/2020	Firmado en plazo	  
2020	Agosto	30/09/2020	Firmado en plazo	  
2020	Octubre	30/11/2020	Firmado en plazo	  
2020	Noviembre	31/12/2020	Firmado en plazo	  
2020	Diciembre	01/02/2021	Firmado en plazo	  

Fonte: Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais. Ministerio de Facenda e Función Pública

6.6. Seguimento das facturas con máis de tres meses desde o rexistro e pendentes de recoñecemento (artigo 10 da Lei 25/2013).

Segundo o disposto no artigo 10 da Lei 25/213:

“Los órganos o unidades administrativas que tengan atribuida la función de contabilidad en las Administraciones Públicas:

- 1. Efectuarán requerimientos periódicos de actuación respecto a las facturas pendientes de reconocimiento de obligación, que serán dirigidos a los órganos competentes.*
- 2. Elaborarán un informe trimestral con la relación de las facturas con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde que fueron anotadas y no se haya efectuado el reconocimiento de la obligación por los órganos competentes. Este informe será remitido dentro de los quince días siguientes a cada trimestre natural del año al órgano de control interno”.*

No Informe de auditoría ao rexistro de facturas 2019 (emitido en abril do ano 2021) advertiuse da necesidade de reforzar o seguimento das facturas con data rexistro elevada e pendentes de recoñecemento. Na revisión realizada nese momento detectouse a existencia de moitos rexistros que arrastraban desde hai anos e que, en moitos dos casos se correspondía con facturas asociadas á certificacións que xa foran



pagadas (tramitándose a certificación), si ben a factura quedara “descolgada” pendente de enlazar coa certificación e, por conseguinte, figuraba como non pagada, aínda que realmente non se correspondese cun gasto pendente.

En aplicación das recomendacións da auditoría, desde mediados do ano 2021 asumíuse pola Técnica de xestión orzamentaria un seguimento máis exhaustivo das facturas pendentes de avance en calquera dos trámites, informando aos servizos das facturas pendentes e da necesidade de avance nos trámites correspondentes. Isto permitiu un avance destacado na xestión, cun impacto positivo nos tempos de tramitación.

No ano 2020 aínda atopamos un volume elevado de facturas pendentes de recoñecemento para as cales transcorrera máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro.

Trimestre	Nº facturas	Importe
Primeiro	16	454.902,04
Segundo	13	804.576,68
Terceiro	24	675.754,66
Cuarto	31	736.532,24

En canto a elaboración dun informe trimestral coa relación das facturas con respecto as cales transcorreran máis de tres meses desde que foron anotadas e pendentes de recoñecemento da obriga de gasto (artigo 10.2 da Lei 25/2013), cómpre sinalar que con carácter trimestral e xunto co informe de facturas pagadas e pendentes de pago, no exercicio 2019 incluíse o informe de facturas pendentes de recoñecemento respecto das cales transcorrera máis de tres meses desde a data de rexistro.

Observacións:

- *No que atinxe ao procedemento de obtención destes listados, como sinalouse no anterior informe de auditoría, o rexistro de facturas está implementado en CIVIDAS sen interacción ou interrelación co programa contable, de xeito que os listados e a información correspondente aos informes de morosidade e PMP é obtida a través de CIVIDAS, previa consulta realizada polos servizo de Novas Tecnoloxías.*

Tratándose de funcións propias da Intervención e/ou Tesoureira de carácter ordinario deben habilitarse os mecanismos correspondentes para obtención destes datos directamente pola Intervención e preferentemente, por ser esta a opción legal, do programa contable. Recoméndase revisar este procedemento na fase de implementación do novo programa contable.

- *Así mesmo, e como xa advertíuse noutros apartados deste informe recoméndase a revisión do circuíto de tramitación de certificacións e facturas asociadas ás mesmas.*

Sétima. Probas de revisión da seguridade



O documento de planificación da auditoría do rexistro contable de facturas prevé a realización dunha serie de probas:

1. *Verificación de que o sistema consta de medidas de redundancia e que se publica a dispoñibilidade horaria do sistema na sede electrónica correspondente.*
 - *Detalle das medidas de redundancia e acreditación da publicación na sede da dispoñibilidade do sistema.*
2. *Verificación do cumprimento das medidas de seguridade para protección de datos de carácter persoal.*
 - *Detalle das medidas de seguridade*
 - *Detalle das probas propostas e do resultado.*
 - *Grado de cumprimento.*
3. *Que se cumpre coa política de seguridade do organismo que teña atribuída a función de contabilidade, e que a acreditación de usuarios cumpre cos seus procedementos establecidos, tendo acceso en cada caso só ás facturas que teñan necesidade de coñecer.*
 - *Permisos aplicados (definición dos diferentes tipos de permiso e das facultades de acceso, consulta e/ou modificación de datos correspondente a cada un destes perfís.*
 - *Identificación das persoas que xestiona os permisos.*
 - *Trámites que se seguen para a solicitude e modificación dos permisos.*
 - *Identificación dos usuarios (posto e servizo) con acceso as facturas e tipo de permiso (facultades).*
4. *Que os sistemas de xestión do RCF axústense ao establecido no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.*
 - *Determinación do nivel de seguridade correspondente ao sistema.*
 - *Informe detallado do grado de cumprimento.*

Estas probas non se realizaron sinalándose no Informe do servizo de NNTT que está pendente a “categorización do sistema de información, de acordo co proposto no Anexo I do ENS, a partir do cal determinarase a necesidade de realización dunha auditoría externa ou unha auto avaliación”.

A falta de realización destas probas supón una limitación ao alcance e imposibilidade de emitir opinión respecto ao cumprimento da normativa en materia de seguridade.

RESULTADOS DA AUDITORÍA, RECOMENDACIÓNS E TRAMITACIÓN.

- Resultados da auditoría.

Como resultado da auditoría realizada, e no mesmo sentido do Informe de auditoría do rexistro de facturas 2019, advírtese da falta de disposición dun rexistro de facturas integrado ou interrelacionado coa contabilidade. O rexistro de facturas desenvólvese no xestor de expedientes sen integrarse ou interrelacionarse co programa contable.

Deste xeito os datos do rexistro non resultan accesibles desde a contabilidade e moitas das consultas e obtención de información ou listados para elaboración dos informes de seguimento non poder ser obtidos directamente pola Intervención, precisando da asistencia e remisión dos listados polo servizo de Novas Tecnoloxías.



Así mesmo, destacamos como limitación ao alcance de especial relevancia, a falta de categorización do sistema no ENS ou verificación con medios propios ou externos do cumprimento das esixencias legais en materia de seguridade, o que imposibilita a emisión de opinión por esta informante respecto da seguridade do sistema.

No que atinxe ás probas practicadas, concluímos o seguinte:

- 1. Sobre o cumprimento do artigo 4 da Lei 25/2013 e a aplicación dos criterios desenvolvidos na circular 1/2015, de 19 de xaneiro, da IGAE, sobre obrigatoriedade da factura electrónica a partir do 15 de xaneiro de 2015, e Bases de Execución do Orzamento Provincial 2020, a tenor das probas practicadas, referidas no punto 4.1 púidose comprobar que o número de incumprimentos desta normativa de obrigatoriedade de facturación electrónica foi moi reducido.*
- 2. Respecto das facturas en soporte papel, cómpre referir que a supresión - na regulación en bases de execución - da exención da obriga de facturación electrónica por razón da contía, permitiu reducir de xeito destacado a facturación nese soporte. Considerando os maiores tempos de tramitación asociados á facturación en papel así como o incremento da marxe de error, valórase positivamente esta medida. Así mesmo, advírtese da existencia de facturas que incumpren a obriga de facturación electrónica, así como de supostos de incumprimento parcial respecto da información requirida no artigo 5.3. da Orde HAP/492/2014, pola existencia de facturas en papel rexistradas e tramitadas nas que non constan todos os campos.*
- 3. No que atinxe as facturas do programa PONTEGAL, presentadas de xeito directo a través da sede, advírtese da existencia de erros na cumprimentación dos campos que non foron detectados polo servizo xestor.*
- 4. Sobre o cumprimento dos apartados 1 e 2 do artigo 9 da Lei 25/2013, persiste a obriga de comunicación da falta de información ao PXEF e do identificador da factura no RCF. Non en tanto, esta situación, advertida na auditoría do rexistro de facturas 2019 foi solventada no ano 2021.*
- 5. Sobre a emisión dos informes dos artigos 10 da Lei 25/2013, púidose comprobar que se cumpre coa emisión dos citados informes. Aínda que o volume e importe de facturas que figuraban nos estados como pendentes de recoñecemento é importante, no ano 2021 traballouse na depuración destes listados, tratándose en moitos dos casos, de facturas correspondentes con certificacións de obra que xa foran pagadas. Actualmente co obxecto de evitar este tipo de situacións, así como evitar a paralización ou abandono de facturas pendentes de recoñecemento e/ou pago se realiza un seguimento das facturas pendentes pola Técnica de Xestión Orzamentaria.*

Recomendacións:

- Como resultado da auditoría realizada e sen prexuízo de melloras e adaptacións no rexistro de facturas, a recomendación principal directamente correspondente coa salvidade referida no apartado anterior é a implementación dun rexistro de facturas “integrado” ou “interrelacionado” coa contabilidade (artigo 8 da lei 25/2013).*



- *Todas as facturas deben tramitarse polo RCF e deben excluírse documentos como liquidacións tributarias e certificacións por non ter natureza de factura. Isto sen prexuízo da necesidade dun tratamento diferenciado para as certificacións a efectos de enlace coa factura para cálculo do PMP e informe de morosidade e implementación de circuítos diferenciados para facturas que non conleven pagos (ACF e pagos a xustificar).*
- *Deben adoptarse as medidas que permitan a obtención dos datos referidos á morosidade e PMP directamente pola Intervención.*
- *Recoméndase que os cambios referidos nos catro apartados anteriores se aborden coa implementación do cambio do sistema de xestión contable cuxa contratación atópase actualmente en tramitación.*
- *Deben establecerse mecanismos de devolución das facturas rexistradas e correspondentes a entidades adscritas e dependentes.*
- *Recoméndase a implantación de controis periódicos, por exemplo mensuais, para detectar as facturas pendentes de descarga, a correcta comunicación a FACE dos cambios de estado e solventar este tipo de incidencias en períodos máis breves.*
- *Respecto das facturas en soporte papel, considerando que o 2020 foi o primeiro ano da implantación da supresión da exención por razón da contía da obriga de facturación electrónica, recoméndase avaliar a evolución dos supostos de incumprimento en futuros exercicios co obxecto de propoñer, no seu caso, a implantación de maiores controis.*
- *No que atinxe as facturas presentadas electronicamente a través da sede por suxeitos non obrigados a facturar electronicamente, recoméndase o establecemento de controis e de ser posibles, filtros automáticos, que impidan a continuidade na tramitación para facturas sen número, numeración inválida (exemplo: 0) ou facturas con número coincidente expedidas por un mesmo provedor. Respecto ao campo serie, recoméndase que se habiliten filtros que amosen esta campo a solicitude do provedor (co obxecto de evitar a cumprimentación deste campo en supostos innecesarios).*
- *Respecto da denominación dos estados internos (aínda que sen repercusión e efectos prácticos) recoméndase o cambio dalgún deles co obxecto de que a nomenclatura resulte máis explícita e acorde co estado real de tramitación.*
- *Recoméndase a implantación dun circuítos de tramitación das solicitudes de anulación con finalización obrigada en “aceptación” ou “rexeitamento”. En ambos casos debe incorporarse ao expediente un breve informe explicativo da aceptación ou rexeitamento. Así mesmo, recoméndase o seguimento mensual do estado de aceptación das solicitudes de anulación, co obxecto de evitar a existencia de solicitudes pendentes de tramitar e/ou resolver.*
- *As probas de verificación da correcta realización das validacións, segundo recolle a Guía do Ministerio, deben incluírse e realizarse nas auditorías dos vindeiros exercicios.*
- *No que atinxe á redución dos prazos de tramitación e pago das facturas, destaca o seguimento da facturación pendente desenvolvido pola Técnica de xestión orzamentaria, si ben de implantación posterior (mediados do 2021) ao exercicio*



desta auditoría (2020), polo que a avaliación dos efectos desta medida e a formulación de recomendacións adicionais, posponse a exercicios posteriores.

- *En todo caso, e para vindeiros exercicios deberá preverse a realización dun control da seguridade, previa inclusión nunha programación anual xeral de auditoría de funcionamento e seguridade de sistemas polo Servicio de Novas Tecnoloxías desta entidade ou, no seu caso, de xeito específico a realizar con medios propios ou contratación externa, advertindo a conveniencia de abordar á maior brevidade á certificación no ENS.*

Tramitación.

Si ben os informes de auditoría están suxeitos ao principio contraditorio, en atención ao procedemento de realización das probas polo servizo de Novas Tecnoloxías, cuxos resultados reflectisen no presente Informe, e a realización da auditoría polo Intervención, en canto órgano legalmente responsable do funcionamento do rexistro, non se estima necesario o trámite de alegacións, procedéndose á emisión de informe definitivo.

Deste Informe definitivo darase traslado ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do **informe anual da Intervención relativo a auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas 2020**, en relación ó disposto no artigo 12.3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público.

11. DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN RELATIVO A AUDITORÍA DE SISTEMAS DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS 2021. (EXPTE.- 2023020842 - 2023013970).

A Intervención elaborou o informe anual de auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas 2021, asinado pola Viceinterventora, con data 13 de marzo de 2023, onde se deixa constancia do seguinte:

INFORME ANUAL DE AUDITORÍA DE SISTEMAS DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS 2021

En cumprimento do artigo 12.3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, por parte desta intervención e de acordo coas instrucións contidas na Guía para as auditorías dos Rexistros Contables de Facturas publicada pola Intervención Xeral do Estado, procédese a realizar una auditoría de sistemas para verificar o cumprimento polo rexistro contable de facturas desta entidade das condicións de funcionamento previstas na normativa sobre facturación electrónica.



NORMATIVA APLICABLE:

- *Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.*
- *Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.*
- *Orde HAP/492/2014, de 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do rexistro contable de facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013.*
- *Orde HAP/1074/2014, de 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o PGEFe.*
- *Orde HAP/1650/2015, de 31 de xullo, pola que se modifican a Orde HAP/492/2014 e a Orde HAP/1074/2014.*
- *Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*
- *Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.*
- *Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*
- *Bases de execución do Orzamento 2021.*

CONSIDERACIÓNS

Primeira. Obxectivos e alcance da auditoría.

O obxectivo principal do presente informe céntrase en verificar o grao de cumprimento polo rexistro contable de facturas das condicións de funcionamento previstas na Lei 25/2013 e a súa normativa de desenvolvemento, para iso levaranse a cabo as seguintes accións:

- *Análises dos procesos de recepción de facturas electrónicas, da súa anotación no correspondente rexistro contable de facturas e da súa correspondente tramitación en función de se son aceptadas ou rexeitadas.*
- *Análises dos tempos medios de inscrición de facturas nos rexistros contables de facturas, así como da posible retención nas distintas fases do proceso de facturas.*



- *Análises das causas e das actuacións do órgano competente en materia de contabilidade en relación coas facturas respecto dos cales transcorreran máis de tres meses desde que foron anotadas sen efectuarse o recoñecemento da obriga.*
- *Verificación da correcta implementación dos controis de xestión nas aplicacións informáticas implicadas.*
- *Revisión da xestión da seguridade en aspectos relacionados coa confidencialidade, autenticidade, integridade, trazabilidade e dispoñibilidade dos datos e servizos de xestión.*

En relación ao alcance desta auditoría, cabe destacar que se trata dunha auditoría de sistemas encamiñada exclusivamente á validación dos sistemas de información que xestionan os rexistros contables de facturas, sen existir ningunha conexión entre esta auditoría con outros posibles controis englobados en auditorías operativas que verifiquen a veracidade e consistencia de expedientes.

A auditoría realizada axustouse ao documento de “Planificación dos traballos de auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas 2020 e 2021”, elaborado pola Intervención provincial en data 5/10/2022.

No que atinxe ao ámbito temporal o presente informe cínguese ao funcionamento do rexistro contable de facturas, respecto das facturas rexistradas na anualidade 2021.

Segunda. Colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías.

O órgano de Intervención non dispón de persoal con coñecementos avanzados informáticos, de programación e tecnolóxicos, o que constitúe unha importante limitación ao alcance na realización destes traballos. A estes efectos foi necesario contar coa colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías para a realización de parte das probas obxecto da auditoría. Consta no expediente o Informe asinado polos técnicos de programación en data 13/03/2023 (en adiante, Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías [NNTT]).

Terceira. Descrición do procedemento e verificación da súa adecuación

3.1. Procedemento legal.

As facturas deben ser rexistradas pola oficina contable no RCF, asignando a cada unha un código de identificación de dita factura no referido rexistro contable, que a acompañará na súa tramitación.

As facturas, tanto electrónicas como en papel, recibidas no RCF, antes da súa distribución aos correspondentes órganos competentes para a súa tramitación, deben ser obxecto de validación. Se se detectan datos incorrectos ou que impidan a súa distribución aos devanditos órganos competentes, ou que as facturas non lle corresponden, debera ser rexeitadas e devoltas ao rexistro administrativo de procedencia con expresión da causa do devandito rexeitamento, quedando constancia no propio RCF.

A oficina contable que efectuase a anotación da factura recibida, electrónica ou en papel, no respectivo RCF a remitirá ao órgano xestor destinatario da mesma, a través



da unidade tramitadora correspondente, deixando constancia no RCF da data e hora do acuse de recibo pola unidade tramitadora, que haberá de pronunciarse sobre a conformidade ou devolución da factura recibida, do que se deixará constancia no devandito rexistro. No caso das facturas electrónicas, o RCF poñerá ao dispor das correspondentes unidades tramitadoras as facturas rexistradas, que, se dispoñen dun sistema de xestión económico-orzamentario preparado para iso, recibiran as no seu respectivo sistema utilizando os servizos que, para ese efecto, prevé o rexistro contable de facturas.

A unidade tramitadora destinataria da factura expresará a súa conformidade ou desconformidade coa mesma accedendo directamente ao rexistro contable correspondente ou a través do seu propio sistema de xestión no caso de que este último poida facer uso dos servizos provistos a tal fin polo rexistro contable de facturas.

A tramitación, en caso de conformidade, do recoñecemento da obriga polo órgano xestor e o asento en contabilidade da obrigación recoñecida e da proposta de pago identificarán as facturas obxecto da proposta a través dos correspondentes códigos de identificación asignados no RCF. A contabilización da obrigación recoñecida no sistema de información contable provocará un cambio de estado automático da factura no rexistro contable de facturas que pasará a estar en estado de obrigación recoñecida.

A anotación no sistema de información contable do pago material da correspondente operación, igualmente provocará un cambio de estado automático da factura no rexistro contable de facturas que pasará a estar en estado de paga. A oficina contable, a través do RCF, efectuará requirimentos periódicos de actuación respecto a as facturas pendentes de recoñecemento de obrigación, que serán dirixidos aos órganos xestores competentes. Do mesmo xeito, elaborará un informe trimestral coa relación das facturas con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses desde que foron anotadas e non se efectuou o recoñecemento da obrigación polos órganos competentes.

3.2. Observacións xerais en materia de procedemento.

A principal salvidade coa que nos atopamos correspóndese coa implantación do Rexistro de facturas no xestor de expedientes sen integración ou interrelación co programa contable (artigo 8.2 da Le 25/2013, artigo 4.1 Orde HAP/492/2014), de xeito que este rexistro non resulta accesible desde o programa contable.

Cuarta. Probas relacionadas coas facturas en papel

Procedeuse a verificar o cumprimento do artigo 4 da Lei 25/2013 e a aplicación dos criterios desenvolvidos na circular 1/2015, de 19 de xaneiro, da IGAE, sobre obrigatoriedade da factura electrónica a partir do 15 de xaneiro de 2015, comprobándose os seguintes extremos:

- *Que todas as facturas en papel que se rexistran no RCF gardan a información citada no artigo 5.3 da Orde HAP/492/2014.*
- *Que as facturas presentadas en papel non están a incumprir a normativa de obrigatoriedade de facturación electrónica.*



Para a comprobación de devanditos extremos realizáronse as seguintes probas:

4.1. Comprobación de que o RCF garda a información referida no artigo 5.3 da Orde HAP/492/2014.

- a) *Fecha de expedición de la factura.*
- b) *Fecha de presentación de la factura en el registro administrativo.*
- c) *Número de Identificación Fiscal o número de identificación equivalente del expedidor de la factura.*
- d) *Nombre y apellidos, razón o denominación social completa del obligado a expedir factura.*
- e) *Número de factura y, en su caso, serie.*
- f) *Importe de la operación, incluido IVA (o impuesto equivalente).*
- g) *Unidad monetaria en la que está expresado el importe, de acuerdo con la codificación ISO 4217 Alpha-3.*
- h) *Código de los órganos competentes en la tramitación de la factura así como del órgano o unidad administrativa que tenga atribuida la función de contabilidad, codificado de acuerdo con el directorio DIR3 de unidades administrativas gestionado por la Secretaría de Estado de Administraciones Públicas.*

Constan no expediente os listados de documentos rexistrados como facturas en soporte papel (ListadoFacturasPapelCIV_CONT_2021 e ListadoFacturasPapelCIV_CONT_2021_data_Coñecemento_Obriga).

*Segundo sinala o Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías, realizouse a execución da consulta 1.A do ficheiro anexo (consultasAuditoriaRCF2021.sql). “A consulta indica que existen **994** facturas en papel, tanto as recibidas en Cividas como as dadas de alta no aplicativo de contabilidade. Se non temos en conta neste listado de facturas as certificacións (408), o número sería de **586** facturas”.*

Cómpre referir que ata a data, as certificacións de obras se veñen rexistrando no RCF. Considerando que estes documentos non son propiamente facturas, débese revisar e redefinir pola Intervención o tratamento destes documentos, co obxecto de excluílos do RCF, sen prexuízo da súa necesaria interrelación co circuíto de facturas, en tanto que se trata de documentos preceptivos para o recoñecemento da obriga de gasto, así como para o cálculo do PMP e informes de morosidade.

Outros documentos que se veñen rexistrando como facturas son os correspondentes ás liquidacións tributarias. Estes documentos tampouco teñen dita natureza, aínda que por simplificación procedimental se veñen rexistrando e tramitando como factura, deben se obxecto dun rexistro adecuado, polo que advírtese igualmente da necesidade de revisión dos procedementos, de xeito que as liquidacións tributarias (impostos e taxas) se rexistren no rexistro ordinario (excluídas pois do RCF) sen prexuízo do deseño e implementación dun procedemento ou circuíto similar ao previsto para a tramitación dos documentos factura (coa particularidade da súa exclusión a efectos de cálculo do PMP e informes de morosidade).



Actualmente está en tramitación o expediente para adxudicación do novo sistema de xestión da contabilidade provincial, polo que recoméndase abordar o estudo destas modificacións no proceso de implementación e integración co xestor de expedientes, especialmente oportuno para abordar a revisión de circuitos e procedementos.

Respecto da información requirida no artigo 5.2 da Orde HAP/492/2014, de acordo cos datos dos documentos ListadoFacturasPapelCIV_CONT_2021 e ListadoFacturasPapelCIV_CONT_2021_data_Coñecemento_Obriga, detéctanse os seguintes incumprimentos:

- 231 dos documentos rexistrados non recollen o código DIR3.
- Unha (1) factura rexistra a data de expedición da factura con ano inválido.

PROCEDURECO DE	REXISTRO	REGISTRYCO DE	FECHAEXPEDICIONFACTURA	FECHAPRESENTACIONFACTURA	NUMEROIDENTIFICACIONFISCAL	NOMBREAPELLIDOS	NUMEROSERIE	NUMEROFACTURA	IMPORTETOTALFACTURA
2021008393	2021008393	2021004460	2/24/2020	2/24/2021 9:52 AM	P3800000H	DEPUTACION DE PONTEVEDRA		20213936028RL02R000004	248.08

- Tan só 4 facturas rexistran o número de serie. Unha delas en formato claramente inválido, entendéndose innecesario nas outras 3.

REXISTRO	REGISTRYCODE	FECHAEXPEDICIONFACTURA	FECHAPRESENTACIONFACTURA	NUMEROIDENTIFICACIONFISCAL	NOMBREAPELLIDOS	NUMEROSERIE	NUMEROFACTURA
2021038355	WEB2021029589	7/22/2021	7/22/2021 3:54 AM	H36130920	COMUNIDAD PROPIETARIOS EDIFICIO ALAMEDA	120.20	7/2021/JULIO
2021039832	2021018337	7/26/2021	7/30/2021 11:47 AM	35289548W	ESTHER FERNANDEZ PEREZ	2021	1
2021049266	2021022834	10/1/2021	10/1/2021 10:08 AM	36075007J	CRISTINA ROLLAN SALGADO	A	35
2021053391	2021024874	10/22/2021	10/25/2021 12:56 PM	33224010G	RAMON FABREGAS VALCARCE	2021	2
2021053392	2021024872	10/22/2021	10/25/2021 12:55 PM	33224010G	RAMON FABREGAS VALCARCE	2021	01

Así mesmo, apuntamos que 9 dos documentos rexistrados (5 facturas e 3 liquidacións tributarias) carecen do rexistro de campos de código de procedemento e de rexistro, así como do código do centro xestor.

PROCEDURECO DE	REXISTRO	REGISTRYCODE	FECHAEXPEDICIONFACTURA	FECHAPRESENTACIONFACTURA	NUMEROIDENTIFICACIONFISCAL	NOMBREAPELLIDOS	NUMEROSERIE	NUMEROFACTURA	IMPORTETOTALFACTURA	MOINED	CODIGO DIR	SERVICIUINICOD	DOSSIERSTATYPECOD	ESCERTIFICACION	DATA FASE
	202100031		2/8/2021	2/10/2021	U27858653	ACEINSA MOVILIDAD SA Y CIVISGLOBAL SLU UTE CONSERVACION CENT	0033.	404.51	€				PAG	0	3/8/2021
	202100055		3/19/2021	3/19/2021	B15947088	MEDANCLI SL	00069	30133,15	€				PAG	0	3/30/2021
	202100066		2/9/2021	4/6/2021	U27858661	UTE AUDECA SLU NAROM SL	1742103	26700,01	€				PAG	0	4/12/2021
	202100090		4/16/2021	4/19/2021	B36052876	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	117	33053,34	€				PAG	0	5/19/2021
	202100105		4/19/2021	4/20/2021	B32021487	OBRA Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	2021A847BIS	7449,24	€				PAG	0	6/1/2021
	202100440		12/22/2021	12/22/2021	S1511001H	XUNTA DE GALICIA	A111639844	165,76	€				PAG	0	12/31/2021
	202100441		12/22/2021	12/22/2021	S1511001H	XUNTA DE GALICIA	A111639826	224,64	€				PAG	0	12/31/2021
	202100442		12/22/2021	12/22/2021	S1511001H	XUNTA DE GALICIA	A111639835	224,64	€				PAG	0	12/31/2021
	202100443		3/29/2021	3/29/2021	S1511001H	XUNTA DE GALICIA	731200232053	23,4	€				PAG	0	12/31/2021

Do exame deste ficheiro, resulta a existencia de un número elevado de documentos rexistrados sen identificación do código DIR3, polo que recoméndase a implantación de filtros ou controis que impidan continuar a tramitación ou alerten desta circunstancia.



Respecto do campo serie, recoméndase que non se habilite como campo de cumprimentación obrigatoria, e que estea dispoñible unicamente a petición da persoa que complete o rexistro, para evitar erros neste campo.

4.2. Comprobación de que as facturas en papel non incumpren a obriga de facturación electrónica.

De acordo co disposto no artigo 4 da Lei 25/2013 e Bases de execución do orzamento 2021, os suxeitos referidos en dito precepto están obrigados a facturar electrónicamente, sen que resulte de aplicación nesta entidade (desde o a no 2020) a exención desta obriga por razón da contía.

Do listado de facturas en formato papel, excluímos os suxeitos non obrigados á facturación electrónica, así como outros documentos que aínda que rexistrados como facturas non teñen dita natureza, como son as certificacións (campo “escertificacion” = “0”), liquidacións tributarias e cotas das comunidades de propietarios, do que resulta un total de 10 facturas en situación de incumprimento. O número de facturas en situación de incumprimento redúcese notablemente respecto ao ano anterior (182). Do total de facturas en situación de incumprimento, 3 se corresponden con entidades estranxeiras. Aínda que se trata de entidades obrigadas á facturación electrónica, considerando o importe das facturas (inferiores a 2.300 euros), e a dificultade de garantir o cumprimento desta obriga por parte de entidades estranxeiras, de facturación puntual e non recorrente, non se considera un incumprimento substancial.

Destacamos que 4 das facturas en situación de incumprimento superan o importe de 5.000 euros.

Considerando a mellora neste punto respecto da auditoría do rexistro de facturas do ano anterior, non se propón a adopción de maiores controis ou filtros de tramitación, sen prexuízo do seguimento e análise en exercicios posteriores.

Quinta. Probas relacionadas coas facturas presentadas electronicamente.

5.1. Verificación da concidencia das facturas rexistradas en CIVIDAS e FACE.

Procedeuse a verificar o cumprimento dos artigos 9.1 e 9.2 da Lei 25/2013, comprobándose que todas as facturas remitidas polos Puntos de entrada de facturas electrónicas, PXEFe, son postas a disposición ou remitidas automaticamente ao RCF, que á súa vez, ao recibila, anótaa, xerando un código de identificación de dita factura que é comunicado inmediatamente aos PXEFe. Doutra banda, tal e como recolle o artigo 7 da Lei 25/2013 procedeuse a constatar que o órgano administrativo destinatario da factura debe ser responsable do seu arquivo e custodia, aínda que pode optar por utilizar ao PXEFe como medio de arquivo e custodia.

Polo Servizo de Novas Tecnoloxías realizouse a “Verificación da coincidencia das facturas rexistradas en CIVIDAS e FACE, de acordo coas seguintes probas:



3. *Reconto das facturas rexistradas no RCF (excluídas en papel) e facturas rexistradas en FACE.*

- a. *O ficheiro solicitado a face (LibroFace_Facturas_2021.xlsx) indica que se presentaron 12427 con destino a oficina contable LA0006135. A execución da consulta 2.A indica que se descargaron as 12427 facturas electrónicas presentadas en FACE (ListadoFacturasFAceCruceDatos.xlsx), unha delas, a que ten código de rexistro en F@ce REGAGE21e00027125203, descargouse dúas veces (debido a un problema de comunicación con F@ce á hora de comunicar a descarga), dando lugar os expedientes 2021065743 e 2021065744. Compróbase que o expediente 2021065744 atópase anulado (por ser factura duplicada), e o expediente 2021065743 se atopa pagado.*

4. *Cruce por NIF e número de Facturas*

- a. *O cruce realizase por número de rexistro de face (mais fidedigno), dado que este código se consolida en base de datos no momento en que se confirma a descarga da factura de F@CE, isto fai que sexa o mellor indicador para vincular o rexistro da factura en F@ce co rexistro da factura no RCF. Realizado dito cruce, obsérvase que das 12427 facturas presentadas en F@ce se rexistraron todas no RCF. Usamos o mesmo listado ListadoFacturasDescargadasFACE_RCF_2021.xlsx para comprobar este punto.”*

Cómpre sinalar que como advertiuse na auditoría do rexistro de facturas do ano 2020, novamente atopamos que as facturas correspondentes con entidades adscritas e dependentes (Consortio Provincial e Escola de Enfermería) non dispoñen do seu rexistro contable, con entrada no RCF da Deputación, cuestión que debe ser solventada no futuro.

5.2. Comprobación de que o RCF garda a información referida no artigo 5.3 da Orde HAP/492/2014.

Polo Servizo de Novas Tecnoloxías realizáronse as seguintes probas:

2. *“Verificación dos campos completos respecto da totalidade de facturas correspondentes co listado do RCF.*
a. *Executando a consulta 2.B, obsérvase que todas as facturas teñen os campos requiridos.”*

5.6. Verificación da asignación dun código de identificación de factura.

Polo Servizo de Novas Tecnoloxías realizáronse as seguintes probas:

2. *“Todas as facturas do listado do RCF teñen asignado un código de identificación de factura.*
a. *No listado ListadoFacturasDescargadasFACE_RCF_2021.xlsx, que indica a vinculación das facturas de F@ce coas descargadas no RCF, se pode apreciar que todas teñen un número (número de rexistro) identificador da factura no RCF.*



- b. Cabe destacar neste apartado o listado *ListadoFacturasPontegal_2020_informacion_fase_O_2021.xlsx* (contén información da data de recoñecemento da obriga), que indica as facturas do procedemento Pontegal do ano 2021, no que se aprecia que temos 732 facturas que son tramitadas como se de electrónicas se tratasen, pero sen facer ningún tipo de notificación de cambio de estado a F@ce. Todas estas facturas se atopan pagadas.

Xunto coas facturas en soporte papel e as facturas electrónicas, atopamos unha terceira categoría correspondente coas facturas “dixitais” que non se presentan a través do PXEFe e que, por conseguinte, non poden ser consideradas como “facturas electrónicas” stricto sensu. Se trata das facturas correspondentes co programa cultural de xestión provincial PONTEGAL; estas facturas presentadas dixitalmente pola sede, se rexistran directamente no RCF, sen presentarse polo PXEFe nin comunicar ningún cambio de estado a FACE. Se trata dunha situación de carácter excepcional, cuxa práctica vén xustificada pola dificultade dos participantes no programa Pontegal, de presentación electrónica das facturas, de xeito que se facilita por Deputación un aplicativo para preparación de facturas e presentación por sede.

Se trata de facturas expedidas por persoas físicas e maiormente asociacións, sendo, polo tanto suxeitos con obriga de relacionarse electronicamente coa administración (no caso das asociacións) si ben exentas da obriga de facturación electrónica, de xeito que sería admisible a presentación da factura en formato dixital ao marxe das esixencias previstas para a facturación electrónica.

Respecto destas facturas (Pontegal) se advirte da numeración incorrecta en algúns supostos con número de factura coincidente para os mesmos provedores, que presumiblemente obedece a un rexistro incorrecto dos campos de número e serie. Ditas facturas deberon ser rexeitadas en tramitación polo servizo por erro na numeración. Recoméndase establecer mecanismos de control para que se alerte ou impida este tipo de rexistros.

PROCEDURECO DE	FECHAEXPEDICIONFACTURA	FECHAPRESENTACIONFACTURA	NUMEROIDENTIFICACIONFISCAL	NOMBREAPELLIDOS	NUMEROSERIE	NUMEROFACTURA	IMPORTETOTALFACTURA
2021061223	29/11/2021	29/11/2021	77012476N	ANA MARGARIDA RODRIGUEZ DA COSTA	71	00	210
2021059545	23/11/2021	23/11/2021	77012476N	ANA MARGARIDA RODRIGUEZ DA COSTA	69	00	210
2021040816	06/08/2021	09/08/2021	77012476N	ANA MARGARIDA RODRIGUEZ DA COSTA	40	00	197,85
2021062227	01/12/2021	01/12/2021	77012476N	ANA MARGARIDA RODRIGUEZ DA COSTA	78	00	210
2021030379	27/05/2021	31/05/2021	G36622629	AGRUPACION MUSICAL DE VINCICIOS	21	01	600
2021003177	20/12/2020	20/01/2021	G36622629	AGRUPACION MUSICAL DE VINCICIOS	20	01	600

